



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

# **DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA**

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN  
PROVINCIAL en PLENO o 26 de marzo de 2021

## **ÍNDICE DE ASUNTOS TRATADOS**

<u>Declaración institucional relativa aos abusos bancarios.....</u>	<u>7</u>
<u>Declaración institucional de apoio á convocatoria de mobilización do persoal de Alu Ibérica.....</u>	<u>7</u>
<u>Declaración institucional sobre o transporte público por estrada. ....</u>	<u>8</u>

## **ORDE DO DÍA**

### **Información e actas**

<u>1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 2/2021, do 26 de febreiro.....</u>	<u>8</u>
<u>2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia do 20 de febreiro de 2021 ata o 19 de marzo de 2021 .....</u>	<u>8</u>
<u>3. Proposición da Presidencia sobre nomeamento de representante da Deputación en organismo externo. ....</u>	<u>9</u>

### **Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística**

<u>4. Aprobación da prórroga do Convenio de colaboración co Concello de Ferrol para Mantemento xeral da casa de acollida, anualidade 2021, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM).....</u>	<u>10</u>
---	-----------

### **Comisión de Benestar Social e Educación**

<u>5. Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Consorcio As Mariñas para cofinanciar o Mantemento do Servizo de Asesoría Xurídica social especializada no ano 2021 e do correspondente convenio de colaboración. ....</u>	<u>12</u>
<u>6. Aprobación do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o sostemento do Museo-Colección Fernando Blanco no ano 2020. ....</u>	<u>20</u>
<u>7. Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2021 para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios.....</u>	<u>28</u>

### **Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios**

8. Aprobación da subvención nominativa co Concello de Malpica de Bergantiños para financiar o proxecto "Mostra de Oleria de Buño 2020" ..... 43

### **Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais**

9. Desestimación das alegacións formuladas por D. Javier Pérez Patiño en relación coa expropiación e execución das obras incluídas no Proxecto MELLORA DE SEGURIDADE VIAL NA DP 1704 CAMBRE A CARRAL PQ 0+580 A 1+070 (CAMBRE) incluído no Plan de Vías Provinciais 2020,4ª Fase, aprobado tecnicamente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 30 de decembro de 2020..... 51

10. Aprobación técnica da quinta fase do Plan de Inversións en Vías Provinciais 2020..... 51

11. Aprobación técnica do Plan de Inversións Vías Provinciais 2021, primeira fase..... 52

### **Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento**

12. Aprobación dun convenio de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Fundación Meniños para a cesión de uso dun local no edificio da Milagrosa ..... 53

13. Aprobación dun convenio de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Confederación Galega de Persoas Con Discapacidade (COGAMI) para a cesión de uso dun local no edificio da Milagrosa ..... 58

14. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carnota polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Mellora ambiental no Campo de Fútbol de Lariño..... 63

15. Aprobación da rectificación do inventario de bens da Deputación Provincial da Coruña. Ano 2020 ..... 72

### **Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural**

16. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Ampliación do local social de San Mateo", do Concello de Narón, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 2/2020, para o financiamento de gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, co código 2020.2102.0357.0, levantamento da condición á que quedou sometida e aprobación definitiva desta obra. .... 75

17. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ensanche e mellora de viario existente nos lugares de Trasdoanes e Laranga", do Concello de Porto do Son, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de

competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 co código 2020.2100.0052.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento..... 77

18. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Reforma e adecuación do centro municipal de formación ocupacional de Osedo", do Concello de Sada, incluída na 2ª e derradeira Fase do POS+ADICIONAL 1/2017 por maior achega provincial, co código 2017.2001.0772.0..... 79

### **Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior**

19. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes febreiro de 2021 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 28 de febreiro de 2021.....81

20. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 2/2021 de aprobación polo Pleno.....82

21. Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo 2022-2024.....84

22. Dación de conta do informe de intervención sobre a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2020. ....84

23. Dación de conta do Informe da fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación provincial e doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2019..... 84

24. Dación de conta do informe-resumo emitido polo órgano interventor ao abeiro do disposto no artigo 37 do Regulamento do réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local. .... 85

25. Aprobación da aceptación da delegación de competencias tributarias do Concello de Mesía..... 85

### **Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible**

26. Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de ABEGONDO para levar a cabo as obras dos proxectos construtivos "SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE", tramos 1, 2 e conexión con Carral. .... 86

27. Aprobación dun Convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de BETANZOS para levar a cabo as obras do proxecto construtivo "SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1"..... 91

28. Aprobación da proposta da Presidencia ao pleno provincial sobre a adhesión ao compromiso SLOWLIGHT..... 96

<u>29. Aprobación dun Convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de BERGONDO para levar a cabo as obras do proxecto construtivo "SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1".....</u>	<b><u>101</u></b>
<u>30. Aprobación dun Convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de CARRAL para levar a cabo as obras dos proxectos construtivos "SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE", tramos 1, 2 e conexión con Carral. ....</u>	<b><u>106</u></b>
<u>31. Aprobación da proposta da Presidencia ao Pleno Provincial sobre as recomendacións da Xornada Nacional Técnica de Deputacións provinciais respecto ao uso dos Fondos Europeos Post 2020 para combater o reto demográfico.....</u>	<b><u>111</u></b>

## **MOCIÓNS**

<u>1.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, en apoio da transferencia á Xunta de Galicia da xestión do dominio público marítimo terrestre.....</u>	<b><u>122</u></b>
<u>2.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre fondos europeos. ....</u>	<b><u>133</u></b>
<u>3.Moción que presenta o grupo provincial de Alternativa dos Veciños sobre a seguridade viaria na estrada provincial da Deputación da Coruña DP-5810 Rúa Casares Quiroga .....</u>	<b><u>144</u></b>

## **FÓRA DA ORDE DO DÍA**

<u>I.Moción presentada polo grupo provincial do PSdG-PSOE sobre a Lei de igualdade de trato e non discriminación.....</u>	<b><u>145</u></b>
---	-------------------

<b><u>ROGOS E PREGUNTAS.....</u></b>	<b><u>153</u></b>
--------------------------------------	-------------------

**Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL en Pleno o 26 de marzo de 2021.**

De forma telemática, consonte ao disposto na Resolución da Presidencia 2486/2021, de 27 de xaneiro, o día 26 de marzo de 2021, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

**Preside:** don Valentín González Formoso, Presidente da Corporación Provincial

**Deputados/as**

**Asistentes:**

Dona Martina Aneiros Barros	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Manuel María Durán Guillán	PP
Don Antonio Fernández Angueira	PP
Don José Luis Fernández Mouriño	PP
Dona Rosa M <sup>a</sup> Gallego Neira	PP
Dona Dalia García Couso	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Don José Pablo González Cacheiro	PP
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María Beatriz Molinos Vidal	PP
Don José Muiño Domínguez	PP
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP

**Excusado:**

Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
--------------------------------	------

O Sr. Fernández Angueira incóporase comezada a sesión, no punto número catorce.

**Actúa como secretario:** don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:09 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Empezamos coas declaracións institucionais presentadas. A primeira, sobre os abusos bancarios.

Sr. Secretario

Grazas, señor presidente

### **Declaración institucional relativa aos abusos bancarios**

Os portavoces dos grupos provinciais desta Deputación acordan:

1.- Instar ao goberno central a desenvolver as mudanzas oportunas no ámbito da regulación do sector bancario para poñer freo ás consecuencias do aumento da concentración bancaria, do incumprimento das normas de competencia e do agravamento da exclusión financeira, concretamente para dar resposta á escalada de abusos bancarios en materia de restricción de servizos, pacto de horarios para limitar os servizos de caixa, incremento de comisións e reducións drásticas de de oficinas e persoal.

2,. Instar a Xunta de Galiza a desenvolver as súas competencias exclusivas en materia de consumo impulsando, ao abeiro do Instituto Galego de Consumo e da Competencias campañas colectivas de reclamacións bancarias, información ás persoas consumidoras e estudos propios sobre a vulneración dos seus dereitos.

3. Expresar o apoio da Corporación Provincial ás xustas reivindicacións das traballadoras e traballadores da banca en defensa dos postos de traballo e do mantemento dos servizos financeiros básicos no territorio galego e dirixirse ás entidades bancarias do concello para demandar o mantemento dos servizos.

Sr. Presidente

Seguinte declaración, sobre o apoio ás mobilizacións presentadas por Alu Ibérica.

Sr. Secretario

### **Declaración institucional de apoio á convocatoria de mobilización do persoal de Alu ibérica**

A cinco meses do remate do prazo establecido nas condicións da venda da fábrica e de mantemento do emprego derivado da operación da venda por Alcoa, existe un risco clarísimo de desmantelamento e desaparición da fábrica, coa agravante de atoparnos nun contexto de crisis económica, derivada da crise sanitaria por mor da pandemia.

É polo que chamamos a protexer ás persoas que loitan para salvar a industria, particularmente a fabricación de aluminio, un sector que debería ser declarado estratéxico para a economía e así ser defendido e protexido como tal.

Polo exposto, a Corporación da Deputación Provincial de A Coruña expresa todo o seu apoio á manifestación convocada para o vindeiro sábado, 27 de marzo e con saída ás 12h diante da Delegación de Goberno en Galicia, baixo o lema "EN ALU IBÉRICA, NA DEFENSA DO EMPREGO, POR UN FUTURO INDUSTRIAL E CONTRA A REPRESIÓN SINDICAL".

Sr. Presidente

E a terceira, sobre a defensa do transporte público por estrada.

Sr. Secretario

### **Declaración Institucional sobre o transporte público por estrada**

O transporte público por estrada é o que se pode utilizar desde a comarca de Ferrol as persoas que se desprazan a Coruña para traballar ou estudar xa que o servizo de tren non cubre esta necesidade.

Tendo en conta estas circunstancias os grupos provinciais da Deputación da Coruña instamos á Consellería de Infraestruturas e mobilidade da Xunta de Galicia a que priorice, na medida do posíbel, os servizos directos entre A Coruña e Ferrol das 06:30 e 07:30, así como os servizos directos entre A Coruña e Ferrol das 14:30 ( que agora vai por A Zapateira) e o das 15:30 ( agora por estrada); que reforce, se for posíbel, o servizo de traballadoras e traballadores (principalmente funcionariado) cos dous traxectos na cidade da Coruña, cun bus que chega a Riazor e outro a Salesianos e cos dous traxectos de regreso, un polas Pías e outro por Neda. Nesta liña, tamén lle solicitamos que se faga cos servizos de transporte universitario e , na medida do posíbel, que se faga tamén ese reforzo nas diversas comarcas da provincia da Coruña.

### **1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 2/2021, do 26 de febreiro**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 2/2021, do 26 de febreiro

### **2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia do 20 de febreiro de 2021**



**ata o 19 de marzo de 2021**

Dáse conta das Resolucións da Presidencia do 20 de febreiro de 2021 ata o 19 de marzo de 2021

**3.- Proposición da Presidencia sobre nomeamento de representante da Deputación en organismo externo.**

Procédese a votar a ratificación da inclusión na orde do día:

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Seguidamente, procede a votarse a proposición da Presidencia:

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Don Valentín GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 35 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a competencia para o nomeamento de representantes da Corporación en toda clase de órganos colexiados nos que deba estar representada, sen prexuízo da atribución xeral de representar á Deputación, conferida ao Presidente pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL, art. 34.1.b) e das delegacións específicas da Presidencia que circunstancialmente puideran facerse,

Resultando que o concello da Coruña solicita a designación dun representante da Deputación para formar parte do Consello Municipal do Deporte, consonte ás normas de funcionamento dese consello, publicadas no B.O.P. da Coruña, núm. 22, do día 3 de febreiro de 2021,

En consecuencia,

PROPOÑO AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

"1º Nomear á deputada dona Cristina Capelán Cancelo, como representante da Deputación Provincial da Coruña no Consello Municipal do Deporte da Coruña, consonte ás normas de funcionamento dese consello, publicadas no B.O.P. da Coruña, núm. 22, do día 3 de febreiro de 2021.

A persoa designada informará sobre o funcionamento do órgano no que participa en representación da deputación, así como sobre a súa propia actividade no seo do mesmo, sempre que sexa requirida polo Pleno, polo Presidente ou pola Xunta de Goberno e periodicamente nos termos que estableza o regulamento orgánico".

**4.- Aprobación da prórroga do Convenio de colaboración co Concello de Ferrol para Mantemento xeral da casa de acollida, anualidade 2021, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM)**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a prórroga do Convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol, para financiar o *Mantemento xeral na casa de acollida, anualidade 2021, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación de A Coruña (PRAM)*, de acordo co texto que se achega.

2.- Aprobar a aportación da Deputación da Coruña, por importe de **100.891,64 €**, que representa unha porcentaxe do 26,43 % do total do gasto previsto que é de 381.730,97 €.

**Acordo de prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o *Mantemento xeral da casa de acollida, anualidade 2021, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de***

## **violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM).**

Na Coruña, o \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de \_\_\_\_ na sede da Deputación Provincial da Coruña

### **REUNIDOS**

D/Dna. \_\_\_\_\_ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. \_\_\_\_\_ en nome e representación do Concello de Ferrol.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

### **MANIFESTAN**

Que a Deputación Provincial da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 de 16 de marzo. polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, no art. 62º establece que “Os concellos poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente” e no art. 63º que “As deputacións provinciais, de conformidade co establecido na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais...”. Estes servizos sociais comunitarios regúlanse nos art. 9º e seguintes da devandita lei.

Que o Concello de Ferrol, CIF P1503700E, no ámbito das súas competencias, ten unha *casa de acollida* para mulleres en situación de violencia de xénero, regulada baixo a Orde do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, que no seu conxunto configuran a Rede Galega de Acollemento, como recursos especializados residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren dun espazo de atención e protección debido a situación de indefensión ou risco debido a situación de violencia de xénero.

A *casa de acollida* do Concello de Ferrol forma parte da Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero, segundo o Título III, artigo 48 da Lei 11/2007,

onde recóllese a organización do sistema de protección e asistencia integral especializada fronte á violencia de xénero no que fai referencia a Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero. No art. 48.1 establece que "Os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero".

Con este obxecto asinouse un convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol o día 18 de setembro de 2020, formalizándose en documento administrativo 56/2020.

A cláusula XIV do dito convenio establece no seu apartado 1 unha vixencia ata o 31 de maio de 2021 e no apartado 2 que *poderá ser prorrogado anualmente **ata un máximo de 4 anos**, por acordo expreso entre as partes, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio, logo da solicitude previa do concello de Ferrol realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia.*

Con data do 01 de outubro de 2020 o Concello de Ferrol solicita a prórroga do convenio para o ano 2021.

Dado o interese coincidente da Deputación Provincial da Coruña e do Concello de Ferrol ambas as dúas partes acordan formalizar a presente prórroga do convenio de colaboración conforme ás seguintes

#### **CLÁUSULAS**

**Primeiro.-** Prorrogar o convenio de colaboración asinado o 18 de setembro de 2020, por un ano, e con efectos desde o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro do mesmo ano, nos termos e co alcance que figura no seu clausulado.

**Segundo.-** A achega da deputación da Coruña prevista na prórroga do convenio de colaboración para o ano 2021 é de 100.891,64 €, o que representa unha porcentaxe de 26,43 % do total do orzamento previsto que é de 381.730,97 €. Este gasto financiarase con cargo á partida orzamentaria 0611/23122/46201.

**Terceiro.-** Este acordo de prórroga entenderase condicionado á existencia de crédito orzamentario suficiente nos devanditos orzamentos xerais.

Faise constar que a presente prórroga do convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

**5.- Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Consorcio As Mariñas para cofinanciar o Mantemento do Servizo de Asesoría Xurídica social especializada no ano 2021 e do correspondente convenio de colaboración.**

## INTERVENCIONS

### Sr. García Seoane

Ben, eu na Comisión abstívenme pendente de que se aclarara se ía ser a contratación do persoal por concorrencia competitiva. Se é si, voto a favor; se non, voto en contra. Non sei como vén a proposta.

### Sra. Lamas Villar

Si, vale, pois vamos ver, tal e como, Sr. García Seoane, creo que despois da consulta que fixeches na Comisión, dende o servizo che remitiron o procedemento, ben, que nós consultamos, que as persoas que prestan este servizo están por un contrato de obra, un servizo asociado ao convenio da Deputación, e foron seleccionados a través dunha convocatoria que saíu publicada no Boletín Oficial da Provincia. Entendía que con isto estaba contestada a túa consulta.

### Sr. García Seoane

Non, eu vou votar en contra.

## VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE e 4 do BNG).

Votan en contra: 1 deputado/a (Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 1 deputado/a (Marea Atlántica).

## ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE e BNG, a abstención de Marea Atlántica e o voto en contra de Alternativa dos Veciños, acorda:

**1.-** Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 60.000,00 €, ao Consorcio As Mariñas para cofinanciar o Mantemento do Servizo de Asesoría Xurídica social especializada no ano 2021, cun orzamento subvencionado de 81.582,72 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

**2.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 8 de febreiro de 2021.

**3.-** Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2022, autorice o correspondente Orzamento.

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio As Mariñas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *Mantemento do Servizo de asesoría xurídica social especializada no ano 2021.***

Na Coruña, a

### REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Consorcio As Mariñas.

### EXPOÑEN

Que a Excm. Deputación Provincial é competente para proporcionar apoio técnico económico e xurídico aos concellos na execución das súas competencias en servizos sociais, e o fomento da prestación unificada destes ao amparo do disposto na Lei de Bases de réxime Local, 7/85, art. 36, na Lei de Administración Local de Galicia 5/97 arts 109 a 119, así como na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008 , art 63 a cal establece que as deputacións proporcionaranlles asistencia aos concellos, especialmente para a prestación de servizos sociais

Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

### CLÁUSULAS

#### I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Consorcio As Mariñas**, con CIF: P1500011J, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Mantemento do Servizo de asesoría xurídica social especializada no ano 2021.*

#### II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Consorcio As Mariñas.

O Consorcio as Mariñas desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

DATOS POSTO	CUSTOS SALARIAIS				TOTAIS	
NOME DO POSTO	SALARIO BASE	PAGA EXTRA	BRUTO MENSUAL	COTA PATRONAL	GASTO TOTAL MES	GASTO TOTAL ANUAL
ASESOR/A XURIDICO/A	1.621,77 €	270,30 €	1.892,07 €	619,65 €	2.511,72 €	30.140,64 €
ASESOR/A XURIDICO/A	1.621,77 €	270,30 €	1.892,07 €	619,65 €	2.511,72 €	30.140,64 €
AUXILIAR ADMTVO./A	1.147,46 €	191,24 €	1.338,70 €	436,42 €	1.775,12 €	21.301,44 €
TOTAL GASTO						81.582,72 €

### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 73,54 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 73,54 % da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Consorcio As Mariñas obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- Contratación da execución.-**

**1.-** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Consorcio As Mariñas.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Consorcio As Mariñas, nin con calquera outra na que concorra algunha

das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrência.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer as actividades do Consorcio As Mariñas no ano 2021, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

O logotipo da Deputación Provincial da Coruña debe figurar na paxina web de inicio do Consorcio As Mariñas.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Consorcio As Mariñas.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

1.- A achega da Deputación seralle abonada ao Consorcio As Mariñas do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar.

O importe deste prazo aboarase unha vez asinado o convenio logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

\* **Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2020.

\* **Orzamento da entidade** para o exercicio 2021, plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación, segundo a natureza xurídica da entidade.

\* **Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos sinalados.

*Segundo prazo*, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

\* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal do Consorcio As Mariñas, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación



das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2021.

\* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

\* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Consorcio As Mariñas deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2022**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Consorcio As Mariñas para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional

non eximirá ao Consorcio As Mariñas da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

**4.-** O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Consorcio As Mariñas.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Consorcio As Mariñas terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** O Consorcio As Mariñas deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** O Consorcio As Mariñas destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Consorcio As Mariñas deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consorcio As Mariñas poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que

foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Consorcio As Mariñas queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Consorcio As Mariñas serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de

subvencións, a concesión da subvención ao Consorcio As Mariñas será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2022** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2021.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2022 autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Consorcio As Mariñas, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

**6.- Aprobación do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco polo que se instrumenta unha**

**subvención nominativa para cofinanciar o sostemento do Museo-Colección Fernando Blanco no ano 2020.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **18.000 €**, á Fundación Fernando Blanco para cofinanciar o *sostemento do Museo-Colección Fernando Blanco no ano 2020*, cun orzamento subvencionado de 38.365,00 € , de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 9 de febreiro de 2021.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo á incorporación do crédito ao Orzamento de 2021.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o sostemento do Museo-Colección Fernando Blanco no ano 2020.**

Na Coruña, o

**REUNIDOS**

D/Dna.\_\_\_\_\_en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna.\_\_\_\_\_ en nome e representación da Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

## MANIFESTAN

A Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco constituíuse o 2 de abril de 1875, por testamento de D.Fernando Blanco de Lema y Suárez Prieto, outorgado ante o notario do distrito de Guadalupe da Habana, sendo declarada de beneficiencia particular docente o 2 de novembro de 1932, mediante publicación no Boletín Oficial do Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes, e figura inscrita, co núm. 42, no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, Sección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

De conformidade cos seus estatutos, son fins da Fundación a promoción educativa e cultural da vila de Cee e a súa bisbarra, a través dos dous edificios que posúe na vila: o actual IES Fernando Blanco de Lema, cedido á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, e a antiga “Escola de Nenas”, na actualidade sede do Museo-Colección da Fundación Fernando Blanco.

Esta Colección foi recoñecida, por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 9 de xuño de 2005, como Colección Visitable de carácter científico-técnico e artístico, facendo fincapé na proxección da vila como herdeiro dun pasado educativo único no rural galego a finais do século XIX e primeira metade do século XX, como pioneiro na labor de aproveitamento integral do seu patrimonio histórico e como centro de dinamización cultural da bisbarra.

De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto fixar as bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco (CIF: G15290828), fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do **sostemento do Museo-Colección Fernando Blanco no ano 2020** cuxos obxectivos fundamentais son a conservación do patrimonio histórico da Fundación e a súa difusión e coñecemento, fundamentalmente no ámbito escolar mediante a utilización didáctica dos seus fondos, dándolle prioridade sempre á integridade dos fondos, para o cal realizan as seguintes actividades:

\* Atención a visitantes e realización de visitas guiadas ao Museo-Colección e ao xardín botánico e capela, no IES Fernando Blanco.

\* Traballos de investigación, inventario e catalogación de fondos e de conservación do patrimonio da Fundación.

\* Cesión de fondos para exposicións e colaboración con outras institucións museísticas ou culturais mediante información.

\* Mantemento da páxina web da Fundación e difusión das súas actividades a través de folletos informativos e redes sociais.

## **II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.**

A Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Soldos e salarios	25.752,00.-
Seguridade Social	8.038,00.-
Auga	275,00.-
Electricidade	1.200,00.-
Telefonía/Internet	650,00.-
Mantemento alarma e extintores	300,00.-
Mantemento ascensor	1.900,00.-
Material oficina, material de limpeza ...	250,00.-
<b>Total</b>	<b>38.365,00 €</b>

## **III.- Financiamento provincial provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **18.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 46,92 %.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **46,92 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco obteña para a mesma finalidade.

#### **IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle abonada á Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, suscrita polo representante legal da Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.



Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2020.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Declaración de si a entidade está ou non exenta do IVE.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

#### **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020**.

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2021**.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

**4.-** O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco terá dereito ao abono dos xuros de

demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- A Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- A Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos

procedementos de enxuciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

#### **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de xullo de 2021** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2020.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2021, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

**7.- Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2021 para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a  
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 1/2021 para gastos sociais, no marco do establecido na Base 12 das modificadas do POS+ 2021, aprobadas mediante acordo plenario do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro do 2020.

Con cargo ao Plan finánciase as solicitudes presentadas por 92 dos 93 concellos da provincia, posto que o Concello de Ponteceso rexeita participar no POS+ ADICIONAL 1/2021. No caso do concello de Coristanco queda condicionada á presentación da ratificación plenaria da resolución da Alcaldía de rectificación da solicitude de participación no Plan.

Posto que os concellos, que de seguido se relacionan, solicitaron unha achega provincial menor que a asignada ou rexeitaron a súa participación no Plan:

<b>Concello</b>	<b>Achega provincial asignada</b>	<b>Solicitado</b>
Boiro	218.033,17	218.033,07
Ferrol	158.120,57	157.789,12
Valdoviño	136.468,86	136.400,00
Ponteceso	151.191,55	151.191,55 REXEITADA (acordo pleno municipal de 11/03/2021)

O importe total da achega provincial aplicada ascende a 13.848.408,04 €, e o seu detalle por concello figura no Anexo I a este expediente.

A achega provincial finánciase con cargo á aplicación 0611/23126/46201, segundo se indica na seguinte táboa:

<b>Plan</b>	<b>Partida</b>	<b>Consignación</b>	<b>Aprobación 92 concellos</b>
POS+AD1/2021 Gastos sociais extraordinarios	0611/23126/46201	14.000.000,00	13.848.408,04

2.- Dispor o pago, con carácter de prepagable, aos 92 dos 93 concellos da provincia que presentaron solicitudes dentro do prazo establecido, de acordo cos importes que figuran no Anexo I a este expediente.

Posteriormente, os concellos presentarán ata o 31 de marzo de 2022, un informe xustificativo dos pagos realizados, asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, ou por quen corresponda nos municipios de gran poboación,

no que se detallan, por unha banda, os pagos realizados e por outra, os dereitos recoñecidos por ingresos públicos ou privados vinculados ao gasto, coa finalidade de cuantificar o gasto realmente asumido polo concello financiado con cargo ao POS+ Adicional 1/ 2021, segundo o modelo que figura como Anexo XVII ás Bases.

3.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais para os efectos previstos no artigo 32 do Real decreto legislativo 781/86, do 18 de abril.

5.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

6.- Unha vez que transcorra o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderán proseguirse as actuacións.”

POS+ ADICIONAL 1/ 2021 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS

CONCELLO	Total Proporcional	a) Reforzo persoal	b) Ampliar partidas	c) Axudas a familiar	d) Ampliar SAF	e) Reforzo Resp.familiar	f) Reforzo pers. sen fogar	g) Adquisición EPIS	h)Outros gastos imprescind	Total Proporcional
<b>Abegondo</b>	<b>Total</b>		30.000,00 €	17.000,00 €	133.500,00 €			12.000,00 €		192.500,00 €
	<b>Proporcional</b>	- €	23.550,67 €	13.345,38 €	104.800,46 €	- €	- €	9.420,27 €	- €	151.116,77 €
<b>Ames</b>	<b>Total</b>	83.684,44 €							222.605,60 €	306.290,04 €
	<b>Proporcional</b>	83.684,44 €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	222.605,60 €	306.290,04 €
<b>Aranga</b>	<b>Total</b>		30.000,00 €	15.000,00 €	40.000,00 €	5.000,00 €		21.019,92 €	10.000,00 €	121.019,92 €
	<b>Proporcional</b>	- €	30.000,00 €	15.000,00 €	40.000,00 €	5.000,00 €		21.019,92 €	10.000,00 €	121.019,92 €
<b>Ares</b>	<b>Total</b>	18.000,00 €	30.000,00 €	9.000,00 €	10.000,00 €	9.000,00 €		5.373,11 €		81.373,11 €
	<b>Proporcional</b>	18.000,00 €	30.000,00 €	9.000,00 €	10.000,00 €	9.000,00 €	- €	5.373,11 €	- €	81.373,11 €
<b>Arteixo</b>	<b>Total</b>	159.119,35 €	171.067,23 €							330.186,58 €
	<b>Proporcional</b>	159.119,35 €	171.067,23 €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	330.186,58 €
<b>Arzúa</b>	<b>Total</b>		18.000,00 €	20.000,00 €	215.828,86 €	10.000,00 €		3.300,00 €		267.128,86 €
	<b>Proporcional</b>	0	14.065,00 €	15.627,78 €	168.646,32 €	7.813,89 €	- €	2.578,58 €	- €	208.731,58 €
<b>Baña (A)</b>	<b>Total</b>		20.000,00 €	10.000,00 €	106.899,27 €					136.899,27 €
	<b>Proporcional</b>	0	19.999,27 €	9.999,63 €	106.895,37 €	- €	- €	- €	- €	136.894,27 €

<b>Bergondo</b>	<b>Total</b>	15.000,00 €	40.000,00 €			15.000,00 €		10.000,00 €	28.925,28 €	108.925,28 €
	<b>Proporcional</b>	15.000,00 €	40.000,00 €	- €	- €	15.000,00 €	- €	10.000,00 €	28.925,28 €	108.925,28 €

<b>Betanzos</b>	<b>Total</b>		82.500,00 €	49.500,00 €	13.980,00 €			4.950,00 €		150.930,00 €
	<b>Proporcional</b>	0	74.768,52 €	44.861,11 €	12.669,86 €	- €	- €	4.486,11 €	- €	136.785,60 €

<b>Boimorto</b>	<b>Total</b>		10.000,00 €	4.000,00 €	62.053,76 €			24.000,00 €	15.388,49 €	115.442,25 €
	<b>Proporcional</b>	0	10.000,00 €	4.000,00 €	62.053,76 €	- €	- €	24.000,00 €	15.388,49 €	115.442,25 €

<b>Boiro</b>	<b>Total</b>	33.000,00 €	26.343,10 €	15.000,00 €	113.689,97 €	10.000,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €	10.000,00 €	218.033,07 €
	<b>Proporcional</b>	33.000,00 €	26.343,10 €	15.000,00 €	113.689,97 €	10.000,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €	10.000,00 €	218.033,07 €

<b>Boqueixón</b>	<b>Total</b>		15.000,00 €	12.000,00 €	87.584,38 €			6.000,00 €	5.000,00 €	125.584,38 €
	<b>Proporcional</b>	0	15.000,00 €	12.000,00 €	87.584,38 €		- €	6.000,00 €	5.000,00 €	125.584,38 €

<b>Brión</b>	<b>Total</b>					140.600,00 €		500,00 €		141.100,00 €
	<b>Proporcional</b>	0	- €	- €	- €	139.061,30 €	- €	494,53 €	- €	139.555,83 €

<b>Cabana</b>	<b>Total</b>	15.000,00 €	10.000,00 €	3.000,00 €	67.000,00 €	15.000,00 €		10.000,00 €	13.157,24 €	133.157,24 €
<b>de Bergantiños</b>	<b>Proporcional</b>	15.000,00 €	10.000,00 €	3.000,00 €	67.000,00 €	15.000,00 €	- €	10.000,00 €	13.157,24 €	133.157,24 €

<b>Cabanas</b>	<b>Total</b>				70.000,00 €			10.000,00 €		80.000,00 €
	<b>Proporcional</b>	0	- €	- €	69.617,87 €	- €	- €	9.945,41 €	- €	79.563,28 €



<b>Camariñas</b>	<b>Total</b>		3.000,00 €		100.000,00 €			1.000,00 €		104.000,00 €
	<b>Proporcional</b>	0	2.861,34 €	- €	95.378,05 €	- €	- €	953,78 €	- €	99.193,17 €
<b>Cambre</b>	<b>Total</b>		260.000,00 €							260.000,00 €
	<b>Proporcional</b>	0	237.308,73 €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	237.308,73 €
<b>Capela (A)</b>	<b>Total</b>		19.000,00 €	4.000,00 €	45.000,00 €			4.000,00 €		72.000,00 €
	<b>Proporcional</b>	0	18.784,10 €	3.954,55 €	44.488,66 €	- €	- €	3.954,55 €	- €	71.181,86 €
<b>Carballo</b>	<b>Total</b>				488.044,83 €					488.044,83 €
	<b>Proporcional</b>	0	- €	- €	384.932,35 €	- €	- €	- €	- €	384.932,35 €
<b>Carnota</b>	<b>Total</b>		31.000,00 €	5.000,00 €	60.433,08 €	18.800,00 €			25.500,00 €	140.733,08 €
	<b>Proporcional</b>	0	22.766,90 €	3.672,08 €	44.383,02 €	13.807,02 €	- €	- €	18.727,61 €	103.356,63 €
<b>Carral</b>	<b>Total</b>	24.816,70 €	30.000,00 €		133.200,00 €					188.016,70 €
	<b>Proporcional</b>	14.836,80 €	17.935,66 €	- €	79.634,33 €	- €	- €	- €	- €	112.406,78 €
<b>Cedeira</b>	<b>Total</b>	48.819,62 €	30.000,00 €	20.000,00 €		21.659,00 €		15.000,00 €		135.478,62 €
	<b>Proporcional</b>	48.819,62 €	30.000,00 €	20.000,00 €	- €	21.659,00 €	- €	15.000,00 €	- €	135.478,62 €
<b>Cee</b>	<b>Total</b>		5.000,00 €		160.193,76 €					165.193,76 €
	<b>Proporcional</b>	0	3.647,53 €	- €	116.862,28 €	- €	- €	- €	- €	120.509,81 €

<b>Cerceda</b>	<b>Total</b>		20.000,00 €	48.850,00 €	184.963,00 €			7.040,00 €	1.000,00 €	261.853,00 €
	<b>Proporcional</b>	0	11.313,64 €	27.633,57 €	104.630,25 €	- €	- €	3.982,40 €	565,68 €	148.125,55 €
<b>Cerdido</b>	<b>Total</b>			20.000,00 €	70.504,30 €			2.000,00 €		92.504,30 €
	<b>Proporcional</b>	0	- €	14.426,91 €	50.857,94 €	- €	- €	1.442,69 €	- €	66.727,54 €
<b>Coirós</b>	<b>Total</b>	25.771,00 €	25.000,00 €	15.000,00 €	30.000,00 €	8.000,00 €	5.000,00 €	15.000,00 €	25.000,00 €	148.771,00 €
	<b>Proporcional</b>	11.912,92 €	11.556,52 €	6.933,91 €	13.867,82 €	3.698,09 €	2.311,30 €	6.933,91 €	11.556,52 €	68.771,00 €
<b>Corcubión</b>	<b>Total</b>		7.000,00 €	1.500,00 €	18.750,00 €			7.441,36 €	5.600,00 €	40.291,36 €
	<b>Proporcional</b>	0	7.000,00 €	1.500,00 €	18.750,00 €	- €	- €	7.441,36 €	5.600,00 €	40.291,36 €
<b>Coristanco</b>	<b>Total</b>	51.115,66 €	15.000,00 €	16.000,00 €	60.000,00 €	5.000,00 €	20.000,00 €	10.000,00 €	11.460,00 €	188.575,66 €
	<b>Proporcional</b>	49.658,83 €	14.572,49 €	15.543,99 €	58.289,96 €	4.857,50 €	19.429,99 €	9.714,99 €	11.133,38 €	183.201,13 €
<b>Coruña (A)</b>	<b>Total</b>						251.229,00 €			251.229,00 €
	<b>Proporcional</b>	0	- €	- €	- €	- €	95.453,83 €	- €	- €	95.453,83 €
<b>Culleredo</b>	<b>Total</b>	45.391,20 €	60.000,00 €	70.000,00 €	40.000,00 €			30.000,00 €	42.000,00 €	287.391,20 €
	<b>Proporcional</b>	45.391,20 €	60.000,00 €	70.000,00 €	40.000,00 €	- €	- €	30.000,00 €	42.000,00 €	287.391,20 €
<b>Curtis</b>	<b>Total</b>		20.000,00 €		15.000,00 €	28.000,00 €		50.000,00 €	17.000,00 €	130.000,00 €
	<b>Proporcional</b>	0	19.886,30 €	- €	14.914,72 €	27.840,81 €	- €	49.715,74 €	16.903,35 €	129.260,92 €

<b>Dodro</b>	<b>Total</b>	18.019,81 €	5.000,00 €	10.000,00 €	12.401,41 €			5.000,00 €	15.000,00 €	65.421,22 €
	<b>Proporcional</b>	18.019,81 €	5.000,00 €	10.000,00 €	12.401,41 €	- €	- €	5.000,00 €	15.000,00 €	65.421,22 €

<b>Dumbría</b>	<b>Total</b>				80.000,00 €			10.000,00 €	48.314,70 €	138.314,70 €
	<b>Proporcional</b>	0	- €	- €	80.000,00 €	- €	- €	10.000,00 €	48.314,70 €	138.314,70 €

<b>Fene</b>	<b>Total</b>				419.056,44 €					419.056,44 €
	<b>Proporcional</b>	0	- €	- €	143.700,24 €	- €	- €	- €	- €	143.700,24 €

<b>Ferrol</b>	<b>Total</b>	157.789,12 €								157.789,12 €
	<b>Proporcional</b>	157.789,12 €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	157.789,12 €

<b>Fisterra</b>	<b>Total</b>		45.330,96 €	5.000,00 €	7.000,00 €			15.000,00 €	5.000,00 €	77.330,96 €
	<b>Proporcional</b>	0	45.330,96 €	5.000,00 €	7.000,00 €	- €	- €	15.000,00 €	5.000,00 €	77.330,96 €

<b>Frades</b>	<b>Total</b>				72.502,68 €				40.000,00 €	112.502,68 €
	<b>Proporcional</b>	0	- €	- €	72.502,68 €	- €	- €	- €	40.000,00 €	112.502,68 €

<b>Irixoa</b>	<b>Total</b>		24.731,43 €	5.000,00 €	32.000,00 €			25.000,00 €		86.731,43 €
	<b>Proporcional</b>	0	24.731,43 €	5.000,00 €	32.000,00 €	- €	- €	25.000,00 €	- €	86.731,43 €

<b>Laxe</b>	<b>Total</b>	15.000,00 €	10.000,00 €		47.333,35 €			3.000,00 €	2.000,00 €	77.333,35 €
	<b>Proporcional</b>	15.000,00 €	10.000,00 €	- €	47.333,35 €	- €	- €	3.000,00 €	2.000,00 €	77.333,35 €

<b>Laracha (A)</b>	<b>Total</b>	29.900,00 €	40.000,00 €	60.000,00 €	75.000,00 €					204.900,00 €
	<b>Proporcional</b>	29.598,60 €	39.596,79 €	59.395,19 €	74.243,99 €	- €	- €	- €	- €	202.834,58 €
<b>Lousame</b>	<b>Total</b>	14.798,49 €	14.959,84 €	6.000,00 €	65.307,11 €		12.000,00 €	3.000,00 €		116.065,44 €
	<b>Proporcional</b>	14.798,49 €	14.959,84 €	6.000,00 €	65.307,11 €	- €	12.000,00 €	3.000,00 €	- €	116.065,44 €
<b>Malpica</b>	<b>Total</b>	30.137,42 €	39.693,10 €		16.225,00 €	20.000,00 €		7.430,00 €		113.485,52 €
<b>de Bergantiños</b>	<b>Proporcional</b>	30.137,42 €	39.693,10 €	- €	16.225,00 €	20.000,00 €	- €	7.430,00 €	- €	113.485,52 €
<b>Mañón</b>	<b>Total</b>		12.500,00 €	31.554,66 €	2.500,00 €	8.000,00 €		40.000,00 €		94.554,66 €
	<b>Proporcional</b>	0	12.500,00 €	31.554,66 €	2.500,00 €	8.000,00 €	- €	40.000,00 €	- €	94.554,66 €
<b>Mazaricos</b>	<b>Total</b>		3.000,00 €	3.170,80 €	100.436,00 €	5.714,32 €		11.011,00 €	70.252,02 €	193.584,14 €
	<b>Proporcional</b>	0	3.000,00 €	3.170,80 €	100.436,00 €	5.714,32 €	- €	11.011,00 €	70.252,02 €	193.584,14 €
<b>Melide</b>	<b>Total</b>	55.000,00 €	5.000,00 €	20.000,00 €		15.000,00 €			100.000,00 €	195.000,00 €
	<b>Proporcional</b>	54.727,45 €	4.975,22 €	19.900,89 €	- €	14.925,67 €	- €	- €	99.504,46 €	194.033,69 €
<b>Mesía</b>	<b>Total</b>		20.000,00 €	12.000,00 €	56.352,00 €			23.000,00 €	20.000,00 €	131.352,00 €
	<b>Proporcional</b>	0	19.714,10 €	11.828,46 €	55.546,46 €	- €	- €	22.671,22 €	19.714,10 €	129.474,35 €
<b>Miño</b>	<b>Total</b>	70.835,92 €	20.000,00 €					3.000,00 €	9.297,66 €	103.133,58 €
	<b>Proporcional</b>	70.835,92 €	20.000,00 €	- €	- €	- €	- €	3.000,00 €	9.297,66 €	103.133,58 €

<b>Moeche</b>	<b>Total</b>	20.000,00 €	10.000,00 €	20.000,00 €	33.000,00 €	7.000,00 €		2.500,00 €	3.000,00 €	95.500,00 €
	<b>Proporcional</b>	14.744,89 €	7.372,45 €	14.744,89 €	24.329,07 €	5.160,71 €	- €	1.843,11 €	2.211,73 €	70.406,86 €

<b>Monfero</b>	<b>Total</b>	42.620,33 €	30.000,00 €	5.000,00 €	65.303,29 €	5.000,00 €		8.000,00 €		155.923,62 €
	<b>Proporcional</b>	42.620,33 €	30.000,00 €	5.000,00 €	65.303,29 €	5.000,00 €	- €	8.000,00 €	- €	155.923,62 €

<b>Mugardos</b>	<b>Total</b>		39.867,20 €					45.598,55 €	1.494,00 €	86.959,75 €
	<b>Proporcional</b>	0	37.257,88 €	- €	- €	- €	- €	42.614,11 €	1.396,22 €	81.268,20 €

<b>Muxía</b>	<b>Total</b>	67.342,00 €	22.000,00 €		49.000,00 €			10.000,00 €	8.784,94 €	157.126,94 €
	<b>Proporcional</b>	67.342,00 €	22.000,00 €	- €	49.000,00 €	- €	- €	10.000,00 €	8.784,94 €	157.126,94 €

<b>Muros</b>	<b>Total</b>		39.953,11 €	20.000,00 €		20.000,00 €		35.000,00 €	25.000,00 €	139.953,11 €
	<b>Proporcional</b>	0	39.953,11 €	20.000,00 €	- €	20.000,00 €	- €	35.000,00 €	25.000,00 €	139.953,11 €

<b>Narón</b>	<b>Total</b>				957.920,00 €					957.920,00 €
	<b>Proporcional</b>	0	- €	- €	340.038,26 €	- €	- €	- €	- €	340.038,26 €

<b>Neda</b>	<b>Total</b>	9.932,62 €	68.000,00 €	2.000,00 €				6.000,00 €		85.932,62 €
	<b>Proporcional</b>	9.157,21 €	62.691,48 €	1.843,87 €	- €	- €	- €	5.531,60 €	- €	79.224,16 €

<b>Negreira</b>	<b>Total</b>		58.000,00 €		189.384,38 €			30.000,00 €		277.384,38 €
	<b>Proporcional</b>	0	36.736,05 €	- €	119.952,32 €	- €	- €	19.001,41 €	- €	175.689,78 €

<b>Noia</b>	<b>Total</b>	44.512,68 €	15.000,00 €		84.988,75 €			18.150,00 €		162.651,43 €
	<b>Proporcional</b>	41.153,13 €	13.867,89 €	- €	78.574,30 €	- €	- €	16.780,14 €	- €	150.375,46 €
<b>Oleiros</b>	<b>Total</b>	136.979,57 €	141.943,41 €	20.000,00 €				10.000,00 €		308.922,98 €
	<b>Proporcional</b>	136.979,57 €	141.943,41 €	20.000,00 €	- €	- €	- €	10.000,00 €	- €	308.922,98 €
<b>Ordes</b>	<b>Total</b>	50.000,00 €	50.000,00 €	35.000,00 €	80.700,00 €	3.000,00 €		1.500,00 €	20.000,00 €	240.200,00 €
	<b>Proporcional</b>	48.319,04 €	48.319,04 €	33.823,33 €	77.986,94 €	2.899,14 €	- €	1.449,57 €	19.327,62 €	232.124,69 €
<b>Oroso</b>	<b>Total</b>	44.460,64 €	10.000,00 €	5.000,00 €	79.973,04 €			3.276,52 €		142.710,20 €
	<b>Proporcional</b>	44.460,64 €	10.000,00 €	5.000,00 €	79.973,04 €	- €	- €	3.276,52 €	- €	142.710,20 €
<b>Ortigueira</b>	<b>Total</b>		30.000,00 €		154.800,00 €			41.042,31 €	15.000,00 €	240.842,31 €
	<b>Proporcional</b>	0	30.000,00 €	- €	154.800,00 €	- €	- €	41.042,31 €	15.000,00 €	240.842,31 €
<b>Outes</b>	<b>Total</b>		55.000,00 €	15.000,00 €	40.000,00 €	26.666,98 €		10.000,00 €		146.666,98 €
	<b>Proporcional</b>	0	55.000,00 €	15.000,00 €	40.000,00 €	26.666,98 €	- €	10.000,00 €	- €	146.666,98 €
<b>Paderne</b>	<b>Total</b>		3.500,00 €	2.880,00 €	67.980,60 €	3.500,00 €		2.000,00 €	1.304,25 €	81.164,85 €
	<b>Proporcional</b>	0	3.500,00 €	2.880,00 €	67.980,60 €	3.500,00 €	- €	2.000,00 €	1.304,25 €	81.164,85 €
<b>Padrón</b>	<b>Total</b>	20.968,00 €	26.000,00 €	9.600,00 €	16.947,00 €	12.600,00 €		34.109,25 €		120.224,25 €
	<b>Proporcional</b>	20.968,00 €	26.000,00 €	9.600,00 €	16.947,00 €	12.600,00 €	- €	34.109,25 €	- €	120.224,25 €

Pino (O)	<b>Total</b>	35.435,79 €	20.000,00 €	15.000,00 €	60.000,00 €	20.000,00 €		10.000,00 €	5.028,30 €	165.464,09 €
	<b>Proporcional</b>	35.435,79 €	20.000,00 €	15.000,00 €	60.000,00 €	20.000,00 €	- €	10.000,00 €	5.028,30 €	165.464,09 €
Pobra do Caramiñal (A)	<b>Total</b>		15.000,00 €		43.800,00 €		12.000,00 €	30.000,00 €	30.000,00 €	130.800,00 €
	<b>Proporcional</b>	0	13.013,72 €	- €	38.000,05 €	- €	10.410,97 €	26.027,43 €	26.027,43 €	113.479,60 €
Pontedeume	<b>Total</b>			10.000,00 €		20.000,00 €		5.000,00 €	74.445,30 €	109.445,30 €
	<b>Proporcional</b>	0	- €	10.000,00 €	- €	20.000,00 €	- €	5.000,00 €	74.445,30 €	109.445,30 €
Pontes de García Rodríguez (As)	<b>Total</b>		55.000,00 €	35.000,00 €	367.960,10 €			12.000,00 €		469.960,10 €
	<b>Proporcional</b>	0	33.974,84 €	21.620,36 €	227.297,95 €	- €	- €	7.412,69 €	- €	290.305,84 €
Porto do Son	<b>Total</b>	62.799,94 €		60.000,00 €	40.001,14 €					162.801,08 €
	<b>Proporcional</b>	62.799,94 €	- €	60.000,00 €	40.001,14 €	- €	- €	- €	- €	162.801,08 €
Rianxo	<b>Total</b>	72.021,06 €			107.621,65 €					179.642,71 €
	<b>Proporcional</b>	57.734,98 €	- €	- €	86.273,84 €	- €	- €	- €	- €	144.008,82 €
Ribeira	<b>Total</b>				307.000,00 €					307.000,00 €
	<b>Proporcional</b>	0	- €	- €	262.161,95 €	- €	- €	- €	- €	262.161,95 €
Rois	<b>Total</b>	25.544,07 €	33.000,00 €	20.000,00 €	25.400,00 €	17.000,00 €	6.000,00 €	10.000,00 €	15.000,00 €	151.944,07 €
	<b>Proporcional</b>	22.635,35 €	29.242,26 €	17.722,58 €	22.507,68 €	15.064,20 €	5.316,77 €	8.861,29 €	13.291,94 €	134.642,07 €

<b>Sada</b>	<b>Total</b>	37.868,36 €	124.659,26 €							162.527,62 €
	<b>Proporcional</b>	37.868,36 €	124.659,26 €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	162.527,62 €

<b>San Sadurniño</b>	<b>Total</b>			27.000,00 €	80.000,00 €	7.654,69 €		3.000,00 €		117.654,69 €
	<b>Proporcional</b>	0	- €	27.000,00 €	80.000,00 €	7.654,69 €	- €	3.000,00 €	- €	117.654,69 €

<b>Santa Comba</b>	<b>Total</b>		15.000,00 €	10.000,00 €	62.566,18 €	94.000,00 €		70.000,00 €		251.566,18 €
	<b>Proporcional</b>	0	15.000,00 €	10.000,00 €	62.566,18 €	94.000,00 €	- €	70.000,00 €	- €	251.566,18 €

<b>Santiago</b>	<b>Total</b>	37.901,85 €	88.778,52 €		83.840,65 €		110.000,00 €			320.521,02 €
<b>de Compostela</b>	<b>Proporcional</b>	37.901,85 €	88.778,52 €	- €	83.840,65 €	- €	110.000,00 €	- €	- €	320.521,02 €

<b>Santiso</b>	<b>Total</b>				186.179,88 €					186.179,88 €
	<b>Proporcional</b>	0	- €	- €	111.167,60 €	- €	- €	- €	- €	111.167,60 €

<b>Sobrado</b>	<b>Total</b>		58.856,73 €		56.000,00 €			10.000,00 €	5.000,00 €	129.856,73 €
	<b>Proporcional</b>	0	58.856,73 €	- €	56.000,00 €	- €	- €	10.000,00 €	5.000,00 €	129.856,73 €

<b>Somozas (As)</b>	<b>Total</b>		1.000,00 €	500,00 €	76.500,00 €			16.435,77 €		94.435,77 €
	<b>Proporcional</b>	0	1.000,00 €	500,00 €	76.500,00 €	- €	- €	16.435,77 €	- €	94.435,77 €

<b>Teo</b>	<b>Total</b>	21.859,90 €	55.000,00 €		280.492,03 €	13.500,00 €				370.851,93 €
	<b>Proporcional</b>	13.111,86 €	32.989,73 €	- €	168.242,86 €	8.097,48 €	- €	- €	- €	222.441,93 €



<b>Toques</b>	<b>Total</b>				67.650,00 €			32.500,00 €		100.150,00 €
	<b>Proporcional</b>	0	- €	- €	66.632,77 €	- €	- €	32.011,31 €	- €	98.644,08 €

<b>Tordoia</b>	<b>Total</b>			15.000,00 €	145.000,00 €					160.000,00 €
	<b>Proporcional</b>	0	- €	13.261,86 €	128.198,00 €	- €	- €	- €	- €	141.459,86 €

<b>Touro</b>	<b>Total</b>	18.000,00 €	50.000,00 €	6.330,38 €	76.000,00 €	3.000,00 €		1.000,00 €	3.000,00 €	157.330,38 €
	<b>Proporcional</b>	18.000,00 €	50.000,00 €	6.330,38 €	76.000,00 €	3.000,00 €	- €	1.000,00 €	3.000,00 €	157.330,38 €

<b>Trazo</b>	<b>Total</b>	18.000,00 €	3.000,00 €	10.000,00 €	78.980,68 €	7.000,00 €		6.000,00 €	4.000,00 €	126.980,68 €
	<b>Proporcional</b>	18.000,00 €	3.000,00 €	10.000,00 €	78.980,68 €	7.000,00 €	- €	6.000,00 €	4.000,00 €	126.980,68 €

<b>Valdoviño</b>	<b>Total</b>	30.000,00 €	32.000,00 €	10.500,00 €		19.400,00 €		1.500,00 €	43.000,00 €	136.400,00 €
	<b>Proporcional</b>	30.000,00 €	32.000,00 €	10.500,00 €	- €	19.400,00 €	- €	1.500,00 €	43.000,00 €	136.400,00 €

<b>Val do Dubra</b>	<b>Total</b>	30.000,00 €	25.920,00 €	12.000,00 €	51.500,00 €	20.000,00 €	3.000,00 €	25.000,00 €	8.371,00 €	175.791,00 €
	<b>Proporcional</b>	23.658,87 €	20.441,26 €	9.463,55 €	40.614,39 €	15.772,58 €	2.365,89 €	19.715,72 €	6.601,61 €	138.633,87 €

<b>Vedra</b>	<b>Total</b>		31.500,00 €	10.000,00 €	242.837,04 €					284.337,04 €
	<b>Proporcional</b>	0	12.688,34 €	4.028,05 €	97.815,85 €	- €	- €	- €	- €	114.532,24 €

<b>Vilasantar</b>	<b>Total</b>		10.000,00 €		50.000,00 €			3.000,00 €	22.318,04 €	85.318,04 €
	<b>Proporcional</b>		10.000,00 €	- €	50.000,00 €	- €	- €	3.000,00 €	22.318,04 €	85.318,04 €

<b>Vilarmaior</b>	<b>Total</b>		10.000,00 €		22.000,00 €	10.000,00 €		20.000,00 €		62.000,00 €
	<b>Proporcional</b>	0	9.570,95 €	- €	21.056,08 €	9.570,95 €		19.141,89 €	- €	59.339,87 €

<b>Vimianzo</b>	<b>Total</b>		10.000,00 €	10.000,00 €	202.419,12 €	10.000,00 €				232.419,12 €
	<b>Proporcional</b>	0	9.285,09 €	9.285,09 €	187.948,02 €	9.285,09 €	- €	- €	- €	215.803,30 €

<b>Zas</b>	<b>Total</b>		15.000,00 €	5.000,00 €	120.780,51 €			15.000,00 €	15.000,00 €	170.780,51 €
	<b>Proporcional</b>		15.000,00 €	5.000,00 €	120.780,51 €	- €	- €	15.000,00 €	15.000,00 €	170.780,51 €

<b>Cariño</b>	<b>Total</b>				87.151,72 €					87.151,72 €
	<b>Proporcional</b>	0	- €	- €	87.151,72 €	- €	- €	- €	- €	87.151,72 €

<b>Oza-Cesuras</b>	<b>Total</b>	10.351,21 €	25.000,00 €	160.000,00 €				15.000,00 €	8.000,00 €	218.351,21 €
	<b>Proporcional</b>	10.351,21 €	25.000,00 €	160.000,00 €	- €	- €	- €	15.000,00 €	8.000,00 €	218.351,21 €

<b>TOTAL</b>	<b>Total</b>	1.747.796,75 €	2.526.103,89 €	1.058.385,84 €	8.054.416,96 €	654.094,99 €	424.229,00 €	941.677,79 €	1.050.246,82 €	16.456.952,04 €
<b>92 CONCELLOS</b>	<b>Proporcional</b>	1.678.572,99 €	2.331.070,46 €	974.952,87 €	6.063.766,37 €	626.049,42 €	262.288,76 €	892.323,70 €	1.019.383,47 €	13.848.408,04 €

## **8.- Aprobación da subvención nominativa co Concello de Malpica de Bergantiños para financiar o proxecto "Mostra de Olería de Buño 2020"**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concurrencia competitiva, como o incorporado no presente expediente:

- A actividade subvencionada ao Concello da Malpica de Bergantiños, relativa á "Mostra da Olería de Buño 2020" pretende mediante este evento a dinamización comercial, tendo en conta que se trata dun acto de exaltación desta artesanía tradicional, senón tamén na maior actividade de promoción do ámbito xeográfico no que esta inmersa. Contribuíndo decisivamente ao desenvolvemento socioeconómico da vila oleira, da comarca de Bergantiños e da área xeográfica da Costa da Morte. Xunto coa dinamización comercial, a mostra repercute igualmente nunha promoción económica da vila, xa que vai atraer unha grande afluencia de xente, fomentando a promoción cultural, turística, comercial e socioeconómica do entorno xeográfico da vila de Buño.
- Por outra banda segundo a memoria presentada polo concello, ten a súa causa en que o proxecto a desenvolver, xurde do Concello de Malpica de Bergantiños como evento dinamizador do comercio, fomentando a visita e compra no comercio e, en xeral, na promoción económica da comarca. O fundamento da actuación provincial está na necesidade de apoiar e estimular desde as institucións públicas aquelas actuacións, sexan públicas ou privadas, tendentes a coadxuvar na mellora dos territorios, tanto no seu aspecto territorial como no socioeconómico.
- Este ano motivado pola pandemia causada polo COVID-19 obrigou a modificar a edición da tradicióna Mostra de Olería de Buño 2020, por esta circunstancia os oleiros e oleiras de Buño fixeron unha mostra alternativa de maneira que se cumpriran as medidas de seguridade e prevención para evitar contaxios.

- A idea foi evitar as casetas tradicionais e os actos en sitio pechados, por iso se scaron á rúa os tradicionais tornos artesanais e cada artesán fixo no exterior do seu obradorio demostracións en vivo da olería tradicional de Buño..
- Todas as actividades paralelas se fixeron ao aire libre en exteriores e as exposición de artesanía tiveron lugar en ambientes abertos.
- Cabe considerar, ademais, que o proxecto, pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños con CIF P1504400A para cofinanciar “Mostra da Olería de Buño 2020” cunha achega provincial de 11.113,62 € con cargo á aplicación presupostaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiación do 79,99% con respecto a un orzamento de 13.892,02 €

4º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excmá. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto “Mostra de Olería de Buño 2020”

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte , en representación da Excmá. Deputación Provincial de A Coruña,

Doutra parte , en representación do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

Que a Excmá. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS consideran de gran interese para a provincia potenciar que o sector da olería se converta nunha actividade rendible de futuro que repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- OBXECTO

O presente convenio interadministrativo de cooperación ten por a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a do **CONCELLO MALPICA DE BERGANTIÑOS**, CIF P1504400A fixando as condicións que se impoñan por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto " Mostra da Olería de Buño 2020", que se celebrou entre os días do **31 de xullo e os días 1, 2, 6, 7, 8 e 9 de agosto de 2020**

### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
<b>Creatividade, deseño, organización, comunicación e fotografía</b>	<b>7.107,59</b>
<b>Actividades: Eventos, animacións, actuacións</b>	<b>5.330,00</b>
<b>Publicidade e materiais gráficos</b>	<b>1.454,43</b>
	<b>13.892,02</b>

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **11.113,62 €**, o que representa unha porcentaxe de 79,99 No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 79,99% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 100 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, aboarase a parte resultante da aplicación do correspondente coeficiente de financiamento ao importe xustificado.

3º.-As ditas modificación aplicaranse sempre e cando os gastos xustificadas teñan vinculación directa co obxecto subvencionado e poidan considerarse gastos subvencionables, de acordo co dispostos nas correspondentes bases das convocatorias e nos convenios polos que se instrumentou a súa conceción.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/46201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención

de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutra subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Segundo o artigo 6 da ordenanza xeral de subvencións e transparencia queda establecido que ademais de facer constar a colaboración da Deputación na información gráfica ou audiovisual relativa á persona beneficiaria e as súas actividades en cada convocatoria específica ou convenio regulador determinaranse de xeito detallado os medios de difusión para dar a coñecer o importe e porcentaxe do financiamento provincial da actividade ou proxecto subvenionado.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.- Memoria de actuación, subscripta polo representante legal do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA

4.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

3.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1 As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizarán entre o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2020.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvención e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida coresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado

o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1.-O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.-A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3.-A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no capítulo IV: Procedemento de Control Financiero da ordenanza xeral de subvencións publicada no BOP Núm 72 de 15 de abril de 2019 o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a



subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), e no capítulo V da ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019, dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

#### **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2020**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de xuño do ano 2021** sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. O CONCELLO DE MALPICA DE BERRGANTIÑOS deberá ter presentada a xustificación en todo caso **antes do día 31 de maio de 2021**,

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día--- de xullo de

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación

O representante do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS"

**9.- Desestimación das alegacións formuladas por D. Javier Pérez Patiño en relación coa expropiación e execución das obras incluídas no Proxecto MELLORA DE SEGURIDADE VIAL NA DP 1704 CAMBRE A CARRAL PQ 0+580 A 1+070 (CAMBRE) incluído no Plan de Vías Provinciais 2020,4ª Fase, aprobado tecnicamente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 30 de decembro de 2020**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Desestimar as alegacións formuladas por D. Javier Pérez Patiño en relación coa expropiación e execución das obras incluídas no Proxecto MELLORA DE SEGURIDADE VIAL NA DP 1704 CAMBRE A CARRAL PQ 0+580 A 1+070 (CAMBRE) incluído no Plan de Vías Provinciais 2020,4ª Fase, aprobado tecnicamente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 30 de decembro de 2020, por quedar xustificado no expediente as razóns para a aprobación do novo proxecto de acordo cos informes do Servizo de Vías e Obras e de Asistencia Técnica a Municipios, onde se xustifica o interese público do novo proxecto nunha mellor atención á seguridade viaria e que as valoracións nel consignadas son só estimativas, están calculadas con base na normativa vixente e deberán fixarse de forma axustada no procedemento de expropiación correspondente, que se realizará con todas as garantías, posibilidades de alegacións e recursos que ten toda persoa afectada por un expediente de expropiación forzosa."

**10.- Aprobación técnica da quinta fase do Plan de Inversións en Vías Provinciais 2020**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a  
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar tecnicamente o proxecto incluído no Plan de INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2020 QUINTA FASE cun orzamento total de 350.305,36 .- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

<b>CÓDIGO</b>	<b>DENOMINACION</b>	<b>CONCELLO</b>	<b>PRESUPOSTO</b>	<b>EXPROPIACION</b>
2020.1110.0004.0	MELLORA DO TRAZADO DA DP 2206 PQ 0+920 AO 1+220 REGO DE TIDE	CEDEIRA	350.305,36	29.323,20

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das seguintes obras:

<b>CÓDIGO</b>	<b>DENOMINACION</b>	<b>CONCELLO</b>	<b>PRESUPOSTO</b>	<b>EXPROPIACION</b>
2020.1110.0004.0	MELLORA DO TRAZADO DA DP 2206 PQ 0+920 AO 1+220 REGO DE TIDE	CEDEIRA	350.305,36	29.323,20

3.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

**11.- Aprobación técnica do Plan de Inversións Vías Provinciais 2021, primeira fase**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a  
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar tecnicamente o proxecto incluído no Plan de INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2021 PRIMEIRA FASE cun orzamento total de 392.811,01.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	AYUNTAMIENTO	PRESUPUESTO	EXPROPIACION
2021.1110.0001.0	MELLORA DA INTERSECCIÓN DA DP 6121 MERA A CARIÑO COA DP 6119 LANDOI A PQ 5 DA DP 6121. CARIÑ	CARIÑO	392.811,01	33.310,73

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das seguintes obras:

CÓDIGO	DENOMINACION	AYUNTAMIENTO	PRESUPUESTO	EXPROPIACION
2021.1110.0001.0	MELLORA DA INTERSECCIÓN DA DP 6121 MERA A CARIÑO COA DP 6119 LANDOI A PQ 5 DA DP 6121. CARIÑ	CARIÑO	392.811,01	33.310,73

3.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

## **12.- Aprobación dun convenio de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Fundación Meniños para a cesión de uso dun local no edificio da Milagrosa**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Redactar unha convocatoria pública de bases e a determinación dos criterios obxectivos para a selección para que, en base aos principios de publicidade e

concorrenza, poidan ter acceso ao uso de locais da deputación máis entidades sen ánimo de lucro que o soliciten e precíseno.

2º.- Iniciar expediente de cesión de uso á Fundación Meniños dun local de 325,80 m2 no edificio da Milagrosa, 2ª planta, e polo prazo a contar desde a firma do convenio de cesión de uso ata o 31 de decembro de 2021, para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia e a infancia con carácter gratuíto, tendo en conta que esta entidade está a usar estes locais e sempre que non se prexudique o funcionamento da mesma ata o momento en que se publiquen as bases e fágase efectiva a selección das entidades.

- REFERENCIA CATASTRAL: 7899201NH4979N0001FD  
- ADQUISICIÓN: É PARTE DA LEIRA COMPRADA Á FAMILIA PUGA, POR ESCRITURA PUBLICA DE 28 DE JULIO DE 1.888 OUTORGADA POR D. MANUEL DEVESA GAGO, RECTIFICADA POR OUTRA DO 10 DE MAIO 1.889. SOBRE O SOLAR, CONSTRÚO A DIPUTACION Ás súas EXPENSAS.  
- DESTINO: CESION Á FUNDACION MENIÑOS

3º.- Aprobar o texto do Convenio onde se concretan as condicións de cesión de uso á FUNDACIÓN MENIÑOS, condicionado á aprobación definitiva do expediente de cesión.

4º.- Someter o expediente a información pública por prazo de 15 días, mediante anuncio a publicar no BOP, para ouvir reclamacións, que serán resoltas polo Pleno da Corporación.

5º.- Dar conta da cesión de uso á Comunidade Autónoma de Galicia.

6º.- Unha vez cumprido o trámite a que refírese o apartado 4º será sometido novamente o expediente á súa aprobación definitiva polo Pleno.

## **ANEXO**

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA E A FUNDACIÓN MENIÑOS PARA A CESIÓN DE USO DUN LOCAL NO EDIFICIO LA MILAGROSA**

En A Coruña , a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, \_\_\_\_\_, en representación da Deputación Provincial de A Coruña, e

Doutra parte, \_\_\_\_\_, en representación da Fundación Meniños.

#### **EXPOÑEN**

1º.- A Fundación Meniños é unha Fundación de carácter privado, sen ánimo de lucro e de natureza permanente.

A Fundación Meniños foi constituída en escritura autorizada polo Notario de Betanzos, Don León-Miguel López Rodríguez, o día 8 de marzo de 1.996, co número 710 de protocolo, e declarada benéfico asistencial por Resolución da Consellería da Presidencia e Administración da Xunta de Galicia de data 1 de abril de 1.996 (publicada no Diario Oficial de Galicia de 16 de abril de 1.996) e declarada de interese galego por resolución da Consellería de Familia, Muller e Xuventude da Xunta de Galicia de data 17 de abril de 1.996 (Diario Oficial de Galicia de 22 de abril), constando debidamente inscrita no Rexistro de Fundacións de interese galego da Xunta de Galicia co número 1996/2.

**2º.-** A Fundación Meniños ten por obxecto (artigo 5.1 dos Estatutos) a protección da infancia dacordo co previsto na lexislación estatal e en aquelas autonómicas que correspondan e os principios recollidos na Convención dos Dereitos do Neno e demais normas aplicables, procurando e defendendo unha vida socio-familiar digna para a infancia, especialmente para os menores máis desfavorecidos a raíz de inxusticias estruturais e persoais.

O que antes era MENIÑOS, Fundación para a Infancia, é agora a Fundación Meniños por modificación do cambio de denominación en virtude do acordo do Patronato elevado a público en escritura autorizada polo Notario de A Coruña, D. Víctor Peón Rama o día 10 de marzo de 2008, co número 470 de protocolo, para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia e a infancia.

**3º.-** Para cumprir con este fin, a Fundación Meniños promoverá as seguintes actividades (artigo 5.2 dos Estatutos):

- a) Facilitar a integración socio-familiar dos menores en situación de desamparo.
- b) Colaborar na eliminación ou diminución de situacións de risco que afecten á infancia e ás súas familias.
- c) Impulsar programas de estudo e formación permanente e reciclaxe de profesionais, procedendo incluso á edición en calquera soporte e difusión por calquera canal de materiais e eventos de formación.
- d) Promover programas de información e sensibilización social en favor dos dereitos da Infancia.
- e) Intervir, como institución colaboradora de integración familiar, nos casos legalmente previstos.
- f) Cooperar con organizacións de defensa e atención aos dereitos e necesidades da infancia dentro e fora de España.
- g) Calquera outras actividades ou prestacións relacionadas co obxecto fundacional.

**4º.-** A fin de colaborar con Entidades de iniciativa social dedicadas a desenvolver programas e actividades do sector da familia e infancia, a Deputación Provincial de A Coruña en sesión plenaria celebrada o 25 de novembro de 2004 (BOP nº 283 de 10 de decembro de 2004) aprobou inicialmente o expediente de alteración da calificación xurídica de parte do edificio de "A Milagrosa".

En sesión plenaria ordinaria celebrada o 24 de febreiro de 2005 aprobouse definitivamente o expediente de alteración da calificación xurídica de parte do edificio de "A Milagrosa".

**5º.-** A Deputación de A Coruña conta cun local no edificio da Milagrosa que xa está desafectado para a súa cesión de uso a entidades sen ánimo de lucro, cunha superficie de 325,80 m<sup>2</sup> cun adecuado estado de conservación para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia, infancia con carácter gratuito.

Mediante acordo plenario de data 24-2-2005 aprobouse o expediente de desafección parcial do edificio A Milagrosa cunha superficie de **325,80** m<sup>2</sup> quedando calificada como ben patrimonial.

- MUNICIPIO: A Coruña.

- SITUACIÓN DO INMOBLE: Avda. de Cádiz, 5 - 15008 A Coruña

Sendo a superficie do local de 325,80 m<sup>2</sup>, na pranta segunda, para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia e á infancia con carácter gratuito

- REFERENCIA CATASTRAL: 7899201NH4979N0001FD

- ADQUISICIÓN: É parte da finca comprada á familia Puga, por escritura pública de 28 de xullo de 1.888 outorgada por D. Manuel Devesa Gago, rectificada por outra de 10 de mayo 1.889, sobre o solar, construíu a Deputación a súas expensas.

- REGISTRO: No consta

**6º.-** A Deputación reconece a importancia dos citados fins para os intereses provinciais e considera oportuno contribuir a súa consecución mediante a cesión de uso do local.

Por todo o exposto, acordan formalizar o presente Convenio dacordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- OBXECTO

A Deputación Provincial de A Coruña autoriza á Fundación Meniños a usar con carácter gratuito os espazos ubicados na pranta 2ª do Colexio da Milagrosa e cunha superficie de 325,80 m<sup>2</sup> útiles, para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia e á infancia, con carácter gratuito.

Os bens obxecto de cesión de uso valóranse, a efectos de alugue, nun precio de 5,84 €/m<sup>2</sup> mes, o que resulta en 22.832,04 euros para o ano da cesión (a razón de 1.902,67 euros ao mes), dacordo coa tasación realizada polo Servizo de Arquitectura da Deputación de A Coruña no ano 2019, aunque o cesionario non terá que aboar dito importe.

### Segunda.- OBLIGACIÓNS DO CESIONARIO

- Os espazos cuos usos se autorizan utilizaránse pola Fundación Meniños exclusivamente para os fins indicados. A estos efectos, a Fundación quedará obrigada a presentar ao finalizar o ano (durante o primeiro trimestre do exercicio seguinte) unha memoria explicativa dos Plans, Programas e actividades desenvolvidas pola Entidade no ámbito da Provincia.

- A publicidade da Deputación debe aparecer resaltada en todos os documentos e dípticos, explicitándose a cesión dos locais á Fundación. Nunha parte principal da páxina web debe indicarse, xunto ao logotipo da Deputación, a cesión dos locais. Asimismo, en todos os actos que celebre a Fundación ou que se realicen no inmovible



cuio uso se autoriza, farase constar a colaboración entre ambas institucións.

- Do Programa de Integración Familiar que Meniños desenvolve na provincia, cederá 2 prazas á Deputación, a disposición do Fogar Infantil Emilio Romay (F.I.E.R.), para traballar a integración familiar. Ditas prazas serán xestionadas polo F.I.E.R. e para iso redactarase un programa de mutuo acordo entre Meniños e o F.I.E.R. para a xestión das mesmas.

- A Fundación comprométese a manter adecuadamente os espazos que utilice, non podendo realizar obras sen a autorización da Deputación.

- En tanto esté vixente a autorización de uso dos locais, os gastos de teléfono, gas, agua e enerxía eléctrica e aqueles outros que deriven do uso dos locais correrán a cargo da Fundación Meniños, cos seus correspondientes contadores individuais.

- O Servizo de Patrimonio, por sí ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación (Servizos Sociais, Arquitectura e Mantenemento, etc) poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

- O pago do IBI do inmovible será por conta da Fundación Meniños

### **Terceira.- PRAZO DE CESIÓN DE USO**

O prazo de cesión de uso do local será dende a firma do convenio ata o 31 de decembro de 2021, en tanto se redacta unha proposta de convocatoria pública de Bases que faga efectiva a selección de entidades e a determinación dos criterios obxetivos para a selección. No obstante a Deputación, en calquera momento e en función das súas necesidades, poderá deixar sen efecto a autorización de uso, cun preaviso de 3 meses, e sen que por este motivo teña dereito a Fundación Meniños a indemnización algunha, debendo devolver os bens en perfecto estado de conservación.

### **Cuarta.- CAUSAS DE REVERSIÓN**

Serán causas de reversión automaticamente da cesión de uso:

1) O cumprimento do prazo de cesión.

2) O incumprimento de calquera das condicións de cesión establecidas no presente convenio e, en especial, as seguintes:

. Deixar de respetar as actividades que constitúen o obxecto da cesión.

. Prestar inadecuadamente tales actividades.

. O incumprimento pola entidade cesionaria da normativa reguladora dos Servizos Sociais, Sanitarios, Laborais e Seguridade Social, prevención de riscos laborais e calquera outra normativa aplicable.

. A realización de obras no inmovible sen a autorización da Deputación.

. O incumprimento pola entidade cesionaria do deber de conservación do inmovible.

A finalización do presente convenio por calquera destas causas produciría a reversión do local coas súas eventuais melloras e accesorios, quedando extinguido automaticamente o dereito de ocupación dos anteriores bens outorgados á Fundación por medio do presente convenio.

A Excmá. Deputación Provincial non asumirá en ningún caso os contratos de traballo que puidera levar a cabo a Fundación para o cumprimento dos seus fins, sen que polo tanto, se poida entender que a reversión implique a sucesión de empresa prevista na lexislación.

## **Quinta.- NATURALEZA XURÍDICA**

O presente convenio ten carácter administrativo, quedando as partes suxeitas á xurisdicción dos tribunais contencioso-administrativos para resolver as cuestións litixiosas que en aplicación do presente convenio se susciten entre as partes.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio por cuadruplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento."

## **13.- Aprobación dun convenio de colaboración entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Confederación Galega de Persoas Con Discapacidade (COGAMI) para a cesión de uso dun local no edificio da Milagrosa**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Redactar unha convocatoria pública de Bases e a determinación dos criterios obxectivos para a selección para que, en base aos principios de publicidade e concorrencia, poidan ter acceso ao uso de locais da deputación máis entidades sen ánimo de lucro que o soliciten e preciseno.

2º.- Iniciar expediente de cesión de uso á Confederación Galega de persoas con discapacidade (COGAMI) dun local de 557,42 m2 no edificio da Milagrosa, á central da 1ª planta, e polo prazo a contar desde a firma do convenio de cesión de uso ata o 31 de decembro de 2021, para situar unha oficina do Servizo de Orientación Laboral, un centro de día para persoas con discapacidade da Comarca, así como para o desenvolvemento de actividades relacionadas con persoas con discapacidade, con carácter gratuito, tendo en conta que esta entidade está a usar estes locais e sempre que non se prexudique o funcionamento da mesma ata o momento en que se publiquen as bases e fágase efectiva a selección das entidades.

– REFERENCIA CATASTRAL: 7899201NH4979N0001FD

– ADQUISICIÓN:

É parte da leira comprada á familia Puga, por escritura pública do 28 de xullo de 1.888 outorgada por D. Manuel Devesa Gago, rectificada por outra do 10 de maio 1.889. Sobre o solar, construíu a Deputación ás súas expensas.

- DESTINO:  
Cesión a la Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI).

3º.- Aprobar o texto do Convenio onde se concretan as condicións de cesión de uso á Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), condicionado á aprobación definitiva do expediente de cesión.

4º.- Someter o expediente a información pública por prazo de 15 días, mediante anuncio a publicar no BOP, para ouvir reclamacións, que serán resoltas polo Pleno da Corporación.

5º.- Dar conta da cesión de uso á Comunidade Autónoma de Galicia.

6º.- Unha vez cumprido o trámite a que refírese o apartado 4º será sometido novamente o expediente á súa aprobación definitiva polo Pleno.

## ANEXO

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) PARA A CESIÓN DE USO DE LOCAIS NO EDIFICIO A MILAGROSA**

En A Coruña , a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

#### **REUNIDOS**

De una parte, \_\_\_\_\_, en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Doutra parte, \_\_\_\_\_, en representación da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) con CIF: G32115941

Ambas as partes recoñécense mutuamente a competencia e capacidade necesarias para asinar o presente convenio, e para o efecto

#### **EXPOÑEN**

1º.- A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como finalidade coordinar e promover a defensa dos intereses das persoas con discapacidade, co fin de conseguir a máxima atención social á problemática que representan.

A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), figura inscrita no Rexistro de Entidades de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia, co número F-011786. Así mesmo, en virtude da Orde INT/1769/2004, do 17 de maio, a citada entidade foi declarada de utilidade pública (BOE núm. 142, do 12 de xuño de 2004), no 2007 modificada a inscrición no rexistro de entidades acción voluntaria de Galicia, co número O – 16 e en decembro de 2010 inscrita no Rexistro

único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número de inscrición E-0154.

A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), ten como fins (artigo 7 dos estatutos):

- 1.- Procurar unha sociedade onde o grupo social das persoas con discapacidades poidan gozar dos seus dereitos en condición de igualdade real co máis absoluto respecto á súa dignidade e diversidade.
- 2.- Defensa do dereito a unha forma de vida e a unha contorna social que garanta a vida independente e o desenvolvemento autónomo de toda persoa con discapacidade.
- 3.- A defensa dos dereitos e liberdades das persoas con discapacidade severa ou de gran dependencia, así como a promoción da súa integración e participación activa na sociedade.
- 4.- Promover a plena integración escolar, laboral e social das persoas con capacidade.
- 5.- Crear as condicións para que as entidades membro poidan cumprir adecuadamente a misión.
- 6.- Promover actitudes sociais positivas cara á persoa con discapacidade.
- 7.- Promover a lexislación adecuada que mellore a situación do colectivo.
- 8.- Orientar, coordinar e impulsar o movemento asociativo integrado na Confederación con criterios de solidariedade.
- 9.- Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas da discapacidade.
- 10.- Representar os seus membros no ámbito autonómico, estatal e internacional.
- 11.- Desenvolver estratexias solidarias para que se poidan alcanzar equilibrios interterritoriais en calidade e servizos.
- 12.- Promoción e desenvolvemento persoal e social da muller con discapacidade, loitando pola súa igualdade de oportunidades na esfera social.
- 13.- Desenvolver programas e actividades, dentro da súa propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención da infancia e da mocidade.
- 14.- Desenvolver programas e actividades, dentro da súa propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención das persoas maiores.
- 15.- Desenvolver programas e actividades, dentro da súa propia discapacidade, dirixidos especificamente a calquera outro colectivo en risco de exclusión social.
- 16.- Desenvolver programas e actividades relacionados co fomento e participación do voluntariado social.
- 17.- Promover e pór en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas para persoas con discapacidade, tendo prioridade aquelas que impulsen o deporte de base.
- 18.- Promover e pór en funcionamento todo tipo de iniciativas culturais, educativas e de pracer orientadas ás persoas con discapacidade.
- 19.- A cooperación internacional e o desenvolvemento, así como a loita contra a pobreza no ámbito da discapacidade a escala internacional.
- 20.- Calquera outro que, de forma directa ou indirecta, poida contribuír ao cumprimento da misión da Confederación ou redundar no beneficio das persoas con discapacidade.

2º.- A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para o cumprimento da misión e dos fins poderá:

- a) Organizar os servizos necesarios de investigación, estudo, programación, información, asistencia técnica, xestión especializada e outros equivalentes que as circunstancias aconsellen, así como actividades, cursos e seminarios sobre diversos aspectos da discapacidade.
- b) Promover, facilitar ou utilizar todos os medios lícitos de información, formación e difusión para dar a coñecer os problemas das persoas con discapacidade e a súa contorna.
- c) Incorporarse a confederacións, asociacións, entidades e organismos de carácter autonómico, estatal ou internacional que poidan ser de utilidade para conseguir os fins da Confederación
- d) Establecer un sistema coherente na estruturación do movemento asociativo.
- e) Promover o voluntariado e a súa formación para o cumprimento dos seus fins.
- f) Desenvolver actividades e iniciativas, dentro do marco legal, que permita o sostemento económico do movemento asociativo.
- g) A integración, creación e promoción de centros educativos, ocupacionais profesionais; vivendas tuteladas e de protección oficial ou calquera outro centro, do cal a súa tipoloxía sexa autorizada por lei; na que primen a inserción socio-laboral das persoas con discapacidade conforme a lexislación vixente.
- h) A promoción de centros laborais incluídos os centros especiais de emprego; participando, promovendo e creando iniciativas empresariais que primen a inserción laboral das persoas con discapacidade, en postos de traballo adaptados ás súas capacidades e en condicións de igualdade de deberes e dereitos cos demais traballadores, conforme a lexislación vixente en todos os casos, tendo prioridade:
- Os Centros Especiais de Emprego dos que a titularidade maioritariamente pertencen a unha asociación sen ánimo de lucro e os seus beneficios repercutan integramente nos propios traballadores discapacitados e/ou no labor social da devandita asociación.
  - Os Centros Especiais de Emprego que adopten a forma xurídica de Cooperativas ou Sociedades Laborais, a condición de que os beneficios repercutan integramente nos propios traballadores do centro ou nunha asociación sen ánimo de lucro pertencente ao movemento asociativo.
- i) Valerse de calquera outro medio lícito que sirva para a realización dos seus fins.

3º.- A Deputación reconece a importancia dos citados fins para os intereses provinciais e considera oportuno contribuír á súa consecución mediante a cesión de uso de locais do antigo Colexio A Milagrosa.

Por todo o exposto, acordan formalizar un convenio de colaboración conforme as seguintes

## **CLÁUSULAS:**

### **PRIMEIRA .- OBXECTO**

A Deputación Provincial da Coruña autoriza a cesión de uso do local cunha superficie de 557,42 m<sup>2</sup>, no edificio da Milagrosa, ala central da 1ª planta, para situar unha oficina do Servizo de Orientación Laboral, un centro de día para persoas con discapacidade da Comarca, así como para o desenvolvemento de actividades relacionadas con persoas con discapacidade, con carácter gratuíto.

## **SEGUNDA .- OBRIGAS DO CESIONARIO**

1.- Os espazos cuxos usos se autorizan utilizaranse pola Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) exclusivamente para os fins indicados. Para estes efectos, comunicarase coa suficiente antelación á Sección de Servizos Sociais da Deputación o programa de desenvolvemento dos cursos e demais actividades que se realicen.

2.- En todos os actos que celebre a Confederación Galega de persoas con discapacidade ou que se realicen no local cuxa cesión de uso se autoriza, farase constar a colaboración de ambas as institucións.

3.- A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) remitiralle ao Servizo de Patrimonio, con carácter anual, unha breve memoria das actividades realizadas nos locais cedidos.

4.- A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), deberá dotarse dos medios persoais e materiais máis adecuados para cumprir cos fins da cesión de uso, e cumprir a normativa laboral e de prevención de riscos laborais e demais disposicións de aplicación.

5.- A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), comprométese a manter adecuadamente os espazos que utilice, non podendo realizar obras sen a autorización da Deputación.

6.- En tanto estea vixente a autorización de uso dos locais, os gastos de teléfono, gas, auga e enerxía eléctrica e aqueloutras que deriven do uso dos locais correrán a cargo da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) e no seu caso instalar ou adaptar os correspondentes contadores individuais.

7.- O Servizo de Patrimonio e Contratación, por si ou a través doutros servizos técnicos da Deputación (Servizos Sociais, Arquitectura e Mantemento, etc) poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos e o cumprimento dos fins do presente convenio.

8.- A Deputación, en calquera momento e en función das necesidades para fins provinciais, poderá deixar sen efecto a autorización de cesión de uso cun aviso previo de seis meses sen dereito a indemnización ningunha.

9.- A propiedade dos locais en cuestión seguirá sendo en todo momento desta Excma. Deputación Provincial, sen que en ningunha forma a presente cesión de uso sexa causa habilitadora da adquisición da propiedade a favor da devandita entidade.

## **TERCEIRA.- PRAZO DE CESIÓN DE USO**

O prazo de cesión de uso do local será desde a sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2021, en tanto se redacta unha proposta de convocatoria pública de Bases que faga efectiva a selección de entidades e a determinación dos criterios

obxectivos para a selección. No entanto a Deputación da Coruña, en calquera momento e en función das súas necesidades, poderá deixar sin efecto a autorización de uso, cun preaviso de 3 meses, e sen que por este motivo teña dereito a Confederación Galega de persoas con discapacidade (COGAMI) a indemnización algunha, debendo devolver os bens en perfecto estado de conservación. Este convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura e terá vixencia ata que transcorra o prazo de cesión de uso a que se refire a presente cláusula, ou ben ata que a Deputación deixe sen efecto a autorización de cesión de uso.

#### **CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA**

O presente convenio ten carácter administrativo, quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver as cuestións litixiosas que en aplicación do presente convenio se susciten entre as partes.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión celebrada o \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento."

(Incorpórase á sesión o Sr. Fernández Angueira).

#### **14.- Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carnota polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Mellora ambiental no Campo de Fútbol de Lariño**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1º.- Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

**2º.- Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carnota polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Mellora ambiental no Campo de Fútbol de Lariño, cunha achega provincial de **121.000,00 euros** con cargo

a la aplicación orzamentaria 0112/171.1/762.01, o que representa un coeficiente de financiamento do **71,839933%** do total do gasto previsto para a obra, que ascende a 168.430,00 € euros e **validar as actuacións**, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Loca

**3º.- Condicionar** o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2021.

## ANEXO

### CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARNOTA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A COFINANCIACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA AMBIENTAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE LARIÑO

Na Coruña, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

#### REUNIDOS

Dunha parte, D. \_\_\_\_\_, Deputado de \_\_\_\_\_ da Excma. Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. \_\_\_\_\_, Alcalde Presidente do **Concello de Carnota**,

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

#### MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local



O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Carnota, considera inaprazable, o acondicionamento do espazo sobre o que se pretende actuar, coñecido como Campo de Fútbol de Lariño, completamente abandonado e nun lamentable estado de conservación, corrixindo o impacto ambiental negativo que estas instalacións están a producir nese tramo de costa e dotándoo de elementos funcionais que posibiliten o seu uso racional, acorde coa paisaxe. Ao mesmo tempo, resolverase a demanda de espazos lúdico recreativos da veciñanza en xeral e moi especialmente da parroquia de Lariño na mesma localización.

Como obra prioritaria e urxente, para evitar a constante degradación dunha zona de alto valor ambiental e paisaxístico, proxéctase esta actuación dentro do ZEC Monte e Lagoa de Louro ES 1110012

Cóntase coa dispoñibilidade dos terreos e solicitaronse e obtivéronse os correspondentes informes aos organismos con competencia sectorial no marco das determinacións urbanísticas xa establecidas para o ámbito de actuación no planeamento municipal vixente.

O investimento ten carácter singular e excepcional, non existindo ningunha instalación ou infraestruturas de natureza análoga no termo municipal.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Carnota** ambas as dúas partes

## **A C O R D A N**

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### **I.- OBXECTO**

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Carnota, con CIF P1502000A, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das **Obras de Mellora ambiental no Campo de Fútbol de Lariño**, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado con data **23 de decembro de 2020** polo Enxeñeiro de Camiños Pablo Blanco Ferreiro.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

## II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material:	116.973,41 euros
Gastos xerais 13,00%	15.206,54 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	7.018,40 euros
Presuposto base de licitación (sen IVE)	139.198,35 euros
IVE (21%)	29.231,65 euros
Presuposto base de licitación (con I.V.E)	<b>168.430,00 euros</b>

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **121.000,00 euros** o que representa unha porcentaxe de **71,839933%** A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **71,839933%** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

**Tampouco** se financiarán os incrementos de gasto derivados de **modificados, reformados ou liquidacións da obra.**

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/171.1/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información

pública e bo goberno, **dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.**

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1. Coa posibilidade prevista na Base 54<sup>o</sup> das de execución do Orzamento para o ano 2021, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- A. Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- B. **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- C. Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- D. **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- E. **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta

xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

#### **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio

que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.**

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2021**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2021**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2022**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente

extinguído, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

#### **15.- Aprobación da rectificación do inventario de bens da Deputación Provincial da Coruña. Ano 2020**

##### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

##### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Aprobar a rectificación do inventario de bens da Deputación Provincial da Coruña.



2. Remitir unha copia á Administración do Estado e da Comunidad Autónoma, en cumprimento do establecido no artigo 32.1 do Regulamento de Bens

## **ANEXO**

### **RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

#### **ALTAS, BAIXAS E CESIÓN S DENDE 01 DE XANEIRO DE 2020 ATA 31 DE DECEMBRO DE 2020**

##### **Epígrafe 1.1. Inmobles urbanos:**

- Alta do nº de orde 128: finca no lugar de Sisto, Pontedeume, con referencia catastral 4450101NJ6045S0001WL, por resolución de presidencia nº 7.542 do 28/02/2020.

##### **Epígrafe 1.2.- Tramos de estrada:**

- Non hai alteracións.

##### **Epígrafe 3.-Mobles históricos, artísticos e de considerable valor económico:**

- Alta dos nº de orde 2651 a 2658: Obras seleccionadas no XVI certame Isaac Díaz Pardo. Por resolución de presidencia 46.149 do 18/12/2019. (entregadas en xaneiro)
- Alta do nº de orde 2659: Sen Título, da serie Binomios. Autor: Pablo Rodríguez Barreiro. Seleccionada no XVI certame Isaac Díaz Pardo. Por resolución de presidencia 4032 do 04/02/2020.
- Alta do número de orde 2660: Un cadro sen Título de Marco Antonio Costa Moreira, adquirido por Resolución 26972 do 12/08/2019 e entregado en xullo de 2020 segundo a acta de entrega.
- Alta dos nº de orde 2661 e 2662: Obras premiadas no XIII certame "Antonio Fraguas Fraguas". Por resolución de presidencia 40.502 do 10/12/2020.

##### **Epígrafe 4.-Valores Mobiliarios:**

- Non hai alteracións

##### **Epígrafe 5.-.Vehículos:**

- Non hai alteracións.

##### **Epígrafe 7.1.- Outros mobles:**

- Non hai alteracións.

##### **Epígrafe 7.2.-Máquinas e equipamento informático:**

- Baixa do número de orde 1191: un maletín con videoproxector marca Medium, por Resolución de Presidencia 1.108 do 14/01/2020.

- Baixa dos números de orde 2789, 2790, 2791, 2792, 2794 e 2796: Reproductores de CD; 3033: un cassette; 728 e 3608: mini cadenas; 2798 e 2800: reproductores de vídeo, por Resolución de Presidencia 2.106 do 24/01/2020.
- Baixa dos números de orde 1813, 1825, 1826, 1831, 1832, 1846, 1871, 1872, 1876, 2657, 2664, 2669, 2670, 2671, 2683, 2687, 2700, 3057, 3061, 3063, 3064, 3067, 3392, 3396, 3400, 3402, 3413, 3420, 3422, 3425, 3429, 3432, 3438, 3439, 3441, 3443, 3445, 3451, 3455, 3457, 3458, 3462, 3468, 3468, 3476, 3483, 3484, 3485, 3487, 3713, 3724, 3729, 3748, 3911, 3911, 3915, 3916, 3925, 3928, 3987, 3988, 3995, 3997, 4004, 4948, 5012 e 5753 e outros 3 sen número de orde coñecido (CPUs); e os números de orde 3815, 3884, 3930, 3934, 3944, 4286, 4499, 4509, 4553, 4555, 4571, 4628, 4652, 4899, 5088, 5176, 5225, 5356, 5363, 5364, 5470, 5487, 5608, 5795, 5796, 5826, 5828, 5829, 5838 e 5917 e outros 40 sen número de orde coñecido (monitores): conxunto de 70 CPUS e 70 monitores, por Resolución de Presidencia 9.494 do 12/03/2020.
- Baixa dos números de orde 7587, 7588 e 7592: 3 tabletas electrónicas marca Huawei, por Resolución de Presidencia 18.707 do 16/06/2020.
- Baixa do nº de orde 7596: unha tableta electrónica marca Huawei, por Resolución de Presidencia 20.499 do 06/07/2020.
- Baixa do número de orde 6216: unha lavadora marca Zanussi, por resolución de Presidencia 32.946 do 26/10/2020.
- Baixa do número de orde 1331: unha máquina de impresión marca Heiderberg, por Resolución de Presidencia 34.840 do 05/11/2020.
- Alta dos números de orde 7586 a 7596: Tablet as electrónicas Huawei, por Resolución de Presidencia 13.133 do 16/04/2020.
- Alta dos números de orde 7597 a 7666: 70 CPUs marca INSYS e os números de orde 7667 a 7736: 70 monitores marca Iiyama, por Resolución de Presidencia 14.119 do 27/04/2020.
- Alta dos números de orde 7737 a 7749, estacións de traballo marca iMac, por Resolución de Presidencia 24.791 do 20/08/2020.
- Alta do número de orde 7750, escuadradora marca Felder, por Resolución de Presidencia 24.792 do 20/08/2020.
- Alta dos números de orde 7751 a 7850: 100 ordenadores portátiles marca Lenovo, por Resolución de Presidencia 28.353 do 23/09/2020.
- Alta dos números de orde 7851 e 7852: proxectores marca Optoma, por Resolución de presidencia 32.951 do 26/10/2020.
- Alta do número de orde 7860: unha smart TV marca Samsung, por Resolución de Presidencia 41.976 do 18/12/2020.
- Alta dos números de orde 7853: cámara marca Laia; 7854 e 7856: televisores marca LG; 7855 e 7857: micrófonos marca T-Pod, por Resolución de Presidencia 42.165 do 21/12/2020.

•  
**Epígrafe 7.3.-Accesorios:**

- Non hai alteracións.

**Epígrafe 8.1.-Inmobles cedidos / Revertibles:**

- Non hai alteracións.

**Epígrafe 8.2.1.-Bens mobles e outros dereitos cedidos / Revertibles. Mobiliario:**

- Non hai alteracións.

**Epígrafe 8.2.2.-Bens mobles e outros dereitos cedidos / Revertibles. Maquinas e equipamento informático:**

- Non hai alteracións.

**Epígrafe 8.2.3.- Bens mobles e outros dereitos cedidos / Revertibles. Vehículos:**

- Non hai alteracións.

**Epígrafe 9.1.-Inmobles arrendados á Deputación.**

- Non hai alteracións.

**Epígrafe 10.1.-Inmobles cedidos á Deputación.**

- Non hai alteracións.

**16.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Ampliación do local social de San Mateo", do Concello de Narón, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 2/2020, para o financiamento de gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, co código 2020.2102.0357.0, levantamento da condición á que quedou sometida e aprobación definitiva desta obra.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2020, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión do 25 de outubro de 2019 e publicadas no BOP nº 208 de 31 de outubro de 2019 e modificadas posteriormente para a regulación do POS Adicional 1 e POS Adicional 2 por acordo do Pleno provincial do 30 de abril de 2020 e publicadas no BOP nº 66 do 5 de maio de 2020.

Logo de ver o acordo do Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria realizada o 31 de xullo de 2020, en relación coa Resolución de Presidencia desta Deputación número 24870 do 24 de agosto de 2020, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2020 para o financiamento de gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles.

Logo de ver que na listaxe dos investimentos que se inclúen no POS+ Adicional 2/2020 para o financiamento de gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles figura, entre outras, a obra do Concello de Narón denominada “Ampliación do local social de San Mateo”, co código 2020.2102.0357.0, aprobada de maneira condicionada á presentación dun proxecto corrixido e aprobado e á supervisión favorable.

Logo de presentar o Concello de Narón un proxecto modificado desta obra para adaptalo as indicacións do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación, respecto ao proxecto técnico inicial, con incremento do seu orzamento, que é financiado polo concello, así como a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente e á vista da demais documentación administrativa xustificativa da modificación e habida conta do informe de supervisión favorable do dito Servizo de Asistencia Técnica a Municipios.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Narón denominada “Ampliación do local social de San Mateo”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2020 para o financiamento de gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, co código 2020.2102.0357.0, que fora aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o 31 de xullo de 2020, en relación coa Resolución de Presidencia desta Deputación número 24870 do 24 de agosto de 2020, cun orzamento de contrata de 100.488,16€, que supón un incremento do seu orzamento respecto ao do proxecto técnico inicial de 12.170,27€ que é financiado integramente polo Concello de Narón.

Proxecto Modificado “Ampliación do local social de San Mateo” do Concello de Narón 2020.2102.0357.0			
<b>Axentes financeiros</b>	<b>Orzamento de contrata Proxecto Inicial</b>	<b>Orzamento de contrata Proxecto Modificado</b>	<b>Incremento</b>
Deputación	88.317,89	88.317,89	0,00
Concello	0,00	12.170,27	12.170,27
<b>Total</b>	<b>88.317,89</b>	<b>100.488,16</b>	<b>12.170,27</b>

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado, e coa documentación presentada polo concello de Narón, considerar cumprida a condición á que foi sometida a aprobación desta obra, toda vez que o Concello de Narón presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento, e en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento, incluído no POS+ Adicional 2/2020 para o financiamento de gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, co código 2020.2102.0357.0

Proxecto Modificado "Ampliación do local social de San Mateo" do Concello de Narón 2020.2102.0357.0			
<b>Axentes financeiros</b>	<b>Orzamento de contrata Proxecto Inicial</b>	<b>Orzamento de contrata Proxecto Modificado</b>	<b>Incremento</b>
Deputación	88.317,89	88.317,89	0,00
Concello	0,00	12.170,27	12.170,27
<b>Total</b>	<b>88.317,89</b>	<b>100.488,16</b>	<b>12.170,27</b>

3.- Na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra.

4.- Notificar este acordo ao Concello de Narón para os efectos oportunos."

**17.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ensanche e mellora de viario existente nos lugares de Trasdoanes e Laranga", do Concello de Porto do Son, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 co código 2020.2100.0052.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Porto do Son do proxecto modificado do investimento denominado "Ensanche e mellora de viario existente nos lugares de Trasdoanes e Laranga", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 co código 2020.2100.0052.0, no que se acreditan os seguintes

#### ANTECEDENTES:

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 26 de xuño de 2020, en relación coa Resolución de Presidencia nº 23130 do 29 de xullo de 2020, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 e o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento do Concello de Porto do Son

Tendo en conta que, segundo o disposto no apartado 2 do citado acordo, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada un deles, entre os que figura este investimento cos seguintes datos:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO			Condición pendente
			Deputación	Concello	Orzamento Total	
2020.2100.0052.0	Porto do Son	Ensanche e mellora viais en Trasdoanes e Laranga	141.480,93	20.325,06	161.805,99	Acreditación da dispoñibilidade dos terreos

Logo de presentar o 23 de febreiro de 2021 o Concello de Porto do Son un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 23 de febreiro de 2021 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos que xa redactara o proxecto inicial, Vicente Lourido Vázquez, que foi aprobado polo concello, previos os correspondentes informes favorables, sen variación do seu orzamento total respecto do proxecto inicial, nin da súa finalidade, pero que implica un cambio puntual do trazado inicialmente previsto, para poder acreditar a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución deste investimento ao non seren cedidas de forma voluntaria polos seus propietarios tres parcelas das trinta e unha necesarias para acometer este investimento

Tendo en conta que este investimento non está adxudicado e que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 4 de marzo de 2021 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación en relación a este proxecto modificado

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario adoptado na sesión realizada o 25 de outubro de 2019 (BOP número 208, do 31 de outubro de 2019) e modificadas mediante acordo plenario adoptado o 30 de abril de 2020 para a regulación do POS+Adicional 1/2020 e do POS+Adicional 2/2020 (BOP número 66 do 5 de maio de 2020)

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Ensanche e mellora de viario existente nos lugares de Trasdoanes e Laranga”, do Concello de Porto do Son, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 co código 2020.2100.0052.0, que foi aprobado mediante o acordo plenario desta deputación provincial adoptado na sesión ordinaria realizada o 26 de xuño de 2020, en relación coa Resolución da Presidencia nº 2020/23130 do 29 de xullo de 2020, que aínda non está adxudicado, e que foi aprobado polo Concello de Porto do Son, previos os correspondentes informes favorables, sen variación do seu orzamento total respecto do proxecto

inicial, nin da súa finalidade, pero que implica un cambio puntual do trazado inicialmente previsto, para poder acreditar a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución deste investimento ao no seren cedidas de forma voluntaria polos seus propietarios tres parcelas das trinta e unha necesarias para acometer este investimento, sendo os seus datos os que figuran na seguinte táboa:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO			Condición cumprida
			Deputación	Concello	Orzamento Total	
2020.2100.0052.0	Porto do Son	Ensanche e mellora viais en Trasdoanes e Laranga	141.480,93	20.325,06	161.805,99	Acreditación da dispoñibilidade dos terreos

2.- Considerar cumprida a condición a que fora sometido este investimento, segundo o apartado 2 do citado acordo plenario desta deputación adoptado o 26 de xuño de 2020, consistente na obtención da acreditación da dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución deste investimento e, en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento incluído no POS+ 2020.

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Porto do Son para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento."

**18.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Reforma e adecuación do centro municipal de formación ocupacional de Osedo", do Concello de Sada, incluída na 2ª e derradeira Fase do POS+ADICIONAL 1/2017 por maior achega provincial, co código 2017.2001.0772.0**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único dos concellos) POS+2017, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 25 de novembro de 2016 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 226, de 29 de novembro de 2016

Logo de ver que o Pleno desta Deputación na sesión realizada o 23 de marzo de

2018, en relación coa Resolución de Presidencia número 10762 do 26 de marzo de 2018, aprobou a segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único dos concellos) POS+ADICIONAL 1/2017 por maior achega provincial.

Logo de ver que no Anexo a este acordo plenario provincial de aprobación figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen na 2ª e derradeira fase do POS+ Adicional1/2017 por maior achega provincial, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Sada denominada “Reforma e adecuación do centro municipal de formación ocupacional de Osedo”, co código 2017.2001.0772.0 aprobada de maneira condicionada á obtención da autorización da D.X de Patrimonio Cultural.

Logo de ver que Mediante Resolución de Presidencia desta Deputación nº 16351 de 14/05/2018 considerouse cumprida a condición á que foi sometida a obra e aprobouse definitivamente o dito investimento.

Logo de presentar o Concello de Sada un proxecto modificado desta obra, que xa está adxudicada, con incremento do seu orzamento, así como a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente, a conformidade do contratista adxudicatario da obra, a acreditación da dispoñibilidade de crédito municipal para facer fronte ao incremento que experimenta o proxecto con motivo da súa modificación e o resto da documentación administrativa necesaria, e tendo en conta que ten a supervisión favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto técnico modificado da obra denominada "Reforma e adecuación do centro municipal de formación ocupacional de Osedo", incluída no POS+Adicional 1/2017, 2ª e derradeira fase, co código 2017.2001.0772.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o 23 de marzo de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia da Deputación 10762 do 26 de marzo de 2018, cun orzamento de contrata de 301.905,84€, que supón un incremento do seu orzamento respecto ao do proxecto técnico inicial, segundo se reflicte na seguinte táboa:

<b>Proxecto Modificado</b> <b>“Reforma e adecuación do centro municipal de formación ocupacional de Osedo”</b> <b>Concello de Sada</b> <b>POS AD 2017 (17.2001.0772.0)</b>				
		<b>Contrata</b>	<b>Adxudicación</b>	<b>Baixa</b>
<b>PROXECTO INICIAL</b>	<b>Deputación</b>	167.931,60	167.931,60	0,00
	<b>Concello</b>	81.780,40	23.547,56	58.232,84
	<b>Total</b>	249.712,00	191.479,16	58.232,84



<b>PROXECTO MODIFICADO</b>	<b>Deputación</b>	167.931,60	167.931,60	0,00
	<b>Concello</b>	133.974,24	63.569,80	70.404,44
	<b>Total</b>	301.905,84	231.501,40	70.404,44
<b>INCREMENTO</b>	<b>Deputación</b>	0,00	0,00	0,00
	<b>Concello</b>	52.193,84	40.022,24	12.171,60
	<b>Total</b>	52.193,84	40.022,24	12.171,60

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/93394/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Sada para os efectos oportunos."

**19.- Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes febreiro de 2021 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 28 de febreiro de 2021.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de febreiro de 2021.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 28 de febreiro de 2021.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

**20.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 2/2021 de aprobación polo Pleno.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 2/2021 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 43.624.284,90 euros e que ofrece o seguinte resumo:

**A. NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO**

**A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):**

CE. Créditos extraordinarios: 391.591,27

SC. Suplementos de crédito: 43.232.693,63

**Total aumentos: 43.624.284,90**

**A.2) Baixas (fontes de financiamento):**

Remanente de Tesourería: 43.624.284,90

Baixas por anulación: 0,00

**Total financiamento: 43.624.284,90**

**B) RESUMOS POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS**

**B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos**

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	0,00	0,00
2. Gastos correntes	2.683.853,54	0,00
3. Gastos financeiros	32.107,18	0,00
4. Trans. Correntes	5.860.733,06	0,00
5. Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	10.006.195,92	0,00
7. Trans. de capital	25.041.395,20	0,00
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
<b>TOTAL:</b>	<b>43.624.284,90</b>	<b>0,00</b>

**B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos**

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	0,00
2. Impostos indirectos	0,00
3. Taxas e outros ingresos	0,00
4. Transferencias correntes	0,00
5. Ingresos patrimoniais	0,00
6. Enaxenación investimentos reais	0,00
7. Transferencias de capital	0,00
8. Act. Finan. (Reman. Tesourería)	43.624.284,90
9. Pasivos financeiros	0,00
<b>TOTAL:</b>	<b>43.624.284,90</b>

**2.-** Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularan reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

**3.-** O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

**4-** Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

**5.-** Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2021 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

Ademais, a estes efectos hai que ter en conta os acordos adoptados polo Consello de Ministros do 6 de outubro e polo Congreso dos Deputados na sesión do 20 de outubro de 2020 sobre a suspensión da aplicación das regras fiscais no exercicio 2020 e 2021 como consecuencia da situación excepcional de pandemia formalmente declarada.

**6.-** No que atinxe á dotación económica prevista neste expediente de modificación de créditos para subvencións de concesión directa, que non xera ningún dereito cara ós potenciais beneficiarios, resaltar que a xustificación da presenza de causas excepcionais e de interese público resulta extemporánea neste intre, segundo mostra a práctica habitual desta institución nas últimas décadas; deixando tamén constancia

de que en ningún caso se dará tramite a expediente algún que incumpra as prescricións legais, recordando neste senso ás unidades xestoras, e ós órganos de ditame e resolutorios do procedemento, que en ningún caso se asignará recurso algún a través de convenio administrativo que non incorpore a debida xustificación da excepcionalidade, interese público, que non permitan a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación, tal e como informa a Intervención Xeral, que reitera a necesidade de facelo na tramitación administrativa posterior do expediente, e, en todo caso, previamente á firma do convenio de achega provincial á obra ou á actividade de que se trate.

A maior abundamento, é de salientar a posibilidade de asignación de fondos provinciais con carácter excepcional, tal e como sinala o Informe de Asesoría Xurídica desta institución (nº 45/2018, sobre "*Cuestións relativas ó procedemento de concesión de subvencións nominativas*", de 23 de marzo), cando se xustifique no expediente administrativo a tramitar; debendo resaltar neste senso a asignación a todos e cada un dos Concellos da provincia do maior Plan de Obras e Servizos de todo o estado, que esta Corporación Provincial pasou, dunha asignación de 25 millóns de euros, a unha asignación de máis de 100.000.000 millóns de euros.

**7.-** Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

#### **21.- Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo 2022-2024.**

Dáse conta do contido do Plan orzamentario a medio prazo 2022-2024, de aprobación pola Presidencia.

#### **22.- Dación de conta do informe de intervención sobre a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2020.**

Dáse conta do informe de intervención sobre a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2020.

#### **23.- Dación de conta do Informe da fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación provincial e doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2019.**

Dáse conta do informe da Intervención provincial sobre a fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación Provincial e dos recursos doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2019, en aplicación do disposto nos artigos 214, 219 e 222 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no apartado 34.2 das Bases de execución do orzamento para o exercicio 2019 e da Resolución da Presidencia nº 45329 de 26/12/2018 (de aplicación aos procedementos de fiscalización que se

desenvolvan a partir de 1 de Xaneiro de 2019, con independencia de que os actos a fiscalizar sexan anteriores ou posteriores á devandita data), pola que se aproba a "Circular para a substitución da Fiscalización previa de dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores" que establece a fiscalización a posteriori polos procedementos de mostraxe que se determinen pola Intervención Xeral, previa toma de razón en contabilidade, das liquidacións de contraído previo, ingreso directo e da anulación de liquidacións referidas a recursos propios da Deputación e tributos cuxa xestión foi delegada polos Concellos da provincia na Deputación Provincial.

Infórmase sobre o devandito resumo, que conclúe que os actos de xestión e inspección tributaria revisados, así como os de recadación, non presentan erros relevantes e axústanse ao ordenamento xurídico e tributario de aplicación.

#### **24.- Dación de conta do informe-resumo emitido polo órgano interventor ao abeiro do disposto no artigo 37 do Regulamento do réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local.**

Dáse conta do informe-resumo emitido polo órgano interventor o día 15 de marzo de 2021, ao abeiro do disposto no artigo 37 do Regulamento de réxime xurídico de control interno das entidades do sector público local (R.D. 424/2017, do 27 de abril), con respecto á actividade de control interno realizada no exercicio económico 2020.

#### **25.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias tributarias do Concello de Mesía.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar a delegación das competencias acordada polo Concello de Mesía en relación coa seguinte materia:

Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ao ano.

2. A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas ao efecto por esta Deputación Provincial."

**26.- Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de ABEGONDO para levar a cabo as obras dos proxectos construtivos "SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE", tramos 1, 2 e conexión con Carral.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aprobar a formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de ABEGONDO, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización das obras recollidas no proxecto "SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE (tramos 1, 2 e conexión con Carral)", proposta de actuación incluída no Plan Director de Mobilidade Ciclista da Deputación da Coruña 2017/2019, segundo se indica:

DENOMINACIÓN PROXECTO	CUSTE ELIXIBLE	ACHEGA FEDER (80 %)	ACHEGA DEPUTACIÓN (20 %)
SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1	837.091,61 €	669.673,29 €	167.418,32 €
SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 2	802.924,56 €	642.339,65 €	160.584,91 €
SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, CONEXIÓN CON CARRAL	572.297,31 €	457.837,85 €	114.459,46 €

2. Condicionar a contratación e execución das obras obxecto da encomenda á efectiva disposición dos fondos necesarios para o seu financiamento e á aprobación do citado proxecto de obra.

3. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ABEGONDO PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DOS PROXECTOS CONSTRUTIVOS "SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE", TRAMOS 1, 2 e CONEXIÓN CON CARRAL**

A Coruña, ... de ..... do 2021

**REUNIDOS**

Dunha parte \_\_\_\_\_ en representación da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte \_\_\_\_\_ en representación do Concello

de Abegondo.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e a tal efecto

## EXPOÑEN

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña en sesión ordinaria celebrada o vinte e sete de outubro de dous mil dezasete tomou coñecemento e ratificou a Resolución da súa Presidencia núm. 32005/2017, do 16 de outubro, en cuxa virtude se aprobaba o Plan de Mobilidade Ciclista da Provincia da Coruña e acordaba solicitar financiamento do FEDER no marco da convocatoria aprobada por Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital (BOE núm. 144, do 17.06.2017), pola que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, no marco do Programa Operativo de Crecemento Sustentable 2014-2020, para as propostas de actuación que nesta resolución se detallan, entre as que se atopan as de:

DENOMINACIÓN PROXECTO	CUSTE ELIXIBLE	ACHEGA FEDER (80 %)	ACHEGA DEPUTACIÓN (20 %)
SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1	837.091,61 €	669.673,29 €	167.418,32 €
SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 2	802.924,56 €	642.339,65 €	160.584,91 €
SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, CONEXIÓN CON CARRAL	572.297,31 €	457.837,85 €	114.459,46 €

Mediante Resolucións do Director Xeral do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) acordouse conceder á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA as axudas que se indican, ao amparo e de conformidade co establecido no Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 (B.O.E. nº 144, do 17 de xuño de 2017), modificado polo Real Decreto 1516/2018, do 28 de decembro e o Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, para levar a cabo o proxecto coas actuacións descritas anteriormente, nos seguintes termos e condicións aplicables:

NÚMERO PROXECTO IDAE	DENOMINACIÓN PROXECTO	CONCELLO	OBXECTIVO ESPECÍFICO / MEDIDA	INVERSIÓN ELIXIBLE ADMITIDA	AXUDA A OUTORGAR (cofinanciación FEDER)
FEDER-EELL-2019-000718	SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1	ABEGONDO	OE 451 Medida 08	837.091,60 €	669.673,29 €
FEDER-EELL-2019-000716	SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 2	ABEGONDO	OE 451 Medida 08	802.924,56 €	642.339,65 €
FEDER-EELL-2019-	SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-	ABEGONDO	OE 451 Medida 08	572.297,31 €	457.837,85 €

000711	CECEBRE, CONEXIÓN CON CARRAL				
--------	------------------------------------	--	--	--	--

Concluída a redacción dos proxectos pola Deputación Provincial da Coruña, nos que se recollen os detalles das obras necesarias para a súa realización, así como os orzamentos finais, que ascenden aos importes que se indican no seguinte cadro (IVE incluído), éstos foron aprobados por Acordo da Xunta de Goberno do 29.12.2020:

NÚMERO PROXECTO IDAE	DENOMINACIÓN PROXECTO	ORZAMENTO
FEDER-EELL-2019-000718	SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1	810.428,04 €
FEDER-EELL-2019-000716	SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 2	785.794,63 €
FEDER-EELL-2019-000711	SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, CONEXIÓN CON CARRAL	554.465,53 €

Visto o anterior considérase procedente a subscripción dun convenio de colaboración para a “encomenda de xestión” entre o Concello de ABEGONDO e a Deputación da Coruña para a execución das obras dos proxectos construtivos "SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE", TRAMOS 1, 2 e CONEXIÓN CON CARRAL”, que afectan ao término municipal do Concello de ABEGONDO.

En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración entre ambas as dúas administracións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio entre a Deputación da Coruña e o Concello de Abegondo con suxeición as seguintes cláusulas.

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

1. O obxecto do presente convenio é regular a encomenda de xestión por parte do Concello de Abegondo a favor da Deputación da Coruña para a realización das obras recollidas nos proxectos que se indican no seguinte cadro, que afectan a esta área municipal, documentos que conteñen de xeito fidedigno as propostas técnicas e orzamentarias correspondentes para a súa realización práctica, e cuxos orzamentos finais, IVE incluído, ascenden aos seguintes importes:

NÚMERO PROXECTO IDAE	DENOMINACIÓN PROXECTO	ORZAMENTO
FEDER-EELL-2019-000718	SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1	810.428,04 €
FEDER-EELL-2019-000716	SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 2	785.794,63 €
FEDER-EELL-2019-	SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE,	554.465,53 €



2. O prazo de execución dos traballos é de diez (10) meses para os tramos que recollen as obras previstas nos proxectos de referencia e que afectan ao termo municipal de Abegondo, segundo as cláusulas e condicións recollidas nos seguintes puntos.

### **SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE ABEGONDO**

En virtude da sinatura do presente convenio o Concello de Abegondo, obrígase dentro do seu termo municipal a:

1. Como trámite previo á licitación das obras, presentar unha certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado, para a execución das obras as que se refiren as actuacións descritas nos proxectos construtivos “SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE”, TRAMOS 1, 2 e CONEXIÓN CON CARRAL” e que afectan a esta área municipal, así como a reposición de servizos e servidumes afectados.

2. Facilitar a realización das obras correspondentes ao proxecto “SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE”, TRAMOS 1, 2 e CONEXIÓN CON CARRAL.

3. Unha vez realizadas as obras pola Deputación Provincial da Coruña e coa asistencia do persoal designado polo Concello de Abegondo, procederase a formalizar a acta de entrega á entidade municipal das obras realizadas, asumindo éste a súa explotación, mantemento e conservación como titular destas, ou se fose o caso por parte dos entes titulares afectados no ámbito territorial do Concello de Abegondo.

### **TERCEIRA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

1. Executar os proxectos construtivos “SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE”, TRAMOS 1, 2 e CONEXIÓN CON CARRAL, que contemplan as obras previstas nos proxectos de obra aos que se refire o presente convenio e recollen de xeito fidedigno as directrices técnicas establecidas no Plan de Mobilidade Ciclista da Provincia da Coruña.

2. Aplicar o financiamento das obras recollidas nos proxectos construtivos referidos no apartado anterior, que se executarán no termo municipal de Abegondo, conforme aos planos e resto de documentación técnica do mesmo.

3. Levar a cabo as actuacións de contratación, execución e dirección das obras descritas no proxecto e formalizar os actos de recepción das mesmas.

4. Comunicar ao Concello de Abegondo a data e hora para o acto de recepción das obras pola Deputación Provincial da Coruña, ao cal deberá asistir o representante designado polo Concello de Abegondo, xunto co técnico competente que determine. Unha vez formalizada a recepción, procederase a continuación a facer a acta de entrega das obras realizadas ao Concello de Abegondo, ou se fora o caso a aqueles

entes titulares afectados no ámbito territorial municipal, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obra.

#### **CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

1. Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante do Concello de Abegondo e outro representante da Deputación Provincial da Coruña. As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio.
- Resolver as posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

2. Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

#### **QUINTA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO**

Este convenio ten natureza administrativa e será de aplicación o Decreto 246/92, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais e outros entres de dereito público, rixindo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, en especial a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rixiranse polo establecido nas cláusulas do mesmo.

#### **SEXTA. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS**

1. As dúbidas que se presenten na súa interpretación, no caso de discrepancias serán resoltas polo Presidente da Deputación da Coruña, visto o informe da Comisión de Seguimento, poñendo así fin á vía administrativa.

2. No caso de controversias xurdidas durante a execución do presente convenio, que non puidesen ser resoltas pola comisión de seguimento, serán da competencia da xurisdición contencioso-administrativa a súa resolución.

3. Serán causas de extinción deste convenio;

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade na realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou

impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.

- Denuncia por causas de interese público ou a instancia de calquera das partes.

4. Cada unha das situación descritas no apartado anterior, por sí soa, será causa suficiente de rescisión do convenio.

#### **SÉTIMA. PUBLICIDADE**

O convenio de Encomenda de Xestión será obxecto de publicidade de conformidade co disposto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo Goberno, e no artigo 11.3 b) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Neste senso, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle de ao presente convenio a publicidade esixida.

#### **OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO**

Este convenio producirá efecto a partir da súa sinatura. A vixencia manterase ata a entrega das obras no prazo sinalado no documento técnico ou no que, por motivos debidamente xustificados, poidan acordar as administracións afectadas. A ampliación dos prazos realizarase previa a correspondente solicitude a través da Comisión de Seguimento citada na cláusula cuarta.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións.

Así o outorga no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

Pola Deputación Provincial da Coruña  
Asdo:

Polo Concello de Abegondo  
Asdo:"

**27.- Aprobación dun Convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de BETANZOS para levar a cabo as obras do proxecto construtivo "SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1"**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aprobar a formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de BETANZOS, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización das obras recollidas no proxecto "SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1", proposta de actuación incluída no Plan Director de Mobilidade Ciclista da Deputación da Coruña 2017/2019, segundo se indica:

DENOMINACIÓN PROXECTO	CUSTE ELIXIBLE	ACHEGA FEDER (80 %)	ACHEGA DEPUTACIÓN (20 %)
SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1	837.091,61 €	669.673,29 €	167.418,32 €

2. Condicionar a contratación e execución das obras obxecto da encomenda á efectiva disposición dos fondos necesarios para o seu financiamento e á aprobación do citado proxecto de obra.

3. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BETANZOS PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DO PROXECTO CONSTRUTIVO "SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1"**

A Coruña, ... de ..... do 2021

**REUNIDOS**

Dunha parte \_\_\_\_\_ en representación da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte \_\_\_\_\_ en representación do Concello de Betanzos

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e a tal efecto

**EXPOÑEN**

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, en sesión ordinaria celebrada o vinte e sete de outubro de dous mil dezasete, tomou coñecemento e ratificou a Resolución da súa Presidencia núm. 32005/2017, do 16 de outubro, en cuxa virtude se aprobaba o Plan de Mobilidade Ciclista da Provincia da Coruña, e acordaba solicitar financiamento do FEDER no marco da convocatoria aprobada por Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital (BOE núm. 144, do 17.06.2017), pola que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, no marco do Programa Operativo de Crecemento Sustentable 2014-2020, para as propostas de actuación que nesta resolución se detallan, entre as que se atopa a de:

DENOMINACIÓN PROXECTO	CUSTE ELIXIBLE	ACHEGA FEDER (80 %)	ACHEGA DEPUTACIÓN (20 %)
SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1	837.091,61 €	669.673,29 €	167.418,32 €

Mediante Resolución do Director Xeral do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) acordouse conceder á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA a axuda que se indica, ao amparo e de conformidade co establecido no Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 (B.O.E. nº 144, do 17 de xuño de 2017), modificado polo Real Decreto 1516/2018, do 28 de decembro e o Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, para levar a cabo o proxecto coas actuacións descritas anteriormente, nos seguintes termos e condicións aplicables:

Nº PROXECTO IDAE	DENOMINACIÓN PROXECTO	CONCELLO	OBXECTIVO ESPECÍFICO / MEDIDA	INVERSIÓN ELIXIBLE ADMITIDA	AXUDA A OUTORGAR (cofinanciación FEDER)
FEDER-EELL-2019-000718	SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1	BETANZOS	OE 451 Medida 08	837.091,60 €	669.673,29 €

Concluída a redacción do proxecto pola Deputación Provincial da Coruña, no que se recolle o detalle das obras necesarias para a súa realización, así como o orzamento final, que ascende a 810.428,04 €, IVE incluído, éste foi aprobado por Decreto do 18 de decembro de 2020, da Alcaldía do Concello de Betanzos.

Visto o anterior considérase procedente a subscripción dun convenio de colaboración para a “encomenda de xestión” entre o Concello de Betanzos e a Deputación da Coruña para a execución das obras do proxecto construtivo "SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1", que afectan ao término municipal do Concello de Betanzos.

En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración entre ambas as dúas administracións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio entre a Deputación da Coruña e o Concello de Betanzos con suxeición as seguintes cláusulas.

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

1. O obxecto do presente convenio é regular a encomenda de xestión por parte do Concello de Betanzos a favor da Deputación da Coruña para a realización das obras

recollidas no proxecto que se indica no seguinte cadro, que afectan a esta área municipal, documento que contén de xeito fidedigno a proposta técnica e orzamentaria correspondente para a súa realización práctica, e cuxo orzamento final, IVE incluído, ascende ao seguinte importe:

<b>Nº PROXECTO IDAE</b>	<b>DENOMINACIÓN PROXECTO</b>	<b>ORZAMENTO</b>
FEDER-EELL-2019-000718	SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1	810.428,04 €

2. O prazo de execución dos traballos é de diez (10) meses para os tramos que recollen as obras previstas nos proxectos de referencia e que afectan ao termo municipal de Betanzos, segundo as cláusulas e condicións recollidas nos seguintes puntos.

## **SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE BETANZOS**

En virtude da sinatura do presente convenio o Concello de Betanzos, obrígase dentro do seu termo municipal a:

1. Como trámite previo á licitación das obras, presentar unha certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado, para a execución das obras as que se refiren as actuacións descritas no proxecto construtivo “SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1” e que afectan a esta área municipal, así como a reposición de servizos e servidumes afectados.
2. Facilitar a realización das obras correspondentes ao proxecto “SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1”.
3. Unha vez realizadas as obras pola Deputación Provincial da Coruña e coa asistencia do persoal designado polo Concello de Betanzos, procederase a formalizar a acta de entrega á entidade municipal das obras realizadas, asumindo éste a súa explotación, mantemento e conservación como titular destas, ou se fose o caso por parte dos entes titulares afectados no ámbito territorial do Concello de Betanzos.

## **TERCEIRA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

1. Executar o proxecto construtivo “SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1”, ao que se refire o presente convenio, que recolle de xeito fidedigno as directrices técnicas establecidas no Plan de Mobilidade Ciclista da Provincia da Coruña.
2. Aplicar o financiamento das obras recollidas no proxecto construtivo referido no apartado anterior, que se executarán no termo municipal de Betanzos, conforme aos planos e resto de documentación técnica do mesmo.
3. Levar a cabo as actuacións de contratación, execución e dirección das obras descritas no proxecto e formalizar os actos de recepción das mesmas.

4. Comunicar ao Concello de Betanzos a data e hora para o acto de recepción das obras pola Deputación Provincial da Coruña, ao cal deberá asistir o representante designado polo Concello de Betanzos, xunto co técnico competente que determine. Unha vez formalizada a recepción, procederase a continuación a facer a acta de entrega das obras realizadas ao Concello de Betanzos, ou se fora o caso a aqueles entes titulares afectados no ámbito territorial municipal, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obra.

#### **CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

1. Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante do Concello de Betanzos e outro representante da Deputación Provincial da Coruña. As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio.
- Resolver as posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

2. Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

#### **QUINTA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO**

Este convenio ten natureza administrativa e será de aplicación o Decreto 246/92, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais e outros entres de dereito público, rixindo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, en especial a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rixiranse polo establecido nas cláusulas do mesmo.

#### **SEXTA. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS**

1. As dúbidas que se presenten na súa interpretación, no caso de discrepancias serán resoltas polo Presidente da Deputación da Coruña, visto o informe da Comisión de Seguimento, poñendo así fin á vía administrativa.

2. No caso de controversias xurdidas durante a execución do presente convenio, que non puidesen ser resoltas pola comisión de seguimento, serán da competencia da xurisdición contencioso-administrativa a súa resolución.

3. Serán causas de extinción deste convenio;
- O non cumprimento do seu obxecto.
  - A inviabilidade na realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
  - O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
  - Denuncia por causas de interese público ou a instancia de calquera das partes.

4. Cada unha das situación descritas no apartado anterior, por sí soa, será causa suficiente de rescisión do convenio.

#### **SÉTIMA. PUBLICIDADE**

O convenio de Encomenda de Xestión será obxecto de publicidade de conformidade co disposto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo Goberno, e no artigo 11.3 b) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Neste senso, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle de ao presente convenio a publicidade esixida.

#### **OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO**

Este convenio producirá efecto a partir da súa sinatura. A vixencia manterase ata a entrega das obras no prazo sinalado no documento técnico ou no que, por motivos debidamente xustificados, poidan acordar as administracións afectadas. A ampliación dos prazos realizarase previa a correspondente solicitude a través da Comisión de Seguimento citada na cláusula cuarta.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións.

Así o outorga no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

Pola Deputación Provincial da Coruña  
Asdo:

Polo Concello de Betanzos  
Asdo:"

#### **28.- Aprobación da proposta da Presidencia ao pleno provincial sobre a adhesión ao compromiso SLOWLIGHT**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).



Votan en contra: ningún/ha deputado/a  
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a proposta da Presidencia ao pleno provincial sobre a adhesión ao compromiso SLOWLIGHT cuxo texto completo é o seguinte:

A **Contaminación Lumínica** defínese como a emisión de fluxo luminoso, por fontes artificiais de luz constituíntes da iluminación nocturna, con intensidades, direccións ou rangos espectrais inadecuados para a realización das actividades previstas na zona alumada.

As causas:

- O uso de **luminarias (farois, proxectores ou focos, etc)** que, debido a un mal deseño luminotécnico ou a unha colocación inapropiada, deixan escapar parte do fluxo luminoso fose da área que se necesita iluminar.
- O **exceso de fluxo lumínico ou iluminación** produce importantes e innecesarias perdas de luz por reflexión no chan e demais obxectos sobreiluminados.
- A **falta de intelixencia no deseño das instalacións de iluminación** que na maioría de ocasións exceden a potencia necesaria o que comporta un gasto enerxético innecesario. Así mesmo non se dimensiona ben nin o número de luminarias, a interdistancia, altura, etc o que comporta unha baixa uniformidade na iluminación que se traduce en que se necesita máis potencia para que a percepción de luminosidade sexa boa e á súa vez provoca reflexións, deslumbramentos e intrusión lumínica.

#### **ENERXÉTICAS**

A luz non aproveitada, que con frecuencia supera o 25 % chegando nalgúns casos a superar o 50 % (farois tipo globo), tamén temos que pagala.

#### **ECONÓMICAS**

Por norma xeral máis do 50 por cento da factura da luz dun municipio medio débese ao consumo polas instalacións de iluminación pública. Este gasto repercute directamente no cidadán que paga a través de impostos leste malgaste.

#### **AMBIENTAIS**

Un consumo enerxético elevado comporta maior emisións de gases de efecto invernadoiro á atmosfera ou a xeración de residuos nucleares pola nosa dependencia enerxética de fontes de enerxía non renovables. Ademais a contaminación lumínica afecta negativamente a especies vexetais, animais e aos seres humanos.

#### **CULTURAI**

Dificulta e chega a impedir a visión do ceo estrelado. O ceo estrelado foi declarado pola UNESCO como patrimonio da humanidade e grazas á súa observación

desenvolvéronse culturas. Ademais do seu estudo avanzar en ciencias como a astronomía, a física, as matemáticas, enxeñería etc.

Celebrando o Día Internacional da Luz e o nacemento da iniciativa SLOWLIGHT en defensa dunha XESTIÓN PÚBLICA SUSTENTABLE DAS REDES DE ILUMINACIÓN que permita, con obxecto de sensibilizar a cidadanía, o sector empresarial e os diferentes entes públicos sobre a necesidade de promover un uso racional da luz, promulgamos os principios básicos esenciais para unha NOVA CULTURA DE ILUMINACIÓN, un cambio de enfoque cara á sustentabilidade global que permita recuperar a noite nas cidades. Este cambio de enfoque expón desde o coñecemento compartido, cunha ampla visión técnica e administrativa da enxeñaría municipal, do sector da iluminación técnica e conscientes da complexidade e extensión dos problemas estruturais que afectan o sector, así como do problema da contaminación luminosa grazas á aprendizaxe adquirida da comunidade científica, co obxecto de iniciar unha desescalada nos seus valores e impactos prexudiciais.

A iniciativa SLOWLIGHT persegue obter mellores ambientes a través da luz, tanto no ámbito urbano como rural, mediante a creación de espazos nocturnos en harmonía, nos que a noite recupera protagonismo, a través dunha iluminación calmada, intelixente, saudable, sustentable, comfortable e emocional, onde tanto a luz como a escuridade son protagonistas no deseño técnico da escena nocturna.

Está orientada á cidadanía, ás administracións públicas con capacidade de xestión ambiental e de iluminación, e ao sector empresarial de iluminación técnica, fabricantes, enxeñarías e empresas instaladoras, propiciando unha nova cultura de iluminación pública pensada para a cidadanía, aliñada cos obxectivos da axenda urbana 2020-2030, cuxa meta é conseguir mellores cidades a través da luz, contribuíndo a reducir o grave problema ambiental da contaminación luminosa, favorecendo a transición enerxética cara a unha descarbonización da economía e un uso responsable dos recursos. A iluminación calmada e sustentable supón un menor consumo enerxético e unha menor pegada de carbono, proporcionando un ambiente máis comfortable e máis saudable para a cidadanía e o medio natural.

Iluminación si, contaminación non: luz sostible, saudable, xusta, respectuosa, flexible, intelixente, acougada. Luz como unha proposta de valor engadido para a cidade e as persoas. Luz para mellorar a calidade de vida e saúde da cidadanía. Luz para xerar unha atmosfera nocturna agradable, comfortable e segura, poñendo en valor o patrimonio dos territorios e respectando os ecosistemas naturais. Iluminación sostible como protagonistas da Axenda Urbana Local e a estratexia enerxética municipal, para contribuír favorablemente á consecución dos obxectivos ODS de Desenvolvemento Sostible locais.

Como resposta á sobreiluminación dos territorios e o gran consumo enerxético das redes de iluminación pública, conscientes de que a contaminación lumínica non coñece fronteiras, a Asociación Slowlight achega coñecemento, estratexia e ferramentas aos Concellos para alcanzar os obxectivos ODS de desenvolvemento sostible e Axenda Urbana 2020-2030. Deste xeito, achega o compromiso para dar resposta, desde a iluminación pública, ao novo enfoque da Unión Europea e os estados membros, entre eles o noso país, relativo a cambio climático, transición

enerxética e descarbonización da economía, orientándoo cara a un enfoque responsable e sostible.

A iniciativa da Asociación Slowlight diríxese a entidades públicas e privadas preocupadas pola sustentabilidade, eficiencia enerxética e cambio climático.

A iniciativa Slowlight fomenta unha nova cultura de iluminación, mellores cidades a través da luz. Iluminación si, mais doutra maneira: luz sustentable, saudable, xusta, respectuosa, flexible, intelixente, calmada. Luz como unha proposta de valor engadido para a cidade e as persoas.

Deste xeito, nun primeiro obxectivo, preténdese contribuír a contrarrestar o crecemento da contaminación luminosa en extensión territorial e intensidade. Como segundo obxectivo preténdese a descontaminación luminosa dos territorios, de modo que dentro dunha ou dúas décadas a situación se reverta moderadamente.

Esta nova cultura de iluminación implantarase na sociedade, que dun modo consciente e responsable empezará a esixir unha iluminación de calidade polas vantaxes que o seu uso leva e rexeitará unha iluminación inadecuada, coñecedora das desvantaxes do seu uso.

A regulación normativa en materia de instalacións e a protección dos territorios é unha cuestión complexa e de lento desenvolvemento. Xeralmente son normas de ámbito local ou rexional, con aplicación e control complexos para as administracións involucradas. Sen prexuízo diso, é posible e necesario iniciar un cambio a través do coñecemento e do uso de boas prácticas elaboradas por consenso multisectorial. Considérase a urxente necesidade dun cambio, que non pode esperar á definición dunha regulación normativa de carácter sectorial. Quedarán cuestións por determinar, pero sen ningunha dúbida o calmado da iluminación pública baixo filosofía Slowlight non ten ningún inconveniente senón todo o contrario.

A iniciativa Slowlight abre un camiño para o cambio e para a posta en valor do uso responsable da luz. No futuro, é posible exportar esta nova cultura de calmado da iluminación a outros servizos públicos, co obxecto de evolucionar cara ao concepto de SlowCity: cidades saudables.

De acordo ao exposto, a Presidencia da Deputación propón ao Pleno provincial que a Deputación da Coruña se adhiera ao compromiso de SlowLight, para unha iluminación pública sostible, que se transcribe como sigue:



## **Compromiso Slowlight para unha iluminación pública sostible**

A Deputación Provincial da Coruña, facéndose eco da publicación do Manifesto Slowlight para unha iluminación pública sostible, publicado o 16 de maio de 2020 conmemorando o día internacional da Luz, desexa mostrar a súa aliñación cos principios do mesmo e subscribe a presente Carta de Compromiso Slowlight.

Con esta sinatura, a Deputación da Coruña comparte os principios fundamentais da Iniciativa Slowlight para fomentar unha iluminación pública sostible e comprométese a colaborar para a súa mellora, divulgación e extensión a novos proxectos de iluminación, establecendo unha liña de colaboración estratéxica con Slowlight para contribuír de modo activo á consecución dos propósitos do manifesto e, en particular, á redución da contaminación lumínica en calquera das súas formas.

A declaración do compromiso Slowlight supón para a entidade comprometida as seguintes prestacións:

- A promoción da iniciativa Slowlight, así como a difusión, visibilización, posicionamento, extensión e consolidación dos seus principios básicos, a través de diferentes canles, como unha nova cultura de iluminación acougada, referente municipal de iluminación pública sostible e referente de boas prácticas en iluminación pública.
- Fomentar unha iluminación técnica responsable e de calidade, con argumento diferencial para unha nova cultura de iluminación pública, xeradora dunha paisaxe nocturna onde luz acougada e escuridade atópanse en harmonía, onde a actividade humana e a recuperación da noite teñan un punto de encontro.
- Educación ambiental aberta á cidadanía, orientada á recuperación da noite e a súa escuridade natural e a defensa dun ceo estrelado libre de contaminación lumínica, así como da importancia dunha iluminación adecuada para reservar a saúde humana e respectar a biodiversidade e o medio ambiente.
- Fomentar actividades relacionadas coa iluminación sostible dun modo amplo, centradas en aspectos científicos e técnicos, promovendo o estudo, a investigación, desenvolvemento e innovación, así como métodos, regras e normalización relativa á luminotecnia aplicada baixo criterios de sustentabilidade.
- Reflexión estratéxica, centro de pensamento e observancia, para fomentar unha nova cultura de iluminación pública, baixo filosofía colaborativa, de mellora continua e retroalimentación, conectando experiencias exitosas e boas prácticas e innovación e xerando sinerxias positivas con Slowlight, tanto no ámbito público como no privado.
- A divulgación do compromiso adquirido e a publicación de casos de éxito e boas prácticas, tanto públicos como privados, aliñados cos

principios básicos da iniciativa Slowlight como referente de iluminación pública sostible, a través de diferentes canles de comunicación, publicación web, publicación en RRSS ou en calquera medio de prensa."

**29.- Aprobación dun Convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de BERGONDO para levar a cabo as obras do proxecto construtivo "SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1."**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aprobar a formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de BERGONDO, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización das obras recollidas no proxecto "SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1", proposta de actuación incluída no Plan Director de Mobilidade Ciclista da Deputación da Coruña 2017/2019, segundo se indica:

DENOMINACIÓN PROXECTO	CUSTE ELIXIBLE	ACHEGA FEDER (80 %)	ACHEGA DEPUTACIÓN (20 %)
SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1	837.091,61 €	669.673,29 €	167.418,32 €

2. Condicionar a contratación e execución das obras obxecto da encomenda á efectiva disposición dos fondos necesarios para o seu financiamento e á aprobación do citado proxecto de obra.

3. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BERGONDO PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DO PROXECTO CONSTRUTIVO "SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1"**

A Coruña, ... de ..... do 2021

**REUNIDOS**

Dunha parte \_\_\_\_\_ en representación da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte \_\_\_\_\_ en representación do Concello de Bergondo

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e a tal efecto

## EXPOÑEN

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, en sesión ordinaria celebrada o vinte e sete de outubro de dous mil dezasete, tomou coñecemento e ratificou a Resolución da súa Presidencia núm. 32005/2017, do 16 de outubro, en cuxa virtude se aprobaba o Plan de Mobilidade Ciclista da Provincia da Coruña e acordaba solicitar financiamento do FEDER no marco da convocatoria aprobada por Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital (BOE núm. 144, do 17.06.2017), pola que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, no marco do Programa Operativo de Crecemento Sustentable 2014-2020, para as propostas de actuación que nesta resolución se detallan, entre as que se atopa a de:

DENOMINACIÓN PROXECTO	CUSTE ELIXIBLE	ACHEGA FEDER (80 %)	ACHEGA DEPUTACIÓN (20 %)
SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1	837.091,61 €	669.673,29 €	167.418,32 €

Mediante Resolución do Director Xeral do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) acordouse conceder á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA a axuda que se indica, ao amparo e de conformidade co establecido no Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 (B.O.E. nº 144, do 17 de xuño de 2017), modificado polo Real Decreto 1516/2018, do 28 de decembro e o Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, para levar a cabo o proxecto coas actuacións descritas anteriormente, nos seguintes termos e condicións aplicables:

NÚMERO PROXECTO IDAE	DENOMINACIÓN PROXECTO	CONCELLO	OBXECTIVO ESPECÍFICO / MEDIDA	INVERSIÓN ELIXIBLE ADMITIDA	AXUDA A OUTORGAR (cofinanciación FEDER)
FEDER-EELL-2019-000718	SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1	BERGONDO	OE 451 Medida 08	837.091,60 €	669.673,29 €

Concluída a redacción do proxecto pola Deputación Provincial da Coruña, no que se recolle o detalle das obras necesarias para a súa realización, así como o orzamento final, que ascende a 810.428,04 €, IVE incluído, éste foi aprobado por Resolución núm. 1465/2020, do 23 de decembro, da Alcaldía do Concello de Bergondo.

Visto o anterior considérase procedente a subscripción dun convenio de colaboración para a “encomenda de xestión” entre o Concello de Bergondo e a Deputación da Coruña para a execución das obras do proxecto construtivo "SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1", que afectan ao término municipal do Concello de Bergondo.

En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración entre ambas as dúas administracións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio entre a Deputación da Coruña e o Concello de Bergondo con suxeición as seguintes cláusulas.

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA. OBXECTO**

1. O obxecto do presente convenio é regular a encomenda de xestión por parte do Concello de Bergondo a favor da Deputación da Coruña para a realización das obras recollidas no proxecto que se indica no seguinte cadro, que afectan a esta área municipal, documento que contén de xeito fidedigno a proposta técnica e orzamentaria correspondente para a súa realización práctica, e cuxo orzamento final, IVE incluído, ascende ao seguinte importe:

<b>NÚMERO PROXECTO IDAE</b>	<b>DENOMINACIÓN PROXECTO</b>	<b>ORZAMENTO</b>
FEDER-EELL-2019-000718	SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1	810.428,04 €

2. O prazo de execución dos traballos é de diez (10) meses para os tramos que recollen as obras previstas no proxecto de referencia e que afectan ao termo municipal de Bergondo, segundo as cláusulas e condicións recollidas nos seguintes puntos.

### **SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE BERGONDO**

En virtude da sinatura do presente convenio o Concello de Bergondo, obrígase dentro do seu termo municipal a:

1. Como trámite previo á licitación das obras, presentar unha certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado, para a execución das obras as que se refiren as actuacións descritas no proxecto construtivo “SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1” e que afectan a esta área municipal, así como a reposición de servizos e servidumes afectados.

2. Facilitar a realización das obras correspondentes ao proxecto “SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1”.

3. Unha vez realizadas as obras pola Deputación Provincial da Coruña e coa asistencia do persoal designado polo Concello de Bergondo, procederase a formalizar a acta de entrega á entidade municipal das obras realizadas, asumindo éste a súa explotación, mantemento e conservación como titular destas, ou se fose o caso por parte dos entes titulares afectados no ámbito territorial do Concello de Bergondo.

### **TERCEIRA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

1. Executar o proxecto construtivo “SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1”, ao que se refire o presente convenio, que recolle de xeito fidedigno as directrices técnicas establecidas no Plan de Mobilidade Ciclista da Provincia da Coruña.

2. Aplicar o financiamento das obras recollidas no proxecto construtivo referido no apartado anterior, que se executarán no termo municipal de Bergondo, conforme aos planos e resto de documentación técnica do mesmo.

3. Levar a cabo as actuacións de contratación, execución e dirección das obras descritas no proxecto e formalizar os actos de recepción das mesmas.

4. Comunicar ao Concello de Bergondo a data e hora para o acto de recepción das obras pola Deputación Provincial da Coruña, ao cal deberá asistir o representante designado polo Concello de Bergondo, xunto co técnico competente que determine. Unha vez formalizada a recepción, procederase a continuación a facer a acta de entrega das obras realizadas ao Concello de Bergondo, ou se fora o caso a aqueles entes titulares afectados no ámbito territorial municipal, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obra.

### **CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

1. Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante do Concello de Bergondo e outro representante da Deputación Provincial da Coruña. As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio.
- Resolver as posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

2. Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

### **QUINTA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO**

Este convenio ten natureza administrativa e será de aplicación o Decreto 246/92, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais e outros entres de dereito público,



rixindo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, en especial a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rixiranse polo establecido nas cláusulas do mesmo.

## **SEXTA. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS**

1. As dúbidas que se presenten na súa interpretación, no caso de discrepancias serán resoltas polo Presidente da Deputación da Coruña, visto o informe da Comisión de Seguimento, poñendo así fin á vía administrativa.

2. No caso de controversias xurdidas durante a execución do presente convenio, que non puidesen ser resoltas pola comisión de seguimento, serán da competencia da xurisdición contencioso-administrativa a súa resolución.

3. Serán causas de extinción deste convenio;

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade na realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
- Denuncia por causas de interese público ou a instancia de calquera das partes.

4. Cada unha das situación descritas no apartado anterior, por sí soa, será causa suficiente de rescisión do convenio.

## **SÉTIMA. PUBLICIDADE**

O convenio de Encomenda de Xestión será obxecto de publicidade de conformidade co disposto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo Goberno, e no artigo 11.3 b) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Neste senso, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle de ao presente convenio a publicidade esixida.

## **OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO**

Este convenio producirá efecto a partir da súa sinatura. A vixencia manterase ata a entrega das obras no prazo sinalado no documento técnico ou no que, por motivos debidamente xustificadas, poidan acordar as administracións afectadas. A ampliación dos prazos realizarase previa a correspondente solicitude a través da Comisión de

Seguimento citada na cláusula cuarta.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións.

Así o outorga no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

Pola Deputación Provincial da Coruña  
Asdo:

Polo Concello de Bergondo  
Asdo:"

**30.- Aprobación dun Convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de CARRAL para levar a cabo as obras dos proxectos construtivos "SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE", tramos 1, 2 e conexión con Carral.**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aprobar a formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de CARRAL para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización das obras recollidas no proxecto "SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, (tramos 1, 2 e conexión con Carral)", proposta de actuación incluída no Plan Director de Mobilidade Ciclista da Deputación da Coruña 2017/2019, segundo se indica:

DENOMINACIÓN PROXECTO	CUSTE ELIXIBLE	ACHEGA FEDER (80 %)	ACHEGA DEPUTACIÓN (20 %)
SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1	837.091,61 €	669.673,29 €	167.418,32 €
SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 2	802.924,56 €	642.339,65 €	160.584,91 €
SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, CONEXIÓN CON CARRAL	572.297,31 €	457.837,85 €	114.459,46 €

2. Condicionar a contratación e execución das obras obxecto da encomenda á efectiva disposición dos fondos necesarios para o seu financiamento e á aprobación do citado proxecto de obra.

3. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARRAL PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DOS PROXECTOS CONSTRUTIVOS "SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE", TRAMOS 1, 2 e CONEXIÓN CON CARRAL**

A Coruña, ... de ..... do 2021

**REUNIDOS**

Dunha parte \_\_\_\_\_ en representación da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte \_\_\_\_\_ en representación do Concello de Carral

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e a tal efecto

**EXPOÑEN**

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña en sesión ordinaria celebrada o vinte e sete de outubro de dous mil dezasete tomou coñecemento e ratificou a Resolución da súa Presidencia núm. 32005/2017, do 16 de outubro, en cuxa virtude se aprobaba o Plan de Mobilidade Ciclista da Provincia da Coruña e acordaba solicitar financiamento do FEDER no marco da convocatoria aprobada por Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital (BOE núm. 144, do 17.06.2017), pola que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, no marco do Programa Operativo de Crecemento Sustentable 2014-2020, para as propostas de actuación que nesta resolución se detallan, entre as que se atopan as de:

DENOMINACIÓN PROXECTO	CUSTE ELIXIBLE	ACHEGA FEDER (80 %)	ACHEGA DEPUTACIÓN (20 %)
SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1	837.091,61 €	669.673,29 €	167.418,32 €
SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 2	802.924,56 €	642.339,65 €	160.584,91 €
SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, CONEXIÓN CON CARRAL	572.297,31 €	457.837,85 €	114.459,46 €

Mediante Resolucións do Director Xeral do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) acordouse conceder á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA as axudas que se indican, ao amparo e de conformidade co establecido no Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 (B.O.E. nº 144, do 17 de xuño de 2017), modificado polo Real Decreto 1516/2018, do 28 de decembro e o Real Decreto 316/2019, do 26 de abril,

para levar a cabo o proxecto coas actuacións descritas anteriormente, nos seguintes termos e condicións aplicables:

NÚMERO PROXECTO IDAE	DENOMINACIÓN PROXECTO	CONCELLO	OBXECTIVO ESPECÍFICO / MEDIDA	INVERSIÓN ELIXIBLE ADMITIDA	AXUDA A OUTORGAR (cofinanciación FEDER)
FEDER-EELL-2019-000718	SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1	CARRAL	OE 451 Medida 08	837.091,60 €	669.673,29 €
FEDER-EELL-2019-000716	SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 2	CARRAL	OE 451 Medida 08	802.924,56 €	642.339,65 €
FEDER-EELL-2019-000711	SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, CONEXIÓN CON CARRAL	CARRAL	OE 451 Medida 08	572.297,31 €	457.837,85 €

Concluída a redacción dos proxectos pola Deputación Provincial da Coruña, nos que se recollen os detalles das obras necesarias para a súa realización, así como os orzamentos finais, que ascenden aos importes que se indican no seguinte cadro (IVE incluído), éstos foron aprobados por Decreto da Alcaldía 62/2021, do 12.02.2021:

NÚMERO PROXECTO IDAE	DENOMINACIÓN PROXECTO	ORZAMENTO
FEDER-EELL-2019-000718	SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1	810.428,04 €
FEDER-EELL-2019-000716	SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 2	785.794,63 €
FEDER-EELL-2019-000711	SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, CONEXIÓN CON CARRAL	554.465,53 €

Visto o anterior considérase procedente a subscripción dun convenio de colaboración para a “encomenda de xestión” entre o Concello de CARRAL e a Deputación da Coruña para a execución das obras dos proxectos construtivos "SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMOS 1, 2 e CONEXIÓN CON CARRAL”, que afectan ao término municipal do Concello de CARRAL.

En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración entre ambas as dúas administracións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carral con suxeición as seguintes cláusulas.

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

1. O obxecto do presente convenio é regular a encomenda de xestión por parte do Concello de Carral a favor da Deputación da Coruña para a realización das obras recollidas nos proxectos que se indican no seguinte cadro, que afectan a esta área

municipal, documentos que conteñen de xeito fidedigno as propostas técnicas e orzamentarias correspondentes para a súa realización práctica, e cuxos orzamentos finais, IVE incluído, ascenden aos seguintes importes:

NÚMERO PROXECTO IDAE	DENOMINACIÓN PROXECTO	ORZAMENTO
FEDER-EELL-2019-000718	SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 1	810.428,04 €
FEDER-EELL-2019-000716	SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, TRAMO 2	785.794,63 €
FEDER-EELL-2019-000711	SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE, CONEXIÓN CON CARRAL	554.465,53 €

2. O prazo de execución dos traballos é de diez (10) meses para os tramos que recollen as obras previstas nos proxectos de referencia e que afectan ao termo municipal de Carral, segundo as cláusulas e condicións recollidas nos seguintes puntos.

## **SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE CARRAL**

En virtude da sinatura do presente convenio o Concello de Carral, obrígase dentro do seu termo municipal a:

1. Como trámite previo á licitación das obras, presentar unha certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado, para a execución das obras as que se refiren as actuacións descritas nos proxectos construtivos “SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE”, TRAMOS 1, 2 e CONEXIÓN CON CARRAL” e que afectan a esta área municipal, así como a reposición de servizos e servidumes afectados.
2. Facilitar a realización das obras correspondentes aos proxectos “SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE”, TRAMOS 1, 2 e CONEXIÓN CON CARRAL.
3. Unha vez realizadas as obras pola Deputación Provincial da Coruña e coa asistencia do persoal designado polo Concello de Carral, procederase a formalizar a acta de entrega á entidade municipal das obras realizadas, asumindo éste a súa explotación, mantemento e conservación como titular destas, ou se fose o caso por parte dos entes titulares afectados no ámbito territorial do Concello de Carral.

## **TERCEIRA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

1. Executar os proxectos construtivos “SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE”, TRAMOS 1, 2 e CONEXIÓN CON CARRAL, que contemplan as obras previstas nos proxectos de obra aos que se refire o presente convenio e recollen de xeito fidedigno as directrices técnicas establecidas no Plan de Mobilidade Ciclista da Provincia da Coruña.

2. Aplicar o financiamento das obras recollidas nos proxectos construtivos referidos no apartado anterior, que se executarán no termo municipal de Carral, conforme aos planos e resto de documentación técnica do mesmo.

3. Levar a cabo as actuacións de contratación, execución e dirección das obras descritas nos proxectos e formalizar os actos de recepción das mesmas.

4. Comunicar ao Concello de Carral a data e hora para o acto de recepción das obras pola Deputación Provincial da Coruña, ao cal deberá asistir o representante designado polo Concello de Carral, xunto co técnico competente que determine. Unha vez formalizada a recepción, procederase a continuación a facer a acta de entrega das obras realizadas ao Concello de Carral, ou se fora o caso a aqueles entes titulares afectados no ámbito territorial municipal, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obra.

#### **CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

1. Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante do Concello de Carral e outro representante da Deputación Provincial da Coruña. As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio.
- Resolver as posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

2. Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

#### **QUINTA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO**

Este convenio ten natureza administrativa e será de aplicación o Decreto 246/92, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais e outros entres de dereito público, rixindo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, en especial a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rixiranse polo establecido nas cláusulas do mesmo.

#### **SEXTA. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS**

1. As dúbidas que se presenten na súa interpretación, no caso de discrepancias serán resoltas polo Presidente da Deputación da Coruña, visto o informe da Comisión de Seguimento, poñendo así fin á vía administrativa.

2. No caso de controversias xurdidas durante a execución do presente convenio, que non puidesen ser resoltas pola comisión de seguimento, serán da competencia da xurisdición contencioso-administrativa a súa resolución.

3. Serán causas de extinción deste convenio;

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade na realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
- Denuncia por causas de interese público ou a instancia de calquera das partes.
- 

4. Cada unha das situación descritas no apartado anterior, por sí soa, será causa suficiente de rescisión do convenio.

#### **SÉTIMA. PUBLICIDADE**

O convenio de Encomenda de Xestión será obxecto de publicidade de conformidade co disposto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo Goberno, e no artigo 11.3 b) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Neste senso, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle de ao presente convenio a publicidade esixida.

#### **OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO**

Este convenio producirá efecto a partir da súa sinatura. A vixencia manterase ata a entrega das obras no prazo sinalado no documento técnico ou no que, por motivos debidamente xustificadas, poidan acordar as administracións afectadas. A ampliación dos prazos realizarase previa a correspondente solicitude a través da Comisión de Seguimento citada na cláusula cuarta.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións.

Así o outorga no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

Pola Deputación Provincial da Coruña  
Asdo:

Polo Concello de Carral  
Asdo:"

**31.- Aprobación da proposta da Presidencia ao Pleno Provincial sobre as recomendacións da Xornada Nacional Técnica de Diputacións provinciais**

## **respecto ao uso dos Fondos Europeos Post 2020 para combater o reto demográfico**

### **INTERVENCIONS**

#### **Sr. Ben Otero**

Señor presidente, si es posible, me gustaría intervenir.

Vamos a ver. Buenos días, presidente, compañeras y compañeros de la Corporación Provincial.

Nosotros, estando de acuerdo en que tanto las diputaciones como los ayuntamientos deben de recibir fondos europeos y poder participar y gestionar estos fondos, lo que sí nos llama la atención es que esta institución pretenda llevar a cabo programas operativos cuando realmente año tras año tiene serias dificultades para ejecutar su propio presupuesto.

En este sentido, nosotros recomendamos al Gobierno, teniendo en cuenta los técnicos del máximo nivel con los que cuenta este organismo, que impulse la acción política para que se ejecute el presupuesto conforme a lo que corresponde, que no pase como en el tema del PEL y que las ayudas no están llegando, tardan en llegar, cosa distinta por ejemplo las ayudas de la Xunta, que las dos ayudas ya han llegado las primeras, llegando las segundas y pronto empezarán a llegar las terceras si llegan los fondos del Gobierno central, y aquí digamos que hay una lentitud que nos preocupa. En consecuencia nos parece un poco llamativo que una institución como esta, con los problemas de gestión que ya había de impulso político por parte del gobierno, pretenda gestionar programas operativos cuando, reitero, no es capaz de ejecutar su presupuesto y los niveles de ejecución son muy bajos. Entonces nuestro voto, y la explicación del mismo es esta, va a ser de abstención en este punto.

Gracias.

#### **Sr. Presidente**

Grazas, Sr. Ben, e, simplemente comentar que, evidentemente, as recomendacións que fan 21 técnicos e xefes do Departamento de Reto Demográfico e Transición Ecolóxica en 21 deputacións, a nivel nacional, coincidimos con elas, e unha das dúas pedras angulares das recomendacións é a participación na xestión dos fondos europeos por parte das deputacións, principalmente por unha razón: porque a esencia das deputacións é a da coordinación coas entidades locais. Polo tanto, é un papel que lle asigna a Unión Europea, que lle asigna o Parlamento do Estado e o propio Goberno ás deputacións nese programa de execución dos recursos europeos Next Generation, polo tanto, a Deputación da Coruña, a súa obriga é poñerse á disposición das entidades locais cada vez que un fondo pode ser coordinado e pode ser canalizado a través desta para que cheguen a eles, como sempre, ao longo da historia, nesta casa ocorreu.

Evidentemente, a xestión de calquera institución sempre é mellorable, creo que trouxo unha proposta o Partido Popular, creo recordar que a formularas ti, Sr.



Ben, hai creo que, se non foi no pleno anterior, hai dous plenos, precisamente a reforzo dalgúñas áreas onde pode haber agora mesmo unha necesidade de reforzo de recursos dado que esta casa non estaba acostumada historicamente a prestar atención a sectores produtivos na provincia, senón máis ben ás entidades locais. Co cal é certo que ás veces nos encontramos con esa situación de embude de xestión administrativa, que esperemos poder resolver a través dos mecanismos de recursos humanos que na área de Antonio Leira temos á nosa disposición.

Polo tanto, tomamos nota desa apreciación, que coincidimos en parte, pero en calquera caso non nos pode levar á maior de renunciar a recursos que poden estar mellor canalizados a través da Deputación a veces que os concellos que menos recursos humanos e técnicos e materiais teñen, como son os pequenos.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"Aprobar as recomendacións consensuadas na xornada nacional técnica de Deputacións Provinciais, respecto ao uso dos fondos europeos post 2020 para combater o reto demográfico.

Se así o considerase o Pleno, estas recomendacións serán remitidas para o seu coñecemento a :

- Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico e Vicepresidencia Cuarta
- Secretaría Xeral para o Reto Demográfico.
- Xunta de Galicia. Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo
- Federación Española de Municipios e Provincias - FEMP
- Federación Galega de Municipios e Provincias - FGAMP

### **RECOMENDACIÓNS DÁ XORNADA NACIONAL TÉCNICA DE DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS RESPECTO AO USO DOS FONDOS EUROPEOS POST 2020 PARA COMBATER O RETO DEMOGRÁFICO**

As consecuencias económicas, sociais, ambientais e territoriais que expoñen o desafío demográfico en España víronse agravadas pola grave situación provocada pola crise COVID-19.

O futuro marco normativo e financeiro europeo de fronte ao período de programación

2021-2027 preséntase como unha ocasión única para facer fronte ao fenómeno do despoboamento teniéndose en conta o papel clave que as Deputacións poden desempeñar á hora de xestionar os futuros Fondos Estruturais e o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (Plan España Pode).

Con este fin, os técnicos de Deputacións provinciais elaboraron unha serie de recomendacións temáticas onde poder orientar as actuacións dos futuros programas operativos, tanto dos Fondos Estruturais, como do Fondo Europeo de desenvolvemento rural, marítimo ou o Fondo Transición xusta, así como os proxectos estratéxicos de recuperación en España para o novo período de programación.

As Deputacións provinciais han demostrado, naquelas ocasións onde lles permitiron xestionar fondos europeos con autonomía, posuír unha maior capacidade de adaptar as prioridades europeas ao contexto local, así como unha maior rapidez á hora de certificar os gastos realizados que programas xestionados a nivel autonómico ou estatal. Pola súa propia escala, recursos e competencias teñen tamén un rol de coordinación dos diferentes actores do territorio achegando para iso un enfoque holístico.

Por último, estas propostas poden ser útiles para contribuír á consulta pública aberta pola Vicepresidencia cuarta a “Manifestación de interese - Plan de recuperación, transformación e resiliencia: Proxectos tractores para afrontar o reto demográfico e a loita contra o despoboamento”, así como para o desenvolvemento da Estratexia Nacional fronte ao Reto Demográfico que se desexa ter éxito, debe contar coa experiencia e valor engadido das Deputacións provinciais.

#### **I: Antecedentes:**

O 13 de outubro de 2020 e baixo o patronazgo da Deputación de Zamora, a Xornada Nacional de Despoboamento do 13 de outubro de 2020, reuniu a técnicos en despoboamento /reto demográfico de 21 Deputacións provinciais.

Como resultado do devandito encontro creáronse seis grupos de traballo nos que os técnicos na súa maioría responsables ou membros dos departamentos ou servizos de Deputacións que xestionan proxectos europeos examinaron, en base á súa experiencia na xestión dos devanditos programas e independentemente da súa filiación profesional, as posibilidades de orientar os Fondos Estruturais 2021-2027 e o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (Plan España Pode) co fin de facer fronte ao fenómeno do despoboamento e tendo en conta o papel que as Deputacións poden desempeñar no próximo período de programación que comeza en 2021.

Este documento, finalizado en reunión plenaria do 15 de decembro de 2020 é o resultado do consenso entre os técnicos de Deputacións eponse ao dispor dos respectivos líderes políticos a fin de poder facer as alegacións oportunas aos programas operativos e plans de recuperación de España para o novo período de programación.

As propostas incluídas son aplicables tanto á hora de reivindicar o papel das Deputacións na xestión directa de Fondos Estruturais, como ao Fondo de desenvolvemento rural, marítimo ou o Fondo Transición xusta. Así mesmo, estas recomendacións son útiles para reivindicar a participación das Deputacións provinciais

no plan de recuperación ( Next Generation EU) e en concreto na elaboración da versión definitiva do Programa Nacional de Recuperación e Resiliencia (Plan España Pode).

As Deputacións están a ter un papel activo na localización dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible ( ODS) incluíndo o apoio a municipios na súa consideración.

Cabe lembrar que as Deputacións demostraron, naquelas ocasións onde lles permitiron xestionar fondos europeos con autonomía, posuír unha maior capacidade de adaptar as prioridades europeas ao contexto local, así como unha maior rapidez á hora de certificar os gastos realizados que programas xestionados a nivel autonómico ou estatal.

Por último, estas propostas poden ser útiles para contribuír á consulta pública aberta pola Vicepresidencia cuarta a “Manifestación de interese - Plan de recuperación, transformación e resiliencia: Proxectos tractores para afrontar o reto demográfico e a loita contra o despoboamento” cuxo prazo finaliza o 22 de decembro<sup>1</sup>, así como para o desenvolvemento da Estratexia Nacional fronte ao Reto Demográfico que en breve será aprobada pola Conferencia de Presidentes.

## **II: Novo marco europeo para apoio ás Deputacións provinciais na loita contra o despoboamento:**

España, como o resto de socios europeos, deberá pactar coa Comisión Europea un Acordo de Asociación para o período 2021-2027 que explique en que ámbitos vai investir os Fondos FEDER (23.540 MEUR), FSE+ (11.153 MEUR), así como a súa participación nos programas INTERREG en España (689 MEUR).

Seguidamente, España debe pactar os futuros Programas Operativos, autonómicos e interrexionais dos devanditos fondos, que recollan os investimentos territoriais destinados ao desenvolvemento urbano sostible FEDER EDUSI II (1.800 MEUR). Doutra banda, o goberno central debe presentar o Plan Estratéxico PAC para España á Comisión europea no relativo ao desenvolvemento rural ( FEADER-LEADER 390 m) e elaborar os Programas Operativos rexionais. Como novidade para o próximo período de programación, España beneficiarase dun novo fondo destinados ás provincias mineiras e a aquelas dependentes de sectores industriais enerxéticamente contaminantes para as que deberá tamén presentar os seus plans provinciais de transición xusta (790 MEUR).

Finalmente, como consecuencia do impacto económico e social provocado pola COVID-19, a Unión europea está a negociar un plan de recuperación europeo coñecido como " Next Generation EU", que contén un Mecanismo de Recuperación e Resiliencia ( MRR). España xa presentou á Comisión o seu borrador de Programa Nacional de Recuperación e Resiliencia (Plan España Pode) que pretende absorber 59.168 millóns de euros nos próximos 6 anos.

---

1 [textodelamanifestaciondeinteres-planderecuperaciontransformacionyresiliencia\\_tcm30-517367.pdf \(miteco.gob.es\)](https://textodelamanifestaciondeinteres-planderecuperaciontransformacionyresiliencia_tcm30-517367.pdf)

En concreto, no marco dos Fondos Estruturais 2021-2027 e da loita contra os retos que expón o desafío demográfico, recoñécese por primeira vez no papel das provincias como territorio prioritario de actuación.

De conformidade co artigo 174 do TFUE, os Fondos Europeos, e en particular o futuro regulamento FEDER (artigo 8a) prestará especial atención a facer fronte aos desafíos das rexións e zonas desfavorecidas, en particular as zonas rurais e as zonas que padecen deficiencias naturais ou demográficas graves e permanentes.

A Unión Europea acaba de acordar que **“Os Estados membros, cando cumpra, establecerán un enfoque integrado para abordar os desafíos demográficos ou as necesidades específicas das devanditas rexións e áreas nos seus acordos de asociación de conformidade co artigo 8, apartado 1, letra g.a) do Regulamento (UE) 2018 / xxxx [ novo RDC]. Este enfoque integrado pode incluír un compromiso de financiamento específico para ese fin.”**

Ademais, e como resultado de anos de múltiples iniciativas, fundamentalmente desde España, a nivel político, organizacións e institucións como as provincias, **por primeira vez na historia da UE existe unha definición de que é exactamente unha zona despoboadada.**

Por primeira vez, **o regulamento FEDER considerará o descenso demográfico como unha desvantaxe, e non só a densidade demográfica, a nivel de NUTS 3 (provincia en España):**

“O FEDER debe abordar os problemas das zonas desfavorecidas, en particular as zonas rurais e as zonas que padecen deficiencias demográficas ou naturais graves e permanentes, incluído o declive demográfico, para acceder aos servizos básicos, incluídos os servizos dixitais, aumentando o atractivo para o investimento, mesmo mediante investimentos comerciais e conectividade aos grandes mercados.

O FEDER **debe prestar especial atención ás dificultades específicas das zonas de nivel NUTS 3 e Unidades Administrativas Locais ( LAU)**, a que se refire o Regulamento (CE) Núm. 1059/2003 e seguintes, que están escasamente poboadas, de acordo cos criterios establecidos no punto 161 das Directrices sobre Axudas estatais rexionais 2014-2020 [é dicir, aquelas que teñen unha densidade de poboación de 12,5 habitantes por quilómetro cadrado ou menos], ou áreas que sufriron un descenso demográfico de polo menos un 1% durante 2007-2017. Os Estados membros deberían considerar a posibilidade de desenvolver plans de acción voluntarios específicos a nivel local para tales áreas a fin de contrarrestar estes desafíos demográficos.”

A Unión Europea acaba por tanto de establecer que o reto demográfico naqueles territorios onde existe, debe ser obxecto de actuacións específicas e prioritarias. Na redacción final do Regulamento FEDER o criterio de despoboamento de 12.5 habitantes ou de descenso de -1% de media durante 2007-2017 abarca ao nivel provincial ( NUTS3) e, no seu caso, nivel local ( LAU), polo que mesmo aquelas provincias onde só parte do seu territorio ten descensos demográficos poderían recibir

fondos FEDER.

A definición de zona afectada polo reto demográfico pretende orientar os investimentos de fondos europeos cara aqueles territorios a nivel provincial máis afectados a nivel de toda Europa. Con todo, nada impide que se apoie, mediante calquera Fondo ou programa de axudas europeo a todos aqueloutros territorios que afortunadamente aínda non chegaron a esas taxas extremas de baixa densidade e descenso continuado de poboación.

### **III: Implicacións para as Deputacións Provinciais:**

Nada existe no ordenamento europeo que impida ás Deputacións xestionar parte ou a totalidade dos fondos Estruturais tradicionais nin do MRR.

Especificamente o artigo [65.3] do Regulamento de Disposicións Comúns<sup>2</sup> permite a delegación de certas tarefas pola Autoridade de Xestión correspondente, desde a simple selección de proxectos á xestión delegada dunha parte dos programas, ben dun fondo individual a través dunha "subvención global" ou de varios á vez, nese caso mediante os Investimentos Territoriais Integrados ( ITI) ou os Grupos de Acción local ( CLLD).

Do mesmo xeito nada impide nas normas europeas a xestión de fondos europeos mediante

- un Programa Nacional Interprovincial contra o reto demográfico;
- a xestión delegada ás Deputacións dunha parte dos Programas Operativos autonómicos;
- a xestión conxunta dos devanditos fondos por medio de consorcios ou outros mecanismos de posta en común de recursos de xestión e de transferencia de coñecemento entre varias Deputacións, dunha mesma ou varias autonomías;
- a asignación directa dos estes fondos aos Diputaciones, para a súa execución por separado ou conxuntamente sen ter que optar pola concorrencia competitiva;
- 

Do mesmo xeito, o borrador do futuro Real Decreto-Lei polo que se pretenden aprobar Medidas Urxentes para a Modernización da Administración Pública e para a Execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (MRR)<sup>3</sup>, permítense, a otorgación de subvencións de concorrencia non competitiva, con cargo ao Fondo de Recuperación, para aquelas subvencións cuxo obxecto sexa financiar actuacións ou situacións concretas que non requiran de valoración comparativa con outras propostas.

Recupérase a figura das axendas estatais, establécense a posibilidade de establecer

---

2 Proposta de REGULAMENTO DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo e Migración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Xestión das Fronteiras e Visados COM/2018/375 final - 2018/0196 (COD). Publicarase como Regulamento no DOUE para a súa entrada en vigor inmediata.

3 A espera de adopción polo Consello de ministros e a súa posterior publicación no BOE

convenios e consorcios con todas as administracións públicas e axilízanse os prazos administrativos.

O Goberno de España integrou no proxecto de orzamentos xenerais do Estado (PGE) para o 2021 o montante que espera recibir do MRR. Neste sentido, os futuros orzamentos nacionais prevén destinar 1.489 millóns de euros ás Entidades Locais (EELL) para que aborden as actuacións que correspondan ao seu ámbito competencia, sen prexuízo de asignacións posteriores do total asignado de 2.500 millóns do MRR asignado ao reto demográfico, como é o caso de servizos básicos ambientais en pobos de menos de 5.000 habitantes por valor de 800 millóns.

Así mesmo, prevense no marco do MRR 20 millóns para proxectos piloto de Plans de Acción Local da Axenda Urbana Española. Hai que lembrar que os fondos procedentes do MRR non requiren de cofinanciación por parte das administracións españolas.

Doutra banda, as Deputacións poderán presentar proxectos ás convocatorias de propostas relativas ás Estratexias de Desenvolvemento Sostible, coñecidas como EDUSI, que percibirán 300 millóns do fondo FEDER para 2021. Neste caso, estes proxectos requiren dunha porcentaxe de cofinanciamento por parte das autoridades locais beneficiarias. Neste sentido cabe destacar que varias Deputacións xa xestionan EDUSI.

Con todo, as Deputacións sufriron limitacións orzamentarias nos últimos anos que provocou unha limitada capacidade de adiantar recursos propios aos investimentos de Fondos Estruturais, así como achegar cofinanciamento. Tamén se detectou nalgúns casos, unha insuficiente dotación de recursos humanos especializados, así como de unidades de xestión apropiadas o que convida a facer unha reflexión sobre a necesidade de implementar estruturas máis operativas con capacidades e competencias suficientes para acometer estes fins en materia de despoboamento, emprendemento ou dixitalización.

Por tanto, nada impide nos Regulamentos da UE que Comunidades ou Ministerios provean o cofinanciamento ás Deputacións, como así sucedeu no pasado en contexto de restrición orzamentaria. Neste sentido, cabe sinalar que a Real Decreto-Lei permite facilitar a contratación de persoal laboral para axilizar a xestión de fondos e no caso do MRR adiantar non só o 10% establecido no Regulamento MRR senón ata un 50% do total de gasto.

#### Oficinas para a loita contra o despoboamento

Tanto a Axenda para o Cambio como as Directrices contra o Reto Demográfico aprobadas polo Consello de Ministros anunciaban a creación, no marco da Estratexia contra o Reto Demográfico, a creación de Oficinas de Loita contra o despoboamento, susceptibles de ser financiadas cos fondos europeos.

Cabe lembrar que desde a súa constitución as Deputacións son as estruturas administrativas intermedias que aseguran o equilibrio territorial. En moitas provincias as Deputacións facilitan a coordinación e cooperación entre as distintas estruturas

administrativas locais, mancomunidades e Grupos de Desenvolvemento Local .

Os antecedentes de creación de oficinas similares financiadas con fondos europeos suxiren que, cando non se apoian nas estruturas administrativas das Deputacións, favorecendo as iniciativas transversais da institución provincial e insertas no ecosistema do territorio, evitando así duplicidades con servizos existentes, este tipo de oficinas non sobreviven máis aló da subvención inicial. Esta falta de continuidade conleva unha perda do saber facer acumulado.

Por iso, solicítase considérese o establecemento das devanditas Oficinas de Atención ao Despoboamento en Programas Específicos cunha estratexia definida e integradas nos servizos da Deputación Provincial correspondente.

#### **IV: Recomendacións temáticas:**

O obxecto dos diferentes grupos de traballo foi examinar o que funcionou con fondos europeos xestionados polas Deputacións, o que é necesario mellorar de fronte ao futuro período de programación e o que funcionaría noutras circunstancias.

Os criterios de traballo para a elaboración das devanditas recomendacións<sup>4</sup> foron tres: a **escalabilidade, a replicabilidade e a eficacia**.

Moitas das posibilidades de proxectos liderados polas Deputacións son elexibles tanto polos Fondos Estruturais, a teor dos Regulamentos 2021-2027 e o Anexo D do Informe País de 2019 que constitúe a base para a elaboración do Acordo de Asociación España-UE 2021-2027, senón tamén en moi boa parte polo futuro MRR a teor do que dispón o seu proxecto de Regulamento e o propio Plan España Pode.

#### **Servizos Básicos**

- As Deputacións teñen un gran potencial á hora de prover asistencia e cooperación aos concellos máis pequenos, en particular aos de menos de 5.000 habitantes e nos seus ámbitos competenciais propios (viarios, mobilidade, TIC's, e tamén en servizos asistenciais e de cooperación local).
- Servizos Sociais: as Deputacións poden utilizar tanto os FFEE como o MRR para o desenvolvemento e mellora de sistemas monitoraxe e teleasistencia da poboación maior particularmente no ámbito rural.
- Residuos Sólidos Urbanos (RSU) (compostaxe, separación de residuos, sensórica). As Deputacións poderían instalar sistemas de monitoraxe das cargas de contedores para mellorar a eficiencia dos roteiros de recollida).
- Eficiencia enerxética; programas provinciais en edificios públicos (sensórica e cambio de luminarias a LED, calefacción con biomasa e geotérmica), parque móbil (puntos de recarga e cambio do parque móbil municipal).
- Augas; Bombeos (aforro enerxético mediante enerxía solar para o bombeo de auga e a depuración como ozonización etc.), depuración e saneamento de pequenos núcleos.

---

<sup>4</sup> As recomendacións están baseadas na experiencia directa dos técnicos das Deputacións que realizou a súa contribución a título individual como xestores de programas e nunca comprometendo en ningún momento nin sentido ás Deputacións para as que traballan.

- Loita contra Incendios (infraestruturas, equipamentos, Epis, etc.).
- Axudar a que os concellos de pequenas poboacións adquiran e rehabiliten edificios para destinalos a alugueiro para novos poboadores, ou mozos que queiran quedar no territorio, como primeira residencia e a un prezo taxado máximo alcanzable. Crear e xestionar unha bolsa de carácter provincial que facilite o contacto entre a oferta e a demanda de aloxamento, recuperando un patrimonio inmobiliario nos pobos, particularmente o que se atopa en estado ruinoso, mediante a súa adquisición e rehabilitación.

### **Servizos Públicos**

- Existe un gran potencial e xa experiencia probada e replicable por parte de varias Deputacións na creación e provisión para os seus propios concellos e outras Deputacións de Plataformas de Administración Electrónica; (encomendas de contratación dos concellos, centrais de contratación, Plataformas de consumo, Tributos, seguimentos de expedientes, etc.). Poderíase optimizar as plataformas de Deputacións xa existentes e facelas escalables ao conxunto de España
- Os fondos FEDER, pero sobre todo o Plan de Recuperación ten a modernización e dixitalización de servizos públicos como punta de lanza xa que a Comisión europea estima que cunha administración dixital é máis fácil desenvolver as outras actividades de fomento económico e sustentabilidade. Sería do todo posible a creación de programas xestionados polas Deputacións para a dixitalización e modernización de servizos dos concellos máis pequenos, potencialmente de forma mancomunada con outras Deputacións de toda España, como a moita menor escala. Este xa foi o caso noutros países con cargo ao programa ISA2 da UE.

### **Conectividade:**

- Financiamento da posta en marcha de Servizos dixitais básicos como a teleasistencia precisa tamén a xeneralización de banda ancha de calidade.
- O rol das Deputacións ten que ir da man das autoridades nacionais e as operadoras e concesionarias da banda ancha para asegurar unha extensión previsible e financeiramente sostible. Deberíase articular unha colaboración entre Deputacións e operadoras para poder planificar o despregamento de banda ancha a nivel nacional. Tanto o FEDER como o MRR poderían financiar a obra civil básica provista polas Deputacións que permitise a instalación de servizos de telecomunicacións polos diferentes provedores, particularmente nos pobos pequenos e illados (coñecido como a última milla).
- Do mesmo xeito tanto FEDER como sobre todo o MRR permiten a elexibilidade de infraestrutura básica (estradas, viarias) de competencia das Deputacións sempre que se enmarque nos obxectivos marcados polos Regulamentos Europeos e os correspondentes plans nacionais.

### **Actividade Empresarial e emprego verde**

- As Deputacións teñen ampla experiencia na provisión con cargo ao FEDER de axentes dinamizadores de emprendemento e a innovación rural, polo que é enteiramente posible desenvolver estes proxectos e dotarlles de escalabilidade



que os convertan en programas transformadores de carácter estrutural.

- Neste sentido existen unha ampla experiencia e capacidade de ampliar programas das Deputacións sobre:
  - Fomento do emprendemento social
  - Ampliación do espectro dos programas para colectivos específicos, xa que o medio rural xa ten de por se esa necesidade diferenciadora, por exemplo aqueles colectivos que non son novos (Iniciativa de Emprego Xuvenil) pero que teñen a capacidade, recursos e madurez para emprender, e que actualmente están completamente abandonados polos fondos UE.
  - Fomento do micro-financiamento
  - Fomento da transferencia de negocios
- Existe a necesidade de exceder os proxectos illados e dotalos dun carácter integrado. Para iso a arquitectura dos fondos e o seu desenvolvemento a nivel nacional ou autonómico xera toda unha serie de silos que dificultan que as Deputacións como actores do territorio provincial sexan capaces de levar a cabo actuacións integradas.

—

- É necesario fomentar o emprendemento de ciclo completo: "Formación, Asesoramento, Acompañamento, Financiamento de proxectos de investimento". Noutros países da UE a pesar das limitacións do Fondo Social Europeo para apoiar máis dunha ocasión a un beneficiario, puidéronse deseñar co aval da Comisión Europea os devanditos programas integrados que permiten o apoio continuo dun beneficiario desde a exclusión sociolaboral á formación, procura, obtención e retención dun emprego.
- Tanto o futuro MRR como os obxectivos políticos dos Fondos Estruturais 2021-2027 pretenden fomentar a autonomía estratéxica da Unión europea, así como a atratividade dos seus territorios. As Deputacións están perfectamente posicionadas para apoiar a relocalización empresarial, asentar aos novos talentos no territorio, loitar contra o abandono rural fomentando a posta en marcha de proxectos innovadores xeradores de desenvolvemento sostible, tanto no sector primario, como no ámbito da economía verde e azul nas zonas costeiras."

## ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

### Sr. Presidente

Pasamos ás actuacións de control, mocións, hai varias, presentadas dentro da orde do día e algunha fóra da orde do día. A primeira, a que presenta o Grupo Provincial Popular en apoio á transferencia da Xunta de Galicia da xestión do dominio público marítimo-terrestre.

## **1.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, en apoio da tranferencia á Xunta de Galicia da xestión do dominio público marítimo terrestre**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia conta con 2.091 quilómetros de perímetro costeiro insular e peninsular, sendo a comunidade con máis territorio costeiro. Por esta razón, a comunidade galega leva solicitando ao Goberno central desde 2009 o traspaso das competencias en materia de xestión do dominio público marítimo terrestre.

Principalmente, reclámase esta xestión porque se trata dun territorio que ten unha especial vinculación con materias que xa son actualmente de competencia autonómica, como son a regulamentación urbanística, a construción de portos ou o control de vertidos na costa.

Ante a existencia de dous niveles administrativos diferentes nesta zona, considérase imprescindible continuar reclamando ao Estado o traspaso a Galicia das competencias para a xestión do dominio público marítimo terrestre.

O obxectivo desta reclamación é acadar unha mellor prestación do servizo público, facéndoo a través dunha xestión de proximidade e cun coñecemento máis detallado da nosa realidade costeira, referendada coa aprobación do Plan de Ordenación do Litoral.

Por todo o anteriormente exposto e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

"Instar ao Goberno central a proceder ao traspaso de competencias á Xunta de Galicia para a xestión do dominio público marítimo terrestre"

### Sr. Ben Otero

Si, bos días, presidente de novo, grazas e bos días compañeiras e compañeiros.

A Xunta de Galicia solicitará ao Estado o traspaso da xestión do dominio público marítimo terrestre co fin de culminar o traspaso á Xunta de Galicia en materia de ordenación do litoral que se iniciou en 1985. Trátase de demandar o traspaso das funcións e servizos en materia de ordenación do litoral, é dicir, a súa xestión, que non a propiedade dos terreos, obviamente, para simplificar trámites e evitar a duplicidade que provoca a existencia de dous niveis administrativos nesta zona e tomar decisións máis axeitadas. Unha xestión que, de acadarse, beneficiaría o conxunto das empresas do complexo mar-industria no que ten que ver coa tramitación das súas concesións, dotándoas dunha maior seguridade xurídica.

Galicia conta con 2.091 km de perímetro costeiro insular e peninsular, sendo a comunidade con máis territorio costeiro. Principalmente, reclámase esta xestión porque se trata dun territorio que ten unha especial vinculación con materias que xa son actualmente de competencia autonómica, como son a regulación urbanística, a construción de portos ou o control de vertidos na costa.

Ante a existencia de dous niveis administrativos diferentes nesta zona, considérase imprescindible continuar reclamando ao Estado o traspaso a Galicia das competencias para a xestión do dominio público marítimo-terrestre. A Xunta quere dar un paso máis para que Galicia poida realizar unha mellor prestación do servizo público dos máis de 2.000 quilómetros de perímetro costeiro insular e peninsular no que se sitúan 5.000 edificacións, entre as que existen colexios, estacións depuradoras de augas residuais, un centro de saúde e no que conviven inmobles de diferentes actividades e ámbitos, como o marisqueiro, pesqueiro, portuario, conserveiro ou de ordenación do territorio.

En definitiva, o Goberno galego quere exercer dun xeito autónomo unha política integral do territorio galego, tal e como hoxe en día xa xestiona Cataluña, rexión que ademais ten a capacidade de conceder os títulos de ocupación e do dominio público marítimo-terrestre, como son o outorgamento de contratacións e concesións. Unha xestión integral do litoral galego, incluíndo o dominio público marítimo-terrestre e os terreos contiguos suxeitos a limitacións e servidumes de protección, permitiría minorar as posibles perdas de eficacia na Administración, a redución de demoras e inseguridade, e tamén a eficiencia no uso dos fondos económicos.

Para iso, é preciso modificar as normativas estatais para facilitar a emisión de informes sectoriais, especialmente en materia de costas. Así, tamén se solicitará unha simplificación administrativa na liña da xa realizada pola Xunta na súa Lei do solo, que permite que os informes sectoriais estatais se emitan nun prazo máximo de 3 meses, que o sentido do silencio administrativo sexa positivo, que sexan compilados por un único órgano e que se soliciten nun único momento, xa que na actualidade deben emitirse antes da aprobación inicial e da definitiva.

Para acadar o anterior, faise necesaria a modificación da Lei de costas do Estado co fin de devolver o valor patrimonial aos máis de 2.000 km de costa que existen en Galicia. Trátase dunha dobre modificación da normativa estatal que permitiría recuperar e darlle unha nova vida aos inmobles que se localicen no dominio público marítimo-terrestre, así como para adaptala e coordinala ao contido da Lei do solo de Galicia no relativo ás edificacións tradicionais existentes de servidume e de protección.

Unha das modificacións de referencia é a disposición transitoria décima do Regulamento xeral de costas, para aclarar que o uso residencial e o hostaleiro son análogos e intercambiabes, mentres que a segunda afecta á disposición adicional terceira da Lei de costas, para facer extensible o réxime contemplado nela para os bens inmobles declarados de interese cultural a todos aqueles bens que gocen dalgún tipo de protección patrimonial en virtude da normativa sectorial, en materia de patrimonio cultural, tanto autonómico como estatal.

Grazas a este cambio, facilitaríase a recuperación de antigas fábricas de salazón, conserveiras e pazos, entre outros edificios afectados, e daría cumprimento a unha das máximas do Goberno, como é a recuperación do patrimonio edificatorio da comunidade.

Nestes últimos anos, fíxose un esforzo do Goberno galego para acadar un coñecemento exhaustivo e próximo do litoral de Galicia grazas ao deseño e á implantación de plans, estudos e normativas impulsadas pola Xunta, tales como o Plan de ordenación do litoral, as Directrices de ordenación do territorio, a Estratexia de paisaxe de Galicia, documentos aprobados en 2011, ou a nova Lei do solo e o seu regulamento, así como o Regulamento á Lei da protección da paisaxe e das directrices da paisaxe.

Grazas a estas ferramentas, Galicia conta cun corpus normativo completo en materia de paisaxe e urbanismo que facilita o labor técnico e os procedementos administrativos derivados, garantindo a seguridade xurídica e os procesos operativos no que a cualificación, ordenación e xestión do territorio. Coa transferencia da xestión do dominio público marítimo-terrestre avanza un paso máis e, sobre todo, garantirá unha mellor xestión das zonas costeiras.

E todo o anterior porque a futura Lei de cambio climático e transición enerxética do Goberno do señor Sánchez está a causar unha gran preocupación no tecido mar-industria do noso país. O sector da cadea mar-industria mantén a incerteza sobre o seu futuro en relación coa duración das concesións no dominio público marítimo-terrestre, unha preocupación que mantén a Xunta de Galicia e o Partido Popular, motivada polas múltiples ocasións nas que o Goberno central deu motivos sobrados de desconfianza. Que lle vou dicir a vostede, señor presidente, co que está a acontecer nas Pontes?

Esta situación pon en risco a máis dun cento de empresas e outras actividades do complexo mar-industria, así como a milleiros de licitacións galegas asentadas no litoral. Non podemos esquecer que a tramitación desta normativa se fixo pola porta de atrás e sen diálogo previo cos afectados. Neste caso esta norma pódese levar por diante unha cadea mar-industria que fixo os deberes nesta década; pode levar por diante unha cadea que aumentou a exportación dos seus produtos nun 80% entre o 2009 e o 2019; pódese levar por diante unha cadea que fai que Galicia sexa a décima exportadora mundial de produtos de pesca por diante de países como Xapón ou Islandia.

Tratan de coar pola porta de atrás unha reforma que afecta de maneira sobranceira á Galicia costeira. Isto amosa que a Xunta de Galicia estaba no certo cando denunciámos o intento de variar as condicións e desafiuzar as empresas do mar que había na costa, cando se nos dixo que esta reforma estaba paralizada e que non se reactivaría sen falar co sector. Non nos podemos fiar dun Ministerio que tratou de enganar ao Goberno autonómico por carta, que tratou de enganar ao sector publicamente e aos seus compañeiros de partido nas zonas costeiras en distintos plenos e no Parlamento defenderon esta suposta paralización. Tentaron enganar Galicia e pechar o futuro de moitas empresas e máis de 50.000 empregos. Desde Madrid trataron de facer e están a tratar de facer trilerismo político á xente do sector

marítimo-pesqueiro e da cadea mar industria-galega.

Vista a situación actual da xestión do dominio público marítimo-terrestre, faise necesario adecuar esta competencia ás circunstancias que temos en Galicia e que parece que algúns en Madrid non entenden ou non queren entender.

Polo tanto, pido o apoio de todos os grupos da Corporación para unha cuestión que entendemos que é estratéxica para Galicia e quedo á espera do seu sentido de voto.

Máis nada e moitas grazas.

### Sr. Lema Suárez

Nós imos apoiar esta moción. Dá gusto escoitar falar aos representantes do Partido Popular en termos que ao mellor serían semellantes aos dalgún do PNV, por exemplo, a verdade é que o felicito e que me parece realmente positiva esta defensa dos principios de autogoberno, de que sobre os asuntos que nos atinxen decidamos nós, que entendo que é moito mellor que desde Madrid. Sabemos cales son as situacións máis axeitadas, as nosas diferenzas e as nosas necesidades.

Entendo que sería tamén necesario que esta competencia que se lle solicita a Madrid que se transfira para a nosa comunidade é ata certo punto unha novidade, porque non se distinguiu o Goberno de Feijóo ata datas moi recentes por ter unha actitude activa no que se refire á petición de transferencias de competencias para a nosa comunidade, dicía que sería conveniente que se estendese tamén a outro tipo de cuestións que son agora mesmo de competencia estatal cando deberan ser, entendemos nós, de competencia autonómica. Dígase, por exemplo, cuestións que teñen que ver coa rede viaria, coa rede ferroviaria, cuestións que teñen que ver con transferencias en materia de seguridade ou con outra máis semellante a esta, como sería a das cuncas hidrográficas, que van ter, pensamos, no futuro próximo un gran protagonismo porque afectan directamente, por exemplo, aos saltos de auga, encoros e, polo tanto, ao noso sector enerxético. Sería interesante tamén que o Partido Popular, que a Xunta de Galicia, estendese, por exemplo, calquera destas outras cuestións a petición de transferencias ao Goberno do Estado.

Nós imos apoiar, como dixemos, por principio, felicítámonos por esta iniciativa da Xunta, pensamos, ademais, que o que se expón no fondo do asunto está motivado, pero tamén temos certas preocupacións para que isto supoña unha minoración no que ten que ver con protección social, protección ambiental da costa galega, porque non é que en todos os casos a Xunta de Galicia tivese unhas políticas que se diferenciasen pola súa excelencia á hora de, digamos, de salvagardar tanto o entorno natural como o entorno paisaxístico, non digo unicamente da costa, digo no conxunto do seu territorio, pero tamén na costa. Polo tanto, por suposto, nós por principio solicitamos a transferencia desta competencia do Estado, pero esperamos que non sexa para que a Xunta de Galicia faga un mal uso dela, para que dalgunha maneira supoña que se van minorar as garantías e protección da paisaxe do entorno natural; porque, de ser así, atopariámonos máis adiante ante un problema de desprotección a mans da Xunta de Galicia, como, insisto, ten amosado con outros

sectores e que vimos tamén de denunciar no pasado neste mesmo órgano.

En todo caso, como dixen, por concordancia cos principios aquí expostos, imos apoiar esta moción.

### Sr. García Seoane

Eu non sei se vai ser para mellor ou para peor, desde logo, peor non creo que sexa, porque esta competencia que ten neste momento o Goberno de Madrid sobre a costa española, se un se pega un recorrido pola costa do Estado, verá verdadeiras aberracións recentes. A Lei de costas apróbase no 88 e hai verdadeiras aberracións montadas sobre a costa que ninguén explica. Ti vas a un municipio e dis: e isto como está aquí? Eu encontreime en Canarias cun municipio, fun dar unha charla de urbanismo, e encóntrome co alcalde, vexo un hotel recentemente feito metido no acantilado e xa coa Lei de costas en marcha, e coas tubaxes de fecais aí. En fin, quero dicir que un desastre tremendo.

Eu de costas sei un rato largo, debo de ser un dos poucos alcaldes de España que publicitou case toda a costa do seu municipio. Nós temos 26 quilómetros de costa, dos cales 16 neste momento son camiñables por calquera cidadán porque preservamos o medio natural e preservamos a costa para uso e desfrute dos cidadáns. E eu teño serias dúbidas de que se vaia mellorar, espero que si, eu vou votar que si a esta moción, pero paréceme que habería que cambiar moitas cousas, habería que cambiar mentalidades. Por exemplo, para calquera actuación de planeamento que tes que facer neste momento, un concello como o noso, que ten plan de urbanismo, dos poucos que teñen plan de urbanismo en Galicia, pois tes que facer a mesma xestión na Xunta neste momento da liña marítimo-terrestre cara atrás e tes que facer tamén a xestión co Estado.

Cae un territorio, aquí houbo tres derrubamentos tremendos de solo, en parques públicos por certo os tres, e resulta que de Costas, en Madrid, dinme que teño que pedir unha concesión para facer unha obra de protección do acantilado, unha concesión e pagar todos os anos a Costas en Madrid por facer unha protección para que a xente non caia sobre os barrancos que orixinan este tipo de actuacións.

Polo tanto, eu creo que sería máis práctico facelo todo aquí e espero que, governe quen governe, neste momento goberna a Xunta, noutro momento gobernarán outros, espero que se leve adiante unha boa práctica e, se se chega a cederse a Galicia esta petición que facemos, que se faga unha boa práctica.

Pero, xa digo, teño serias dúbidas, porque cando se falaba agora por Evaristo de que algunhas..., por exemplo hai un hotel en Santa Cristina que está por riba da praia, foi feito no seu día ilegalmente, está en territorio do Estado español, de todos os cidadáns de España, pois acaba de renovarse a concesión, a pesar de que o hotel está cerrado, e acaban de vir a falarme a min uns sen vergonzas se podían facer vivendas no hotel. Quero dicir, esta é a situación que hai. Eu espero que, claro, estas cousas, aquí non acontecen, pero espero que non acontezan noutras partes de Galicia. Esa concesión non se podía ter renovado, caducou, 30 anos, fóra, é un terreo do Estado, pero non foi así.

Polo tanto, vou votar, pero, xa digo, con serias dúbidas do futuro.  
Sra. Muíño Filgueira

Ben, nós, como non podía ser doutra maneira, todo o que supoña avanzar no reforzo da capacidade de autogoberno de Galicia parécenos unha boa nova, especialmente despois de 10 anos dunha fonda seca no traspaso de competencias a Galiza, aledámonos de que o PP se sume a esa senda de reclamar ese maior autogoberno.

Coincidimos, ademais, parécenos interesante a reclamación desta competencia, como de tantas outras, como a seguridade viaria, a xestión do tráfico, o salvamento e seguridade marítima, a transferencia da AP-9, por suposto. E efectivamente, en concreto, en relación a este tema, efectivamente, a xestión do dominio público terrestre afecta e condiciona no caso galego a actividade, de xeito especial a actividade económica vinculada ás actividades asociadas á cadea mar-industria, da que dependen milleiros de persoas, pero que, ademais, ten unha transcendencia moi relevante e é un pilar da economía galega.

Neste sentido, dicir que imos dar apoio a esta moción e que agardamos que a transferencia desta competencia se efective coa maior brevidade que se puidera posible tamén deixar iso por diante e coincidir tamén en que o uso destas competencias sempre sexa tendo en conta o máximo coidado co noso valor patrimonial e tamén co desenvolvemento de actividades económicas que realmente se vinculan a ese sector, que, como dicimos, resulta estratéxico e do que tanta xente depende, e que agora mesmo pois está pendente das modificacións que poidan afectar á súa actividade e aos seus empregos.

Sr. García Piñeiro

Bos días a todos e a todas.

Vou empezar dicindo que, a verdade, as mocións do Partido Popular sempre teñen o mesmo guión, que é primeiro resaltar o labor do Goberno do Partido Popular en Galicia, o labor do presidente Feijóo, onde parece que estamos no país das marabillas, e despois, aproveitar no desenlace para criticar todo o malo que é o Goberno do PSOE en Madrid e o Goberno de coalición que existe agora mesmo en Madrid.

Realmente, hai que destacar no tema da solicitude desta competencia que o Partido Popular ata o de agora pouco éxito tivo na solicitude das súas competencias, das competencias para Galicia. A verdade é que tamén poucas se coñecen, coñécense bastante poucas que fixera ao Goberno, sobre todo cando gobernou o Partido Popular. Debo lembrar, e eles mesmos o poñen na moción, que empezaron con estas reclamacións no ano 2009, e igual debo lembrar tamén que do 2009 para aquí durante moitos anos estivo gobernando o Partido Popular, estivo gobernando ademais un galego en Madrid, o cal non atendeu as reclamacións, se existiron realmente, desta competencia que se trae hoxe aquí a debater na moción. Polo cal parece que só se acorda o PP de pedir competencias para Galicia cando goberna o

PSOE, cando goberna o PP, que lle sería moito máis fácil desde logo xestionalas e solicitálas, non o fai, e así se viu nos últimos meses cando foi de solicitar a competencia, o traspaso, da AP-9, que cando gobernou Rajoy non lle fixo nin caso e co Goberno do Partido Socialista e de Podemos en Madrid debateuse ata en dúas ocasións esta transferencia e chegouse a un acordo.

Debo destacar, e creo que todos os compañeiros e compañeiras que interviñeron previamente, a importancia que ten o dominio público marítimo-terrestre para Galicia e, sobre todo, para a provincia da Coruña tamén, onde somos a provincia, ademais, a provincia de España con máis quilómetros de costa, co cal é importante que todo este dominio se poida xestionar directamente desde Galicia. E nós estamos de acordo e coincidimos en que é positivo que esta serie de competencias as poida ter o Goberno autonómico e se poidan xestionar desde aquí.

Aquí díxose a importancia do sector do mar-industria, a importancia do sector turístico, sector marisqueiro, sector pesqueiro, pois todo isto inflúe e é moi importante onde dá moitos postos de traballo; e cremos que é positivo que se xestione desde aquí, porque ademais xestiónanse e temos competencias noutros campos que van vinculados xa directamente tamén co dominio marítimo-terrestre.

Nada máis.

#### Sr. Ben Otero

Muy brevemente. Primero, agradecer el voto favorable de la Marea, BNG y Alternativa dos Veciños, y no quedó claro el voto del PSOE, entiendo que será un voto afirmativo, es importante que se haga por unanimidad esta moción, entiendo yo. Pero no me puedo resistir a hacer un par de comentarios al respecto de lo que ha comentado el compañero Sr. García Piñeiro.

La imagen de Feijóo no hace falta, del Gobierno de Feijóo, no hace falta que la defienda este humilde diputado aquí, porque la ha refrendado el 50% de los gallegos que han votado hace escasos meses. No es una cuestión de que yo tenga que alabar a un Gobierno que ha estado refrendado recientemente en las urnas por los gallegos. Entonces, no se trata de esto; ni se trata de traer esta propuesta ahora como una ocurrencia. No se ha pedido antes esta cuestión al Gobierno de Madrid porque nunca antes estuvo en riesgo todo el sector productivo de la costa gallega. Esto lo ha puesto en riesgo un Gobierno que traza dibujos con un rotulador sobre un plano sin saber de lo que está hablando, que toma decisiones que tienen una venta política o un titular de periódico que les queda fetén en algunos ámbitos y que eso conlleva cerrar la mayor central térmica de España, como es la de As Pontes, y los problemas que origina esa decisión lo sabe el Sr. Presidente mejor que nadie, pero no solo en As Pontes, no solo en As Pontes, en todo Ferrolterra, el puerto de Ferrol, los transportistas, la actividad económica, etc., etc., los ingresos para el propio ayuntamiento de As Pontes. Por un titular de un día hemos puesto en jaque a una comarca y se quedan tan anchos.

Ah, pero eso no les llega, cogen el rotulador, el rotulador verde, lo trazan alrededor de la costa gallega y ponemos en jaque nuestro sector conservero, nuestro



sector pesquero..., por el amor de Dios, es que hay que saber de lo que se habla, hablamos desde lejos, hacemos grandes titulares, somos los más guays del Paraguay, los más ecologistas, los más verdes y nos importan poco los 50.000 señores que se pueden ir a la calle y sus familias.

Eso no estuvo nunca en riesgo con el Gobierno de Rajoy. Por eso ahora mismo tenemos que defender a Galicia todos juntos y pedir la transferencia para aquí. No en la defensa de un partido ni contra un partido, no, en la defensa de un sector productivo fundamental. Y aparte llama la atención que este tema, y lo digo con toda la buena intención, Sr. García Piñeiro, no me entiendas mal, por favor, pero lo estamos defendiendo dos personas del interior, de Ames y de Santiago, pero es verdad, en mi caso así lo pueden acreditar los compañeros, en el tuyo entiendo que también, que pisamos el territorio, que pisamos la costa, y que hablamos con una gente que está seriamente preocupada, independientemente de la ideología. ¿Cuánto van a poder seguir trabajando las plantas acuícolas de la Costa da Morte, las conserveras de Barbanza?, por el amor de Dios, por no hablar del sector forestal del sur de la provincia.

Vamos a ser serios, y esto no se trata de atacar a unas siglas, se trata de que, como gallegos, defendamos el interés de Galicia, en este caso clarísimamente, en defensa de un sector fundamental para el desarrollo económico de la provincia de A Coruña en concreto y de Galicia en general. En todo caso, agradezco el voto afirmativo de todos.

Nada más y muchas gracias.

#### Sr. García Piñeiro

Por aclarar un par de temas. A min chocábame tamén, Sr. Ben, ao principio cando empezaches falando ti, defendendo esta moción e eu tamén, efectivamente, somos os dous de Compostela, aínda que eu teño que dicir na miña defensa que nacín en Boiro e coñezo perfectamente os problemas que hai na costa, polo menos do Barbanza, e tamén de fóra agora pola actividade que me toca desenvolver na Deputación, como é o contacto coas confrarías da provincia.

De todas formas, vós mesmos poñedes na moción, ou sexa, acabas de dicir unha cousa que non é o que se corresponde co que pon na moción, isto non é un problema que xurdira agora. Vós no ano 2019 pedistes as competencias, segundo poñedes na moción, nunca máis volvestes solicitálas, tivestes 8 anos de goberno dun compañeiro teu e ademais veciño de todos nós de Galicia, o cal non amosou nunca esa preocupación nin ese interese de darnos esta competencia a Galicia que levades defendendo.

Claro que hai un problema e claro que hai unha preocupación na costa, e nós así o levamos defendendo tamén, polo menos o Partido Socialista da provincia da Coruña así o leva defendendo e moitos alcaldes e alcaldesas, tanto da nosa provincia como da provincia de Pontevedra, levan trasladando esta preocupación que hai da costa, e seguiremos defendéndoa. Pero hai unha diferenza substancial entre as defensas que facedes vós e as que facemos nós. Nós non temos, a nós non nos

trema o pulso nin temos medo de trasladar as nosas queixas cando governa o PSOE en Madrid. Vós si tendes problemas, e véñse demostrando Pleno a Pleno, aquí por exemplo cando veñen propostas que son perfectamente asumibles e asumen todos os grupos excepto vós porque se ataca ou se vai en contra ou se lle reclama algo ao Goberno autonómico. Falta a primeira vez que vós vos sumarades a unha moción onde se crítica ou se lle reclama algo ao Goberno autonómico, e levádelo feito tamén cando gobernou o PP en Madrid. Entón hai unha diferenza, hai unha diferenza importante, nós preocupámonos polos cidadáns e non temos ningún tipo de problema e aprobamos aquí neste Pleno moitas veces propostas que ían en contra do Goberno de Madrid.

Vou rematar cunha pequena brincadeira, ti dicías que a Feijóo non fai falta defendelo, que se defende só, que aí está, pero tamén aproveito ademais que hoxe é venres, que tamén a promoción xa a fai el mesmo na Televisión de Galicia, tal e como defenden moitísimos profesionais, e gústame recordalo ademais porque hoxe xa perdín a conta pero é un venres negro, tal e como o definen os profesionais da Televisión de Galicia. Nada máis.

#### Sr. Ben Otero

Yo, de verdad, no quiero entrar en un debate con esto. Yo solo quiero decir dos cosas muy brevemente. No hemos insistido en este problema porque este problema surge ahora, ahora es cuando está en riesgo todo con la modificación del Reglamento de la Ley del Suelo, de la famosa señora Rivera, tampoco nunca tuvimos antes que defender la viabilidad de la central de As Pontes porque se daba por hecho que era viable, y una decisión que toman ha traído las consecuencias que ha traído, obviamente, tenemos que esforzarnos ahora. Nosotros no somos nunca los que hemos votado en contra de la transferencia de la AP-9, ni la bonificación de los peajes, vosotros el otro día sabéis lo que habéis hecho en el Pleno de esta Diputación. Y, por cierto, tenemos una compañera aquí, que es la compañera Martina Aneiros, que creo que de las que está ahí, y el señor Germán Castrillón, que fueron a manifestarse a Madrid, fueron a manifestarse a Madrid con Diego Calvo siendo Presidente de la Diputación; con José Manuel Rey siendo Alcalde de Ferrol, para pedir trabajo para el naval, fueron a manifestarse a Madrid, estando gobernando el Partido Popular. Aún no os he visto a vosotros ni al Sr. Presidente teniendo esa postura dura, beligerante y clara en defensa de los intereses de Galicia. Con lo cual, nosotros lecciones de defensa de los intereses de Galicia ni una.

Pero, en todo caso, reitero, muchísimas gracias a todos por el voto favorable a esta moción, eso es lo importante, y como dice el otro, bien está lo que bien acaba, ojalá esto acabe bien y que las competencias en la gestión del dominio público marítimo-terrestre pasen a ser gestionadas por la Xunta de Galicia.

Nada más y muchas gracias.

#### Sr. Presidente

Ben, nada, aproveito para dicirche, Sr. Ben, que xa che mandarei as fotografías miñas diante dos distintos ministerios do meu Goberno e do Partido

Popular onde, como alcalde das Pontes reclamei a defensa dos intereses da miña vila, e ti sabes perfectamente que o sigo a facer. Máis dunha vez e máis de dúas e máis de tres. Igual que 80 km camiñando cunha pancarta detrás reclamándolle a dous presidentes, Pedro Sánchez e antes ao señor Rodríguez Zapatero en 2010, que non pechara a central térmica, co cal non entendo o comentario, pero ben.

Respecto a este asunto, que é un tema relevante, pasou o Sr. García Seoane un pouco facendo unha aproximación do verdadeiro problema de xestión que ten a zona de dominio público marítimo-terrestre. Xa houbo unha cesión de competencias do Estado na época de Felipe González ás comunidades autónomas, na que transfería a xestión dunha parte do dominio público marítimo-terrestre, que é a servidume de protección, que son 98 dos 100 metros de liña de costa que ten o dominio público marítimo-terrestre.

Agora mesmo calquera intervención, como aproximaba ben o Sr. García Seoane, que se queira facer nesa zona necesita dúas autorizacións, complicando enormemente o proceso administrativo xa complexo de por si. Os 6 primeiros metros de ancho da zona de dominio pertence á Demarcación de Costas do Estado e hai que acudir á oficina correspondente da demarcación de Costas en Galicia; e, en paralelo, á Dirección Provincial de Costas da Consellería de Medio Ambiente para tratar, digamos, a invasión nesa zona dos outros 92 metros de dominio público marítimo-terrestre.

Eu creo que xa só por iso, por ese esclarecemento administrativo, merece a pena a moción. Pero é certo que a moción para min esquece un tema importante: pídesse a xestión e pídesse, segundo dis, Sr. Ben, para un pouco evitar calquera susto e desgusto que nos poida dar nun ámbito que nos preocupa enormemente a todos, como xa dixo antes o Sr. García Piñeiro e recordou a todos os partidos políticos, tanto alí como aquí en Galicia e tamén na provincia da Coruña, un sector que emprega a máis de 26.000 persoas en Galicia, o sector extractivo e do mar, a moitísimos miles de familias en Galicia e que, loxicamente, necesitan unha garantía e unha certeza xurídica respecto do seu emprazamento na zona de dominio público marítimo-terrestre.

Pero é certo que, solicitando e reclamando a xestión ao Goberno do Estado e ao Parlamento, que tería que aprobar esa delegación, creo que non vai ser suficiente porque creo que hai unha lexislación básica estatal respecto dos usos en dominio público marítimo terrestre, e o que máis nos preocupa a todos, que é a renovación ou non, o sistema de renovación de concesións, o prazo máximo de renovación de concesións, como se entende ese prazo máximo, se ese prazo máximo é prorrogable por outro prazo máximo da mesma cantidade de anos ou non, se a suma das prórrogas non pode superar os 75 anos como prazo máximo, eu creo que vai ser a lexislación básica estatal e que che cedan a xestión do dominio público non vai garantir que a lexislación básica que vai regular eses aspectos que nos preocupan a todos vaian ser digamos que aspectos que se poidan xestionar no ámbito galego.

E despois, como persoa que ten tamén na cabeza un proxecto, ou que concibe España como un proxecto de todos, a verdade é que tamén debe preocuparnos que nos vaia que a costa de Murcia ou que a costa de Asturias está totalmente copada urbanisticamente, como dicía o Sr. García Seoane, ata o acantilado, e que a costa

galega estea libre dese aspecto urbanístico. Eu creo que non é tan importante, digamos, que a cesión de certos aspectos da xestión dos sistemas tan esenciais como o dominio público marítimo-terrestre, senón exactamente como se regula, tendo en conta as peculiaridades, como digo, de cada territorio. Evidentemente o sector extractivo do mar en Galicia é un sector totalmente, digamos, que é prioritario, estratéxico para Galicia, pero que en calquera caso, habería que estudar se se pode ver salvagardado con esta delegación da xestión ou faría falta entrar máis en aspectos lexislativos básicos, como poida ser a interpretación dos prazos das concesións, que creo que é o que máis lle preocupa ao sector produtivo, máis que a xestión se teña que facer nunha oficina da Demarcación de Costas do Estado aquí no Orzán, na Coruña, ou ter que ir a Monelos a facer a mesma xestión. Eu creo que o que máis lle preocupa precisamente son as cuestións que con esta delegación na capacidade de xestión de dominio público non creo que queden resoltas, oxalá que si.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

**"Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, en apoio da tranferencia á Xunta de Galicia da xestión do dominio público marítimo terrestre**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Galicia conta con 2.091 quilómetros de perímetro costeiro insular e peninsular, sendo a comunidade con máis territorio costeiro. Por esta razón, a comunidade galega leva solicitando ao Goberno central desde 2009 o traspaso das competencias en materia de xestión do dominio público marítimo terrestre.

Principalmente, réclámase esta xestión porque se trata dun territorio que ten unha especial vinculación con materias que xa son actualmente de competencia autonómica, como son a regulamentación urbanística, a construción de portos ou o control de vertidos na costa.

Ante a existencia de dous niveles administrativos diferentes nesta zona, considérase imprescindible continuar reclamando ao Estado o traspaso a Galicia das competencias para a xestión do dominio público marítimo terrestre.

O obxectivo desta reclamación é acadar unha mellor prestación do servizo público, facéndoo a través dunha xestión de proximidade e cun coñecemento máis detallado da nosa realidade costeira, referendada coa aprobación do Plan de Ordenación do Litoral.

Por todo o anteriormente exposto e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

"Instar ao Goberno central a proceder ao traspaso de competencias á Xunta de Galicia para a xestión do dominio público marítimo terrestre"

Sr. Presidente

Seguinte moción, presentada por Marea Atlántica sobre fondos europeos.

## **2.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre fondos europeos.**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, anunciou a principios de novembro unha nova “Lei de reactivación económica de Galicia”, argumentando a súa necesidade na procura dunha axilización dos trámites administrativos que até o de agora veñen sendo requiridos na creación de empresas e que, segundo afirma, implican certos obstáculos e solapamentos innecesarios, así como duplicidades legais e administrativas.

Chama a atención que fose o propio Feijóo, como presidente do goberno galego, quen impulsara con obxectivos ou fins similares, as actuais leis que agora semella considerar insatisfactorias.

A primeira delas foi a Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica, orixe de toda unha serie de normativas que apostan por facilitar a implantación de “calquera actividade con seguridade xurídica”. Esta lei, chegou a ser modificada en catro ocasións.

Apenas tiveron que pasar dous anos para que se aprobara unha nova Lei 1/2015 de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, coa que se colocaba o foco na axilización dos procedementos administrativos para que a “tramitación administrativa non fose un problema”, tal e como expresaba o mesmo Feijóo cando insistía de novo na necesidade de ofrecer ás empresas unha maior “seguridade xurídica” para instalarse en Galicia.

E outros dous anos máis tarde, aínda sería preciso aprobar unha última Lei 5/2017 de fomento da implantación de iniciativas empresariais, amplamente criticada, e popularmente coñecida como ‘Lei de depredación de Galicia’, coa que teimaba na procura da ‘seguridade xurídica’ e na constitución dun “marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza” para seguir apoiando ás empresas. Unha lei que en menos de tres anos precisou ser modificada en tres ocasións.

Malia as consistentes ansias legislativas que pretenden garantir a tan desexada “seguridade xurídica”, co anuncio desta nova lei de ‘reactivación’, o goberno galego demostra non estar plenamente satisfeito, nin coa simplificación de trámites, nin coas

facilidades concedidas ás empresas para instalarse no noso país. Tal é así, que o presidente volve esgrimir compulsiva e obstinadamente os mesmos argumentos, como a “diminución da xestión burocrática da Administración pública autonómica”.

Tendo en conta os antecedentes do corpo lexislativo de Feijóo -e os efectos que teñen provocado no territorio galego-, non sorprende que o tecido asociativo veciñal, ambientalista e social sospeite das intencións que motivan ao goberno da Xunta e do Partido Popular a levar adiante a súa proposta. Por todo o país, esténdese a desconfianza cara un goberno que, coa súa lexislación, procurou amparar proxectos de megaminería, de novas instalacións eólicos planificadas sen consenso ou permitir a instalación de vertedoiros en núcleos rurais habitados.

Numerosos colectivos de base consideran que o auténtico propósito da Xunta é o de restrinxir, e mesmo eliminar, o dereito de acceso á documentación pública sobre determinadas iniciativas empresariais, social e ambientalmente agresivas, que ao Partido Popular tanto lle gusta amparar, cando non incentivar.

Por todo o exposto propónse ao Pleno da Deputación Provincial da Coruña o seguinte acordo:

1.- Instar á Xunta de Galiza a:

- a) Aprobar un marco normativo que , derogando a Lei 9/2021, estea destinado a acadar unha transición enerxética xusta e democrática, no que sexa garantida a participación pública , a participación cidadá e a preservación dos valores paisaxísticos, ambientais, sociais e culturais do territorio.
- b) Facer pública a composición do comité de expertos que aconsellou ao goberno galego para o reparto dos fondos Next Generation nesta primeira fase e amplialo para o seguimento do control e execución dos proxectos presentados . Dito comité debe ampliarse de maneira que a súa composición sexa o máis representativa posíbel da sociedade galega, incluíndo sectores coma o pesqueiro , o agrario, o forestal, sindical, as pemes, ONGs e colectivos da sociedade civil organizada.
- c) Facer pública a relación de propostas incluídas dentro da candidatura Estratexia Next Generation Galiza, así como os criterios de selección e conformación da mesma, así como asumir o compromiso de informar periodicamente sobre o seguimento da mesma.

2.- Instar aos gobernos do Estado e Xunta de Galiza a aprobar e executar un modelo de gobernanza de xestión dos Fondos Next no que as entidades locais, concellos e Deputacións, teñan asegurada a súa participación efectiva na toma de decisións e seguimento dos mesmos.

3- Dar conta deste acordo a todos os grupos con representación no Parlamento de Galiza e nas Cortes Xerais, aos gobernos da Xunta de Galiza e do Estado , así como ao tecido ambiental, social e veciñal.

Sr. Lema Suárez

Grazas, presidente.

Comentar un pouquiño, xa pasada a moción anterior, pero dicía o presidente que se debía xestionar toda a costa do Estado como un conxunto, ben, hai dinámicas que son endémicas de aquí, non hai bateas fóra de Galicia, iso ten particularidades xurídicas, son históricas, ademais que eu creo que esixen tamén un tratamento singular desde aquí. Penso que aí o principio de autogoberno non é unicamente ideolóxico, senón que tamén por suposto é lóxico, e hai cuestións de marco xurídico estatal que son absolutamente cegas para estas realidades e particularidades nosas.

Indo á moción que presentamos e que vén promovida por unha asociación, unha plataforma galega para un reparto xusto dos fondos europeos, no último punto que se aprobou no Pleno de hoxe da parte, digamos da parte executiva do Pleno, falouse desta cuestión. Evidentemente, pártese, tamén hai un principio de autogoberno, de autonomía local nesta moción, que é da necesidade de defender a participación pública en algo que se considera que vai ser tan relevante a futuro como é o reparto destes fondos europeos.

A moción ademais chega nun momento creo que oportuno, onte mesmo o presidente Feijóo –falarei máis adiante disto– anunciaba, sen identificar e sen publicitar tampouco cales eran, que había 354 proxectos, que ían ser os depositarios deses 20.000 millóns de euros que *a priori* son os que lle tocan a Galicia no reparto destes fondos a nivel estatal.

E tamén é oportuna porque tamén nestes días coñecemos que Europa obrigaba o Estado español a computar na súa débeda estatal a débeda activa da Sareb, do FROB, que algúns pensarán que poida non ter moito que ver co contido desta moción, pero si por suposto ten que ver, porque non deixan de ser mecanismos de débeda pública isto que finalmente estamos aprobando estes días, tanto en Galicia como a nivel do Estado, pois é un préstamo; e eu poño un pouco tamén en contacto estas dúas cuestións porque son relevantes.

Estamos ante unha oportunidade para evitar repetir estes erros da xestión da crise de 2008, que, finalmente, como todos sabemos, basicamente foi un xeito de rescatar un sector bancario, que hoxe vemos que se privatiza, absorbeuse Bankia por parte de La Caixa sen que aquí houbera ningún retorno para o público do que no seu momento lle foi entregado a estes grandes oligopolios financeiros. Pensamos que habería que evitar repetir un modelo falido e habería que establecer tamén criterios claros sobre cales van ser as prioridades e os destinatarios destes fondos de recuperación.

Temos que dicir tamén nesta introdución na defensa da moción que non parece que o Goberno do Estado estea mantendo tampouco unha actitude nin moito menos exemplar. Refírome, por exemplo, ao informe demoledor do propio Consello de Estado, que creo que non é sospeitoso de ter vinculacións políticas e ideolóxicas con

plataformas radicais de defensa do entorno natural ou dunha economía social. Este informe do Consello de Estado alertaba, e alertaba con moita contundencia, sobre o escurantismo e tamén sobre a falta de mecanismos de control e de fiscalización na asignación destes fondos, moi relevante, moi relevante porque eu creo que estas présas na tramitación e estas présas tamén na propia asignación e falta de control na súa fiscalización, poden dar lugar, non nos estrañaría, máis adiante, a problemas de índole legal. Non é algo que sexa estraño na tradición do Estado nin, sobre todo, na tradición tampouco de xestión de fondos europeos. E polo visto, estamos actuando cunha morea de présa, parece que se está priorizando a velocidade por riba, digamos, da racionalidade e tamén dun debate máis ou menos aberto sobre a onde queremos chegar, que é o que queremos facer con estes fondos europeos.

Entón, estamos entrando en dinámicas que xa coñecemos tamén do pasado. Diciamos antes, unha dinámica de endebedamento, estamos ante un préstamo, hai que devolvelo. Polo tanto, carécese dun debate sobre o interese xeral, sobre que é o que estratexicamente nós pensamos que debemos fortalecer a futuro, estáselle facendo moita incidencia, por suposto, ao sector enerxético, pero pensamos que estes fondos europeos, desde logo, non van modificar as tremendas eivas estruturais do sector enerxético español, senón que aparentemente vaise ir cara a unha especie de lavado de cara, para iso que se chama en inglés, ese neoloxismo un *green washing*, parece que se vai adaptar industrias que antes eran sucias e que eran diferentes ao carbón, vanse adaptar ás novas enerxías, pero non se vai modificar en absoluto a liberalización e titularización do mercado eléctrico, que é onde reside realmente o problema. O problema é de máis fondo calado, é un problema de estrutura económica, e parece que lle estamos entregando de novo a estas grandes empresas diñeiro público que despois imos ter que devolver entre todos para que fagan co el un pouco o que lles pareza.

E tamén dos pouquísimos datos, porque hai unha absoluta falta de transparencia na asignación destes fondos, chámanos a atención a concentración deles en grandes empresas. Os nomes que foron aparecendo aquí cara á parte que nos toca a nós, para Galicia, son realmente preocupantes. Estamos xa vendo que hai empresas como Repsol, como Indra, ou tamén como Reganosa, son depositarias destes fondos. Isto, desde logo, a nós preocúpanos moito, non só porque vaiamos indo cara a un lavado de cara, cara a estas empresas que se distinguiron ata agora por prácticas absolutamente contrarias á sustentabilidade ambiental ou social da súa actividade, agora, ademais, son empresas do IBEX 35, con moi pouca capilaridade social en Galicia, con moi pouco retorno cara á nosa sociedade, que creo que é, finalmente, outro dos puntos de vista, outro dos eixos que debían rexer a administración destes fondos, pero que, insisto, cun absoluto escurantismo, e tampouco coñecemos cales son os criterios de administración destes fondos, pois estanse tramitando e anunciábanse onte que finalmente esas 354 propostas que van ser depositarias deses 20.000 millóns de euros, 247 son procedentes da Administración local e 107 do sector privado.

Entón, o que fixemos foi tamén unha modificación, unha emenda á nosa propia moción, porque coñecendo estes días que xa se ía facer pública cales serían finalmente os depositarios, as propostas escollidas, pensamos que hai, por desgraza, algunhas cuestións da nosa moción que quedaron caducadas, sobre todo aquelas



que se referían á necesidade de dotar a este mecanismo de reparto de publicidade ou de que se coñecese tamén cales van ser os criterios para o reparto destes fondos, co cal dalgunha maneira o que fixemos foi adaptar a nosa moción e quedaría na parte final do seguinte xeito. A proposta é a seguinte:

“a) Instar a Xunta de Galicia a aprobar un marco normativo que, derogando a Lei 9/21, estea destinada a acadar unha transición enerxética xusta e democrática, na que sexa garantida a participación pública, a participación cidadá e a preservación dos valores paisaxísticos ambientais, sociais e culturais do territorio.

b) Facer pública a composición do Comité de Expertos que aconsellou o Goberno galego para o reparto de fondos Next Generation nesta primeira fase, para ampliálo para a seguinte a execución dos proxectos presentados. O dito comité debe ampliarse de maneira que a súa composición sexa o máis representativa posible da sociedade galega, incluíndo sectores como o pesqueiro, o agrario, forestal, sindical, as peme e outros colectivos da sociedade civil organizada.

Terceiro: Facer pública a relación de propostas incluídas dentro da candidatura da Estratexia Next Generation Galicia, así como os criterios de selección e conformación desta, así como asumir o compromiso de informar periodicamente sobre o seu seguimento.

Un punto máis: Instar os gobernos do Estado e da Xunta de Galicia a aprobar e executar un modelo de gobernanza de xestión dos fondos Next Generation no que as entidades locais, concellos e deputacións teñan asegurada a súa participación efectiva na toma de decisións e seguimento destas.

Por último, dar conta deste acordo aos grupos con representación no Parlamento de Galicia, nas Cortes Xerais, aos Gobernos da Xunta de Galicia e do Estado, así como ao tecido ambiental e veciñal”.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Muíño Filgueira

Logo de escoitar ao Sr. Lema e, efectivamente, coincidindo con el en diferentes cuestións, entre elas o alcance a futuro e tamén a nivel de deseño dun modelo económico que realmente cumpra con ese criterio de resiliencia e que enlazara ben coas potencialidades e fortalezas de Galiza, pois, evidentemente, parecía importante, e así se reclamou dende o primeiro momento, pois que ese proceso de deseño de proxectos fora un proceso máis aberto, máis transparente e máis participativo.

Entre outras cousas, efectivamente, porque compartimos tamén esa preocupación de ser conscientes de que nun momento coma este ter a capacidade de acceder a fondos é importantísimo, pero tamén facendo a reflexión da importancia de deseñar un bo modelo que realmente non caía nesos erros pasados e que realmente sirva para crear unha estrutura realmente forte e de cara ao futuro, dado pois que, efectivamente, unha parte importante deses fondos están formulados en forma de

préstamo e que o bo dese proxecto que se deseñara agora vai minimizar ese impacto que poden ter as fórmulas de devolución e os efectos que previsiblemente poidan ter a nivel social, que xa temos a experiencia pasada doutras crises que, ao final, acaban pasando por sacrificios a nivel da cidadanía.

Nese sentido, e tamén vendo que os proxectos que se presentan, pois unha parte importantísima, están vinculados á colaboración entre o sector privado e que, ademais, se orientan a grandes proxectos liderados por grandes empresas, parece evidente que resulta importantísimo ese punto primeiro no seu apartado a), que fai referencia á aprobación dun marco normativo que realmente dea seguridade e que introduza esa visión que garante participación pública e, sobre todo, que as medidas que se desenvolvan estean en consonancia con eses valores paisaxísticos ambientais, sociais e culturais do territorio e que, ao final, non supoña isto un prexuízo, sobre todo a aquelas outras actividades vinculadas ao territorio que poden quedar afectadas pola decisión e tamén pola capacidade brutal destas grandes empresas.

Nese sentido, coincidimos no que é solicitar o desenvolvemento deste marco normativo e tamén, como non, co resto dos puntos que inciden nunha maior transparencia e dende logo nesa reclamación da participación de deputacións e concellos facendo parte da canalización deses fondos, que dende logo é a mellor forma de que realmente esta inxección económica capilarice realmente a sectores produtivos como Peme e autónomos.

Entón, nese sentido nós imos dar respaldo a esta moción.

#### Sr. Rodríguez Martínez

Bo día a todos. A verdade é que, en primeiro lugar, hai que dicir que recibimos a noticia desta moción incluso con certa ilusión, porque cando vimos que o grupo da Marea presentaba unha moción sobre os fondos europeos, pois a verdade é que pensamos que tería como obxecto reclamar un trato xusto para Galicia no reparto deses fondos, tendo en conta que a día de hoxe, tras o primeiro adianto de 10.000 millóns, pois a Galicia lle corresponde un 4,4%, o que se traduce en que a cada galego lle van corresponder nese primeiro reparto dos fondos 163 €, fronte a 252 que, por exemplo, lle van corresponder a cada valenciano, ou fronte aos 225 que lle van corresponder a cada catalán.

Neste sentido pensamos que, dende aquí, dende Galicia, dende todas as administracións, o que debe de saír é unha postura unánime ao redor do que xa ten manifestado o Goberno da Xunta neste sentido, dado que a día de hoxe seguimos sen saber de xeito oficial cales van ser os criterios de reparto nin como se vai garantir que as distintas comunidades autónomas vaian poder executar eses fondos nos seus ámbitos competenciais. Polo tanto, nós o que imos defender, e pensamos que todos deberíamos estar de acordo nisto, é uns criterios claros e que deben primar a igualdade de oportunidades entre as distintas comunidades e tamén a cohesión social e territorial, fixando, polo tanto, criterios claros que inclúan a dispersión da poboación, o reto demográfico, a transición industrial ou a dixitalización para reducir as diferenzas existentes nos niveis de renda das distintas rexións do Estado.

Polo tanto, non compartimos que estes criterios estean a ser fixados de xeito unilateral polo Goberno do Estado e pensamos que aí todos deberíamos ir cunha única voz.

Facía o señor Lema, facía referencia ás distintas reformas legislativas na súa moción que precederon a actual lei, da cal solicita a súa derogación, a derogación da Lei de simplificación administrativa. Aquí hai que ter en conta que, efectivamente, eu non lle vexo ningún problema a que todas aquelas iniciativas legislativas que se foron adoptando ao longo destes últimos anos, tan convulsos en materia económica, que sexan mellorables, por que non se vaian ir mellorando, non? E, que quere que lle diga?, chámenos clásicos, pero nós cando pensamos que unha lei se pode mellorar o que facemos é cambiala, non fomentar o seu incumprimento ou directamente saltala á toureira e, polo tanto, penso que isto é o que hai que facer, e ademais se temos por riba en conta que estamos nun contexto claramente marcado pola actual situación de pandemia mundial, e, polo tanto, esta Lei 9/2021, xa en vigor, pois ten como obxecto acompañar o proceso de transformación social e económica en Galicia nun contexto claramente marcado pola covid-19, procurando converter Galicia nun lugar atraente para investir.

E para isto a tramitación administrativa non pode ser un problema, polo que a lei o que fai é afondar nun acompañamento legal ás empresas para que, con total seguridade, poidan instalar o seu negocio no noso territorio de maneira áxil. Pero isto non ten ningunha incidencia, nin ten nada que ver con que iso non se faga coa total garantía xurídica, urbanística ou medioambiental que se vén facendo ata o de agora. Eu non podo compartir algunhas das cuestións que se din na moción sobre determinados proxectos ambientais, algúns, ademais, dos que podo dar testemuño en primeira persoa, nos que se vén amagando, ameazado con que isto vai facerse dando todas as facilidades para esnaquizar o medio natural na nosa terra, e que ao final quedan niso, en poñer vendas antes de feridas que en realidade nunca se chegan a producir.

Polo tanto, insisto en que esta lei non vai en menoscabo desas garantías e o que pretende é que o sistema empresarial galego permita crear oportunidades de emprego. E aí, entre outras medidas, o que se fai é poñer á disposición das empresas unha oficina Reactiva Galicia para levar a cabo todo ese proceso administrativo; reducir o prazo de tramitación nun terzo a través dunha xestión máis eficiente e eficaz, como pode ser a emisión simultánea de todos os informes da Administración autonómica cun prazo xeral de 3 meses; un único informe para varios trámites; silencio positivo con carácter xeral, etc. E dar, por suposto, prioridade aos proxectos que logren os fondos europeos, e en concreto a nova lei establece cales son os condicionantes para poder ser considerado un proxecto tractor, como vai ser un proxecto industrial e estratéxico e polo tanto supoñer un investimento de 20 millóns de euros ou a creación de 100 empregos e ser un proxecto susceptible de ser financiado a través dos fondos europeos Next Generation.

En relación con esta axilidade, o Goberno está a actuar coa máxima axilidade e mesmo incluso vén deixando, como recoñecía o propio grupo propoñente, en cuestión de días ou semanas, vén deixando fóra de xogo a propia moción porque é

evidente que onte mesmo se facía referencia a cales van ser eses proxectos nun primeiro avance de cales son os proxectos que a Xunta vai defender e que supoñen eses 20.000 millóns. Oxalá, oxalá efectivamente eses foran os millóns de euros que lle van corresponder a Galicia, pero, ben, non hai garantía nin tampouco temos noticias de que por desgraza así poida ser.

Fai referencia tamén na súa moción o señor Lema a esas fórmulas de participación cidadá. Menciona a desconfianza ou o descoñecemento sobre un comité de expertos. Eu entendo, porque nisto como en tantas cousas na vida hai comités e comités, e hai comités de expertos dos que non se coñece quen os forma ou se realmente ao final se forman ou non. Aquí si que está dispoñible quen forman ese comité de expertos na páxina web da Consellería de Facenda, e mesmo nos informes que se veñen emitindo, que veñen asinados por eses comités. Hai tamén unha comisión especial de reactivación económica, social e cultural no Parlamento de Galicia e, polo tanto, ese comité de expertos que vén formado por 10 membros reforzados por 7 altos cargos da Administración autonómica.

No que si coincidimos coa moción é realmente coa importancia de facer unha boa xestión destes fondos, e por iso tamén nós compartimos a preocupación que tamén trasladou o grupo propoñente sobre, por exemplo, ese ditame do Consello de Estado en relación aos defectos que encontra no decreto e que poden supoñer, efectivamente, ter unhas consecuencias claramente negativas.

Pero, ben, en todo caso, si que son estes uns fondos que nacen para dar resposta a unha nova realidade, marcada pola covid-19. É moi importante ter a capacidade de aproveitar esa oportunidade de acceder a eses fondos para facer fronte ao reto dende o punto de vista social, sanitario, económico, medioambiental, e, polo tanto, a Xunta o que vén de facer é intentar adiantar traballo e, polo tanto, o que vén de facer é de presentar onte uns proxectos aliñados cos obxectivos que marca Europa, co Plan de recuperación, transformación e resiliencia presentado polo propio Goberno e, polo tanto, unhas iniciativas viables, ben definidas e co grao de madurez na actualidade necesario agrupadas en catro eixos, que son: a modernización do tecido produtivo, transición dixital; un segundo eixo que é a mobilidade sustentable, a transición ecolóxica; un terceiro que é a cohesión territorial; e un cuarto que é a Administración dinámica.

Polo tanto, o que esperamos é que o Goberno rectifique e que estes fondos que poidan ter uns criterios que permitan que os proxectos que onte se presentaron, efectivamente, practicamente 20 millóns de euros; do total de iniciativas 247 teñen o sector público como principal motor, mentres que 107 son impulsadas polo tecido industrial e económico da comunidade galega, por certo representado nese comité tamén de expertos e tamén noutros ámbitos, polo tanto, ningún destes proxectos nace, nin sequera ten chegado ata o día de onte, no que foron presentados, sen que estea aberto a unha participación por parte de calquera sector, sexa cal sexa a entidade ou o tamaño de quen ten algún proxecto que propoñer.

E dicir simplemente tamén, respecto a inquiredanzas sobre os ámbitos nos que van incidir eses proxectos, que un 36% das iniciativas, ata un total de 126, responden a retos sobre a economía circular, a transición enerxética; a mobilidade sostible

abarca 32 proxectos, que é un 9% do total; a innovación dixital e a industria 4.0 conta con 56 propostas, o 16%; as cadeas de valor da industria de mar e agricultura representan unha de cada cinco iniciativas, 71 proxectos; e o ámbito dos coidados e a saúde un total de 69, que é o 19%.

A cifra, como xa se mencionou, 20.000 millóns, aínda que, insistimos, non parece que estea polo labor o Goberno de que poidan acadar estes proxectos, tendo en conta que para o total de España son 170.000 millóns, pero o que si penso que todos, coa Xunta á cabeza, debemos apoiar é a demanda de que se poida optar, se poidan pelexar todos estes proxectos nun marco de igualdade, xogando limpo e cunha concorrencia competitiva entre todas as distintas administracións que queiran, polo tanto, asistir a estas.

Coincidindo, como xa digo, nesta preocupación, o que por desgraza nesta ocasión non podemos apoiar é a moción, porque non concordamos nin coa necesidade ou con ese punto de que haxa que derrogar a recentemente aprobada Lei 9/2021, nin tampouco con que, efectivamente, sexa a Xunta quen teña que traballar, porque así é como o está a desenvolver a cabo neste ámbito de participación e transparencia no desenvolvemento dos seus proxectos que onte presentou.

Si coincidimos noutras cousas, e pensamos noutros aspectos e pensamos que imos ter a ocasión de defender entre todos e coa unanimidade que merece a ocasión, uns criterios xustos para Galicia e demandar, polo tanto, que se poida aspirar a que estes proxectos vexan a luz en condicións de igualdade co resto dos territorios do Estado. Máis nada e moitas grazas.

Sr. Rioboo Castro

Si, moitas grazas, presidente.

Nós dende o Grupo Socialista o certo é que estamos de acordo coa esencia da moción que presenta a Marea, dicirlle que xa nun dos puntos que traíamos a esta sesión plenaria hai unha certa relación no que manifestabamos acerca da importancia que teñen as deputacións na toma de decisións neste tipo de reparto de fondos e ademais cara a onde deben ir destinados e como deben ir destinados. Neste sentido, cremos que todas as administracións e todos os sectores sociais e políticos, sindicatos, etc., deberían estar coparticipando na toma de decisións, e é algo que precisamente por iso nós non lle diríamos que se derogara esa lei que veu de aprobarse no Parlamento galego e que non é máis que unha transposición da que xa se fixo en Madrid polo Goberno de Pedro Sánchez, con algúns matices que tanto ao BNG como ao Partido Socialista no debate parlamentario nos levaron a ter que votala en contra, e é precisamente por esa falta de participación que existe da realidade social que temos en Galicia, como as organizacións sindicais e empresariais, o sector agrario e pesqueiro, os consumidores, as universidades galegas, que cremos que deben estar tamén nesa coparticipación da toma de decisións.

En calquera caso, nós botamos en falta moitas cuestións nese aprobamento da lei. A súa derogación ao mellor retrasa, se cabe, moito o futuro, pero si que esa modificación urxente, tendo en conta eses parámetros e eses argumentos, esas

emendas que se facían por parte dos grupos progresistas, sería unha achega moi positiva que sen lugar a dúbidas redundaría nun mellor reparto deses fondos.

En calquera caso, nós non temos ningún inconveniente en subscribir e dalgún xeito dar un voto de confianza a esta moción, o que si estamos tristes é con ese acordo, con esa lei que se aprobou por parte do Partido Popular en Santiago no Parlamento galego, porque consideramos que ten moitas carencias, sobre todo no ámbito da participación de todo o tecido social de Galicia.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 14 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do PP, aproba a seguinte moción:

### **"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre fondos europeos**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, anunciou a principios de novembro unha nova "Lei de reactivación económica de Galicia", argumentando a súa necesidade na procura dunha axilización dos trámites administrativos que até o de agora veñen sendo requiridos na creación de empresas e que, segundo afirma, implican certos obstáculos e solapamentos innecesarios, así como duplicidades legais e administrativas.

Chama a atención que fose o propio Feijóo, como presidente do goberno galego, quen impulsara con obxectivos ou fins similares, as actuais leis que agora semella considerar insatisfactorias.

A primeira delas foi a Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica, orixe de toda unha serie de normativas que apostan por facilitar a implantación de "calquera actividade con seguridade xurídica". Esta lei, chegou a ser modificada en catro ocasións.

Apenas tiveron que pasar dous anos para que se aprobara unha nova Lei 1/2015 de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, coa que se colocaba o foco na axilización dos procedementos administrativos para que a "tramitación administrativa non fose un problema", tal e como expresaba o mesmo Feijóo cando insistía de novo na necesidade de ofrecer ás empresas unha maior "seguridade xurídica" para instalarse en Galicia.

E outros dous anos máis tarde, aínda sería preciso aprobar unha última Lei 5/2017 de fomento da implantación de iniciativas empresariais, amplamente criticada, e popularmente coñecida como 'Lei de depredación de Galicia', coa que teimaba na

procura da 'seguridade xurídica' e na constitución dun "marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza" para seguir apoiando ás empresas. Unha lei que en menos de tres anos precisou ser modificada en tres ocasións.

Malia as consistentes ansias legislativas que pretenden garantir a tan desexada "seguridade xurídica", co anuncio desta nova lei de 'reactivación', o goberno galego demostra non estar plenamente satisfeito, nin coa simplificación de trámites, nin coas facilidades concedidas ás empresas para instalarse no noso país. Tal é así, que o presidente volve esgrimir compulsiva e obstinadamente os mesmos argumentos, como a "diminución da xestión burocrática da Administración pública autonómica".

Tendo en conta os antecedentes do corpo legislativo de Feijóo -e os efectos que teñen provocado no territorio galego-, non sorprende que o tecido asociativo veciñal, ambientalista e social sospeite das intencións que motivan ao goberno da Xunta e do Partido Popular a levar adiante a súa proposta. Por todo o país, esténdese a desconfianza cara un goberno que, coa súa lexislación, procurou amparar proxectos de megaminería, de novas instalacións eólicos planificadas sen consenso ou permitir a instalación de vertedoiros en núcleos rurais habitados.

Numerosos colectivos de base consideran que o auténtico propósito da Xunta é o de restrinxir, e mesmo eliminar, o dereito de acceso á documentación pública sobre determinadas iniciativas empresariais, social e ambientalmente agresivas, que ao Partido Popular tanto lle gusta amparar, cando non incentivar.

Por todo o exposto propónse ao Pleno da Deputación Provincial da Coruña o seguinte acordo:

1.- Instar á Xunta de Galiza a:

- a) Aprobar un marco normativo que , derogando a Lei 9/2021, estea destinado a acadar unha transición enerxética xusta e democrática , no que sexa garantida a participación pública , a participación cidadá e a preservación dos valores paisaxísticos, ambientais, sociais e culturais do territorio.
- b) Facer pública a composición do comité de expertos que aconse llou ao goberno galego para o reparto dos fondos Next Generation nesta primeira fase e amplialo para o seguimento do control e execución dos proxectos presentados . Dito comité debe ampliarse de maneira que a súa composición sexa o máis representativa po síbel da sociedade galega, incluíndo sectores coma o pesqueiro , o agrario, o forestal, sindical, as pemes, ONGs e colectivos da sociedade civil organizada.
- c) Facer pública a relación de propostas incluídas dentro da candidatura Estratexia Next Generation Galiza, así como os criterios de selección e conformación da mesma, así como asumir o compromiso de informar periodicamente sobre o seguemento da mesma.

2.- Instar aos gobernos do Estado e Xunta de Galiza a aprobar e executar un modelo de gobernanza de xestión dos Fondos Next no que as entidades locais, concellos e

Deputacións, teñan asegurada a súa participación efectiva na toma de decisións e seguemento dos mesmos.

3- Dar conta deste acordo a todos os grupos con representación no Parlamento de Galiza e nas Cortes Xerais , aos gobernos da Xunta de Galiza e do Estado , así como ao tecido ambiental, social e veciñal."

### **3.Moción que presenta o grupo provincial de Alternativa dos Veciños sobre a seguridade viaria na estrada provincial da Deputación da Coruña DP-5810 Rúa Casares Quiroga**

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada que vai de Coruxo de Arriba a Montrove, DP-5810 de gran tránsito tanto de vehículos como de viandantes, require urxentemente que se aborde unha ampliación do vial desde a Deputación, dotándoo de beirarrúas ou beiravías, no tramo que transcorre pola fronte do Pazo de Marcial Adalid, dada o seu angostura xa que nestes momentos non chega a ter un ancho superior aos catro metros, sendo un vial de dobre sentido da circulación.

Estas melloras foron solicitadas en distintas ocasións polo concello de Oleiros, achegando leste un anteproxecto valorado por importe de 145.348,78 € así como o solo necesario para a ampliación, ben por cesión ou expropiación aos veciños por parte do mesmo concello, sen que neste momento exista traba algunha, para que dita obra poidase realizar.

Polo exposto o grupo provincial de Alternativa dos Veciños solicita ao Presidente do Pleno Provincial o seguinte:

#### ACORDO

1.- Proceder á contratación das obras necesarias para realizar esta obra no presente exercicio.

#### Sr. García Seoane

Ben, a moción vaise retirar porque, feita a xestión na Comisión o outro día e posteriormente na Deputación, esta era unha demanda que levo máis de tres anos detrás dela, unha estrada cunha importancia moi grande aquí dentro do Concello de Oleiros, que é unha estrada que usa a maior parte da xente que vén ao municipio, principalmente no verán pero tamén no inverno, porque agora nos inundan cada fin de semana, e escapan por esa estrada, ten un tráfico enorme, é unha estrada que une Montrove con Santa Cruz, unha estrada cun tráfico moi forte, non só de coches senón tamén peonil. E tiña unha zona fronte ao pazo de Marcial del Adalid que tiña 4 m de ancho que creou un montón de accidentes ao longo destes últimos anos e que, como digo, demandara varias veces, suxerírase por parte da área de Obras Públicas da Deputación que xestionáramos o terreo, aínda que é unha estrada provincial,



xestionamos o terreo, entregamos o terreo e non hai ningún problema para que a obra se faga, é unha obra ademais moi sinxela, que non acada nin os 200.000 €, para unha estrada estamos falando dunha obra moi sinxela. Polo tanto, como se acordou que se vai abordar, pois retiro a moción.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

### **I.Moción presentada polo grupo provincial do PSdG-PSOE sobre a Lei de igualdade de trato e non discriminación.**

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 16 de febreiro, o pleno do Congreso dos Deputados aprobou a toma en consideración da proposta de lei integral para a igualdade de trato e non discriminación (122/000121) presentada polo grupo parlamentario socialista. Unha proposta que non é nova, constitúe unha demanda e unha iniciativa que levamos tentando promover dende hai unha década e que na lexislatura anterior quedou truncada pola disolución das Cortes pola convocatoria electoral. Agora, o Congreso dos Deputados deu paso a un proceso de aprobación dun marco lexislativo para a igualdade de trato e prevención da discriminación.

Aínda que as razóns que xustifican o impulso da lexislación no campo da igualdade de trato son permanentes e propias dunha sociedade moderna, plural e democrática, aumentan e maximizan a súa urxencia no actual contexto de tensión e radicalización, coa presenza da extrema dereita nas institucións: por iso é máis necesario que nunca que España se dote de ferramentas e dun marco legal que melloren a convivencia e garantan o dereito á diversidade.

A iniciativa lexislativa que xa se está a tramitar no Congreso ten a vocación de converterse no mínimo normativo común que conteña as definicións fundamentais do dereito antidiscriminatorio español e, ao mesmo tempo, albergue as súas garantías básicas:

A dificultade na loita contra a discriminación non radica tanto no recoñecemento do problema como na protección real e efectiva das vítimas.

Con este marco, adaptámonos ás normas europeas para deixar de ser unha excepción na UE en medidas de igualdade de trato, prevención e loita contra o discurso de odio.

A aprobación desta lei é o cumprimento dun compromiso de igualdade e con pleno respecto aos Dereitos Humanos, incluído nos últimos programas electorais, nas Resolucións do 39 Congreso e no Acordo de investidura do Goberno de coalición.

É unha lei para protexer e garantir os dereitos da maioría da poboación porque todos, nalgún momento da nosa vida, estamos expostos a sufrir algún tipo de discriminación. Impedir todas as formas de discriminación, o que leva á exclusión e estigmatización en áreas como o emprego, a educación, a deliberación pública, a atención social, o acceso á xustiza, as redes sociais, a seguridade cidadá e incluso á intelixencia artificial.

É xusto lembrar que a sociedade española é tolerante e débese sinalar o enorme

progreso que se produciu nos últimos anos. Precisamente por este progreso producido, debemos ser esixentes e lembrar que a maioría das agresións quedan impunes, ben porque non se denuncian (só se presentaron 1.746 denuncias durante 2019 segundo os datos oficiais do Ministerio do Interior) e, se van a xuízo, na gran maioría dos casos, arquívanse nos xulgados debido á falta dun marco legal claro sobre estes feitos e os procesos asociados a eles.

E o que é máis importante, non se trata só de recoñecer o tipo, as circunstancias e os tipos de discriminación no marco xurídico, senón porque necesitamos concienciar, analizar e previr para evitar a súa existencia. É por iso que este valor de tolerancia presente xa na nosa sociedade no que debemos avanzar, esixindo a España que se equipe con ferramentas e un marco legal que melloren a convivencia e garantan o dereito á diversidade. Se non prevemos, sensibilizamos, mediamos e protexemos ás vítimas, a lei penal chegará moi tarde, ademais de que non todo debe abordarse desde o punto de vista penal.

Estes conceptos non son alleos ao noso marco de convivencia, xa que o Dereito ao respecto, á dignidade da persoa e o Dereito á igualdade de trato xa están incluídos na Constitución, pero en moitas ocasións este dereito non está garantido e é iso o que se pretende con esta importante iniciativa legislativa. E debemos facelo para estar en sintonía con Europa porque non podemos ser un dos poucos países do entorno europeo que non completou á adaptación da normativa europea. E atrevémonos a dicir que o fagamos dende o consenso que as grandes organizacións sociais e cívicas tamén reclaman con razón este avance.

Hai voces críticas que aspiran a que a lei sexa de carácter orgánico e que inclúa moito máis contido relacionado cos delitos de odio, pero trátase de ser posibilista, e de abrir as portas ás demandas dos colectivos, que logo gozará a maioría da sociedade e esta non sexa unha excepción. Tal como foi a lei do divorcio, o aborto, a violencia contra as mulleres, a identidade de xénero, o matrimonio igualitario e máis recentemente a eutanasia. Coa composición actual do Congreso dos Deputados, a vía máis áxil é lograr a aprobación dunha lei de carácter integral, garantista que regule os comportamentos indesexables que teñen lugar no emprego, na educación, na sanidade, na prestación de servizos sociais, no acceso a bens e servizos dispoñibles para o público e a publicidade, en certas áreas da vida política, cultural e social ou ante novos retos como as redes sociais e mesmo a intelixencia artificial.

Por todo iso, o grupo provincial PSdeG-PSOE propón ao Pleno a adopción dos seguintes

#### ACORDOS

- Instar ao Congreso dos Deputados e aos diferentes grupos parlamentarios a que, no menor tempo posible, completen o traballo de preparación e aprobación da Lei de Igualdade de Trato e non Discriminación.

- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a iniciar os traballos no menor tempo posible para presentar nun prazo non superior a tres meses, despois da aprobación da Lei de Igualdade de Trato, as medidas legislativas e administrativas que no marco das súas competencias fagan referencia á futura nova Lei de Igualdade de Trato e non

Discriminación.

Sra. Lamas Villar

Bo día de novo, e, como xa estaba comentando, a Lei para igualdade de trato e non discriminación, que foi presentada polo Grupo Socialista, non é unha demanda nova, é unha iniciativa que levamos intentando promover hai máis dunha década, pero que se viu truncada en dúas ocasións por mor das convocatorias electorais, e agora o Congreso dos Deputados deu o paso a un proceso de aprobación dun marco lexislativo para a igualdade de trato e a prevención da discriminación.

Aínda que as razóns que xustifican o impulso da lexislación no campo da igualdade de trato son permanentes e propias dunha sociedade moderna, plural e democrática, aumentan e maximizan a súa ausencia no contexto actual de tensión e radicalización, e, por que non dicilo, coa presenza da extrema dereita nas institucións.

Por iso entendemos que é máis necesario que nunca que España se dote de ferramentas e dun marco legal que melloren a convivencia e garantan o dereito á diversidade. A iniciativa lexislativa, que xa se está a tramitar no Concello, ten a vocación de converterse no mínimo normativo común que conteña as definicións fundamentais do dereito antidiscriminatorio español e, ao mesmo tempo, albergue as súas garantías básicas. É unha lei para todos e para todas, porque non estamos ningún exento de que nalgún momento da nosa vida esteamos expostos a sufrir algún tipo de discriminación. Busca impedir todas as formas de discriminación, o que leva á exclusión e a estigmatización en áreas como o emprego, a educación, a deliberación pública, a atención social, o acceso á xustiza, a redes sociais, seguridade cidadá e incluso intelixencia artificial.

Se ben é certo todo o anterior, tamén é xusto lembrar que a sociedade española é tolerante e débese sinalar o enorme progreso que se produciu nos últimos anos. Precisamente por este proceso producido debemos ser moi exixentes e lembrar que a maioría das decisións quedan impunes, ben ou porque non se denuncian ou porque, se van a xuízo, na maioría dos casos arquivanse debido á falta dun marco legal sobre os feitos e os procesos asociados a eles.

E, o que é máis importante, non só se trata de recoñecer o tipo e as circunstancias, os tipos de discriminación no marco xurídico, senón porque necesitamos concienciar, analizar e previr para evitar a súa existencia. É por iso que neste valor de tolerancia presente xa na nosa sociedade no que queremos avanzar esiximos que España se equipe coas ferramentas e o marco legal que mellore a convivencia e garanta o dereito á diversidade.

Estes concellos non son alleos, evidentemente, ao noso marco de convivencia, xa que o dereito respecto á dignidade das persoas e o dereito á igualdade de trato xa están incluídos na nosa Constitución. Pero en moitas ocasións este dereito non está garantido, e iso é o que se pretende con esta importante iniciativa lexislativa. E debemos facelo para estar en sintonía con Europa porque somos dos poucos países no noso entorno que non completou neste sentido a adaptación á normativa europea.

Por todo isto, o Grupo Provincial do PSdG-PSOE propón ao Pleno a adopción dos seguintes dous acordos:

1. Instar o Congreso dos Deputados e os diferentes grupos parlamentarios a que no menor tempo posible completen o traballo de preparación e aprobación da Lei de igualdade de trato e non discriminación.
2. Instar o Goberno da Xunta de Galicia a iniciar os traballos no menor tempo posible para presentar nun prazo non superior a tres meses despois da aprobación da Lei de igualdade de trato as medidas lexislativas e administrativas que no marco das súas competencias fagan referencia á futura Lei de igualdade de trato e non discriminación.

Para rematar, non quería deixar a oportunidade de recordar neste Pleno a figura de Pedro Zero, gran loitador pola igualdade e precursor desta proposta de lei. Nada máis e moitísimas grazas.

Sr. Lema Suárez

Grazas, presidente. Hai unha moción que presentou o noso grupo, non sei se a admite ou non a representante do Partido Socialista.

Sr. Presidente

Unha emenda, queres dicir?

Sr. Lema Suárez

Si, unha emenda, si.

Sra. Lamas Villar

Sr. Lema, a Lei de igualdade de trato e non discriminación leva xa un longo camiño, como recordaba anteriormente, que é unha proposta de hai máis dunha década. Goza dun amplo respaldo e urxe a súa tramitación, como así nolo reclaman moitísimos colectivos, como o Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade.

A lei á que ti fas referencia, de igualdade real e efectiva das persoas trans, xa ten iniciado tamén o seu procedemento, e entendemos que non procede agora mesmo mesturar os debates, por iso non aceptamos a emenda.

En todo caso e, por suposto, se a proposta do teu grupo traedes mesmo no próximo Pleno, unha moción para debatelo, non temos ningún inconveniente, pero non vemos que sexa procedente incluílo nesta moción. Grazas.

Sr. Lema Suárez

Grazas, Sra. Lamas. Nós lamentamos que non se aceptase, imos votar favorablemente igualmente á moción que presenta o Partido Socialista, e digo que

imos lamentalo porque nós pensamos que a ninguén se lle escapa que sobre esta cuestión, sobre a cuestión das dúas leis que tiñan unha tramitación en paralelo, tanto politicamente como administrativamente, pois se suscitou, eu creo que se trasladou un debate moi duro, moi divisorio ao movemento feminista, que creo que pouco favor se lle fixo dalgunha maneira dividindo agora mesmo o que antes era un movemento sen dúbida unido e un movemento que creo que ademais era dos que con mellor vigor defendía a igualdade, xa non só de xénero, senón a igualdade social fronte ás teses, por exemplo, da extrema dereita. Creo que foi unha desafortunada actuación, e non vou aquí agora a situala nunha posición neutral, simplemente me vou referir aos seus efectos, un desafortunado uso partidista destas cuestións que, finalmente, acabaron por dividir o que antes estaba unido.

Eu non teño, digamos, ningún motivo para opoñerme á moción e ao contido da moción que hoxe presenta o Partido Socialista, non creo que existan tampouco motivos para reclamar o mesmo trato á lei, á lei trans que se está tramitando tamén, que aínda non chegou ao trámite parlamentario. En todo caso, facer un chamamento á recuperación da unidade, hai moitos dereitos que están aínda por recuperar. Pensamos que calquera destas dúas leis suporía, é un supor, un paso adiante, e tamén a recuperar o sentido de unidade do movemento feminista, que agora mesmo penso e creo que, os acontecementos do pasado 8 de marzo son unha mostra palpable, agora mesmo está en situación de división, que creo que cómpre curar canto antes, e para iso penso que non se debería facer, entre partidos que se identifican en opcións progresistas, un campo de batalla desta situación, que creo que deu lugar a unha lamentable división dentro dun corpo que ata agora penso que actuou cunha gran unidade.

En todo caso, como dixen antes, imos votar a favor da moción.

Sra. García Couso

Ola, moi bos días a todos e a todas. Grazas, presidente.

Ben, pois tal como menciona na exposición de motivos a moción do Partido Socialista, cómpre deixar claro que a igualdade de trato e non discriminación non son principios novos no noso ordenamento xurídico. Cómpre recordar, de feito, que a igualdade fronte a lei, así como a non discriminación, témola moi clara no artigo 9 e no artigo 14 da nosa Carta Magna do ano 78. Tanto é así, que ese amparo é o máximo e, polo tanto, os dereitos están sometidos, de igualdade e de non discriminación, están sometidos a xuízos sumarísimos e gozan da aprobación do Tribunal Constitucional.

Respecto ao primeiro punto da moción que nos trae hoxe aquí a Pleno, no que se insta os grupos parlamentarios á aprobación desta Lei de igualdade, cabe puntualizar, dende o noso punto de vista, algunhas cuestións.

Todos nesta casa creo que temos escoitado e tamén defendido, entre as que me inclúo, o principio de autonomía local, é dicir, o principio de defensa das nosas competencias. Non obstante, a pesar de ser este principio, como digo, un dos máis mencionados, e que comparto persoalmente, a moción que se nos presenta hoxe aquí

formula un evidente conflito competencial, xa que un concello ou unha deputación, como é o caso, non é un órgano que ten competencia lexislativa para instar a un grupo parlamentario a que no menor tempo posible aprobe unha lei, simplemente, como digo, é que non se posúen as competencias de iniciativa lexislativa que residen neste momento, no noso marco xurídico, nas Cortes Xerais.

Ademais, non podemos obviar sinalar que o PSOE nacional ocupa actualmente a Moncloa, o Goberno do Estado, teña que valerse da presentación dunha moción como esta para impulsar a aprobación dunha proposición de lei. É algo que o compañeiro Alberto Lema viña un pouco a deixar na súa intervención, que houbo bastante conflito coas últimas proposicións deste tipo en Madrid.

O máis recomendable é que este tipo de conflitos entre socios de Goberno, é dicir, entre os dous partidos que están actualmente gobernando en Madrid, como dixo anteriormente, pois solucionen os seus conflitos no Consello de Ministros e non o traian e o escenifiquen porque o normal, como dixo a compañeira Ana Lamas, é que, se é unha iniciativa que leva polo menos máis dunha década, creo recordar, 13 anos, na axenda do Partido Socialista, se faga mediante un proxecto lei, que é a iniciativa que ten o Goberno para levar adiante e executar a súa axenda.

Dito o anterior, tampouco podemos deixar de destacar que, antes de aprobar calquera iniciativa deste tipo, botamos de menos que se achegue o texto que se pretende incentivar, o borrador da lei, porque non é canto menos asequible ou entendible votar a cegas un texto lexislativo. Xa sei que está colgado como proposta de lei no Congreso dos Deputados, pero, en todo caso, eu creo que é un rigor que non se pode deixar de atender na presentación deste tipo de propostas.

E en canto ao segundo punto do acordo, que é instar o Goberno da Xunta a iniciar os traballos no menor tempo posible para presentar nun prazo non superior a tres meses, despois da aprobación da Lei de igualdade de trato, as medidas lexislativas e administrativas que no marco das súas competencias fagan referencia á futura norma Lei de igualdade e trato de non discriminación, seguimos un pouco nesta liña. Se non se aproba a lei, que aínda está actualmente en fase de emenda na Comisión de Igualdade e, polo tanto, aínda terá un percorrido no Congreso dos Deputados, de nada serve, ao noso xuízo, solicitar ao Goberno galego que desenvolva as medidas relacionadas coa futura norma. Polo tanto, ao noso xuízo, como digo, é máis prudente agardar a que se aprobe e, unha vez analizado o texto, no caso de aprobarse, analizar o contido e adaptar as medidas que, como lei básica, entendo e que terá que facer a Xunta de Galicia.

Tampouco está de máis lembrar que ás veces é bo predicar co exemplo, e dígoo nun ton amplamente construtivo en materias que entendo que o noso país leva traballado no marco xurídico, e na nosa autonomía hai exemplos diso. No Pacto de Estado, co actual Goberno central, o Partido Socialista asinou, estando na oposición, neste caso non estaba gobernando, como agora, unha serie de medidas que se apoiaron de maneira unánime para saír adiante. Ben, levamos dous anos e medio e seguimos esperando a que esas medidas, que están incluídas e recollidas no Pacto de Estado, teñan amparo por parte do Executivo nacional, o cal resulta significativo que se inicien outros camiños sen pechar outros. Ao mellor hai que ir pechando o

básico e axudando a tecer os vimbios para unha lexislación neste sentido, pero non sen concretar.

Por todo o que antecede, e podíamos falar tamén da opinión xurídica que lle merece a xuristas de recoñecido prestixio o borrador desta norma, desta proposta de lei, no que din ás veces en certas cuestións que obvian estratexias que a Comisión Europea xa ten publicado, en concreto a Estratexia para a igualdade de xénero 2020-2025, ou o Plan antirracismo tamén 2020-2025 da Comisión Europea, que non están recollidos na norma que se pretende aprobar, e que o obvian dalgunha maneira, o cal non sería tampouco beneficioso.

Como digo, poderíamos debater máis en profundo, pero como entendo que haberá unha segunda rolda de intervencións, o que vou adiantar é que o noso voto, a nosa posición ímola deixar en mans de quen lle corresponde, que neste caso é ao Grupo Parlamentario Popular no Congreso dos Deputados, e anunciamos aquí nesta sede o noso voto en contra. Máis nada e moitas grazas.

#### Sra. Muíño Filgueira

Tal e como se comenta na moción, o 16 de febreiro o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou a toma de consideración da proposta de Lei integral para a igualdade de trato e non discriminación. Na nosa parte, dicir que nos parece unha lei necesaria e, evidentemente, consideramos que temos por diante os diferentes grupos políticos o traballo necesario para que o proceso que agora mesmo está aberto cos prazos xa publicados pois poidamos ir facendo as nosas achegas, concretamente falando en nome do BNG, dicir que o texto que se presenta, á nosa consideración, debe ser completado e enriquecido para que poida contemplar aspectos que ao noso modo de ver son importantes e no que, dende logo, considero que o BNG e o resto dos grupos neste período de traballo xa establecido van ir avanzando nas súas achegas.

O que desexamos é que, chegado o momento, pois todas aquelas emendas que presente o BNG agardamos que sexan ben acollidas por parte do Goberno e contempladas para a mellora dunha proposta que sen lugar a dúbidas, ao noso entender, é necesaria e que tamén coincidimos, Sra. Lamas, en que debería estar o Estado español dotado cunha ferramenta dese tipo que incida nunha maior protección das vítimas de calquera tipo de discriminación, e máis un pouco se vemos o contexto no que nos estamos movendo na actualidade, na que se dan continuos actos de discriminación aínda nos propios parlamentos, cando vemos como nos diriximos mesmo con comentarios certamente machistas e despectivos a ministras sen ningún tipo de pudor ou alcance, ou como nas universidades alumnado se ve discriminado polo emprego do que é a nosa lingua propia.

Nese sentido, dicir que, sendo unha medida que nos parece importante, o que entendemos é que o que hai que dar é o tempo a que se desenvolva e poder falar dun texto xa definitivo sobre o que chegará un momento pois que, en función do que se enriqueza, os grupos se posicionarán. Nese sentido, cun prazo que xa está na páxina do Congreso con tempos definidos, pois pareceunos prudente agardar a que se finalice. Polo tanto, en relación a esta moción, o noso posicionamento vai ser o de

abstención.

Sra. Lamas Villar

Simplemente, agradecer por unha parte con respecto ao grupo de En Marea o voto favorable, pero si que lamentar que un tema como este, que é unha lei necesaria, urxente e importante, e que goza dun amplo consenso, o debate se vexa embarrado por outro tema. O debate da Lei trans entendemos que tamén é moi importante, pero tamén é complexo e, por suposto, cremos que debe ser obxecto dun debate paralelo.

Con respecto á intervención da compañeira do Partido Popular, si que, beno, comentar a miña sorpresa sobre o conflito competencial, que entendemos que a importancia do tema fai que sexa, por suposto, pertinente o debate neste foro. E sobre o que instamos a Xunta de Galicia, a verdade é que o que comentas xa queda perfectamente reflectido na proposta de acordo, que di que insta a Xunta de Galicia a iniciar os traballos no menor tempo posible, unha vez aprobada a Lei de igualdade de trato na parte nacional, e que as medidas lexislativas administrativas no seu marco das competencias. Polo tanto, a sorpresa polo comentado pola portavoz do Grupo Popular. Grazas.

Sra. García Couso

Moi brevemente, presidente, grazas.

Só dicirle á compañeira do Partido Socialista que se supón que ese comentario que fixen relativo á Xunta de Galicia ten que ver co primeiro argumento, é dicir, vai todo en bloque. E, por outra parte, tamén recordarlle o amplo labor que a Xunta de Galicia leva feito con lexislación adaptada tanto polo Decreto lexislativo de igualdade entre mulleres e homes, que tamén se transvasa ao ámbito laboral na Lei de emprego de Galicia.

Máis nada e reiterarme na primeira intervención. Moitísimas grazas.

Vótase a ratificación da urxencia.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

Procédese a votar a moción

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 12 deputados/as (10 do PSOE, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 14 deputados/as (PP)

Abstéñense: 4 deputados/as (BNG)



Rexéitase a moción.

## ROGOS E PREGUNTAS

### Sr. Presidente

Hai dúas preguntas e un rogo presentadas pola Marea Atlántica, Sr. Lema.

(Abandona a sesión o Sr. García Seoane)

### Sr. Lema Suárez

Empezo polas preguntas presidente.

A primeira pregunta é: O pasado 25 de marzo no *Boletín Oficial da Provincia* publicáronse as bases reguladoras das bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos para o ano 21 e das bases reguladoras das bolsas de investigación para o mesmo ano. Entón, atopamos no artigo 2.º destas bases a seguinte cláusula: "2.1. Ter menos de 36 anos na data de finalización do prazo de solicitudes".

E hai que dicir a todo isto que na páxina 150 da acta do Pleno celebrado o pasado 26 de xuño de 2020, a deputada Sandra González afirmaba que tomaría en consideración para as seguintes convocatorias a proposta do Grupo Provincial da Marea Atlántica de eliminar este requisito, porque unha bolsa de ampliación de estudos, por definición, debería incluír a persoas que xa teñen rematados os estudos, a súa primeira formación e, polo tanto, permitir que accedan a elas persoas dunha idade superior.

A respecto do exposto, trasladamos a seguinte pregunta: por que motivo se reiteran os requisitos de idade para o acceso ás ditas bolsas toda vez que se teñen denunciado as inequidades que provoca e que a deputada de área se comprometeu a tomar en consideración para a súa eliminación?

### Sra. González Castro

Bo día a todos e todas. Como falamos no Pleno do 26 de xuño, creo recordar, de 2020, este equipo de Goberno, señor Lema, tomou en consideración os seus argumentos en canto ao límite de idade das bolsas, e, logo de estudar con detenimento a súa proposta, atopamos que a bagaxe académica e profesional entre os distintos aspirantes é moi dispar, polo que á hora de valorar os ítems establecidos para xerar a puntuación definitiva dos aspirantes, o resultado resultaba moi desequilibrado, e as persoas de maior idade, como entende, parten cunha bagaxe maior e, debido a esa experiencia, á formación adquirida ao longo dos anos, digamos que teñen unha grande vantaxe. Polo tanto, chegamos á mesma conclusión que o ano anterior, despois de darlle voltas ao tema, eu cumpro co compromiso que adquirín ese día nese pleno, recórdoo perfectamente e créame que estudamos con detenimento as súas propostas, pero este Goberno quere favorecer o acceso ás bolsas á xente

moza, unha xente moza que consideramos que precisa máis que nunca o apoio institucional para xerar oportunidades, e que é un apoio que se traduce nesa investigación e ese perfeccionamento artístico.

Teño tamén que sinalarlle, quero que teña en conta que, unha vez rematada a convocatoria de 2020, despois do Pleno no que faláramos deste tema, no que se introduciu o límite de idade, falamos cos tribunais e estes valoraron moi positivamente esa introdución do límite de idade, así como o baremo diferenciado por idades, pois isto posibilita unha concesión máis equitativa das bolsas, o cal permite que as persoas máis novas, que son as que máis precisan as bolsas, poidan acceder a elas.

O que quero tamén recordar, supoño que o viron nas bases que saíron onte, e que me parece moi importante destacar, é que nesta convocatoria se incrementaron 5 bolsas para o perfeccionamento de estudos artísticos, que pasan a ser agora 25. Ademais, incrementouse o importe destas bolsas e quedan en 10.000 € por cada bolsa. Resulta un total de 250.000 € para perfeccionamento de estudos artísticos e 200.000 € para as de investigación.

En fin, por todo o dito, como vostede sabe, ademais de todo o comentado, a Deputación ofrece tamén outro tipo de axudas, subvencións, incluso premios, onde se valora a traxectoria profesional dos potenciais solicitantes, e estas si, estas axudas si apoian a outros tramos de idade, e por isto mesmo nós quixemos poñer a prioridade na mocidade, porque vemos que hai outras axudas, outras subvencións, que xa apoian a persoas doutros tramos de idade nesta mesma Deputación. Nada máis, moitas grazas.

#### Sr. Lema Suárez

Manifestarlle a miña sorpresa, señora García, porque para iso non se comprometa vostede. Dígame que non comparte os meus argumentos, como acaba de facer, que ten vostede outros que considera máis validos, pero non se comprometa a revisalos, porque isto vai xerar, non digo xa unha expectativa frustrada, senón un prexuízo, saberá vostede que as bolsas son plurianuais, para aquelas persoas que anteriormente, superando esa idade, ese baremo dos 36 anos, que non sei moi ben por que 36 anos é a idade que diferenza entre moza e menos moza, pero ben é unha cuestión máis ou menos arbitraria, pero estalles xerando vostede un prexuízo a aquelas persoas que tiña lexitimamente unha expectativa de poder completar os cursos aos que lle deran acceso estas bolsas, que eran bianuais; e, polo tanto, creo que lexitimamente hai un interese frustrado, non digo un dereito, incluso diría que tal vez un dereito, pero interese frustrado destas persoas.

Os criterios técnicos que vostede expón, que algún deles pode parecer ou pode semellar razoable, como que aquelas persoas que teñen máis idade teñen máis formación, home, eu creo que é un pouco estraño que se penalice o exceso de currículo nunha convocatoria pública, señora García. Eu a verdade é que é a primeira vez que escoito un argumento semellante. Ben, pois se as persoas resulta que están máis cualificadas non será unicamente como consecuencia da súa maior idade, senón tamén do seu interese en continuar a súa formación. Eu creo que tamén iso hai que recoñecelo e ten que ter unha ponderación positiva.

E finalmente dicirlle que equiparar unha bolsa a un premio non é en absoluto, non é posible, ou sexa, un premio ten outra finalidade, que é recoñecer entre unha concorrencia aquel proxecto e dotalo dun recoñecemento público, e unha bolsa de formación ten outro tipo de finalidade.

E, insisto, que son para as persoas que xa non son novas, por iso lles chaman de ampliación de estudos, que xa se supón que xa completaron os seus estudos na fase que fora, e por iso digo que lamento a decisión que tomaron, aínda que, ten vostede os seus argumentos, pero insisto en que hai unha serie de persoas que se van sentir lexitimamente danadas no que entendían que era o seu dereito.

Nada máis e corto, grazas.

(Abandona a sesión o Sr. Taboada Vigo)

#### Sra. González Castro

Simplemente, nada non teño máis nada que... Trátase de poñer o foco, nós vémolos como poñer o foco nestas bolsas, concretamente nese tramo de idade que consideramos que eran os máis necesitados, si se tivo en consideración, eu quero que me crea cando lle digo que estudamos todos os argumentos que vostede expuxo xa no Pleno do ano pasado, comprométinme e cumprín co meu compromiso. Pero se, unha vez estudados os datos que eu teño, me levan a chegar á mesma conclusión, pois non lle podo dicir outra cousa ao respecto máis que o que lle dixen e nese momento teño que reiterarme niso, señor Lema.

E non soamente hai premios nesta Deputación, hai outro tipo de axudas, como dicía, hai bolsas de Cultura e outras moitas que, así como nós ao mellor poñemos o foco no estudante, pois tamén temos outras axudas nesta Deputación para traballadores, emprendedores..., habería moito que falar. Puxen o exemplo dos premios, como podo poñer os PEL ou como podo poñer outros.

Creo que no punto no que estamos poñendo a prioridade o enfoque é un criterio que, neste caso ao mellor podemos discrepar un pouco, pensamos que os maiores de 36 anos afectados son mínimos e se realmente da maneira en que se estaba valorando ata o de agora había moita xente nova prexudicada, con moita capacidade, con moi bos currículos, que quedaban sen a oportunidade de acceder a estas bolsas. Esta é a razón, moitas grazas.

#### Sr. Presidente

Sr. Lema, hai un rogo.

#### Sr. Lema Suárez

Grazas a ti, Sra. González. A seguinte pregunta é: que criterios estableceu o Goberno provincial para facer a súa oferta pública de emprego do presente ano?

### Sr. Leira Piñeiro

Bo día a todos e a todas. Xa foi un tema que foi de novo comentado persoalmente tamén co Sr. Lema, pero en calquera caso dicir que a Lei de orzamentos de 2021 contempla a estabilización de emprego temporal para as prazas ocupadas temporalmente e ininterrompidamente nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2017. Por isto, a Deputación incluíu no proceso de especialización as prazas ocupadas con anterioridade a esta data, do 1.01.2015.

Estamos a falar de máis de 100 traballadores nesta ratio, pero, á súa vez, aprobou a oferta de emprego para a quenda libre e que podería optar por ofertar as prazas ocupadas por interinos que levan menos tempo e os que levan máis tempo.

Tendo en conta todo isto, foi formulado polo Goberno modificar a data para estabilizar e optouse por incluír os de menor antigüidade, sen incluír neste caso os interinos ingresados en 2015, 2016 e 2017, para que si puideran estabilizar; e a oferta de emprego o que fai é incluír neste caso aos de 2018 en adiante, de xeito libre e, tendo en conta estes datos, pensemos que son máis de 200 persoas ás que estamos a ter en conta para que poidan estabilizar por este procedemento que acabo de comentar sen ter que incluílos na oferta de emprego de xeito directo.

Aínda así, sabemos que se está negociando no Estado e, se houberse algún cambio que fose beneficioso neste caso, por suposto, para este colectivo de interinos, así o fariamos, e non caiba dúbida de que, neste sentido, somos moi sensibles co que é o persoal, o presidente xa facía mención antes aos distintos cambios que facemos continuamente, en función ademais dos servizos que dá a Deputación e así o seguiremos a facer. Vimos de aprobar unha valoración de postos de traballo que leva moitos anos esperando, e para nós, non lle caiba a menor dúbida, Sr. Lema, ti sabes perfectamente que neste caso o persoal, digamos, é un colectivo prioritario para o día a día da Deputación, repito, pero seguiremos atentos a esta negociación que puidese haber no Estado e, se é favorable a estes interinos, que son, repito, de 2018 en adiante, pois tamén tomaríamos medidas nese sentido. Pero que non caiba a menor dúbida de que esta oferta de emprego é totalmente vantaxosa para a gran maioría dos interinos que de momento prestan servizos na Deputación.

### Sr. Presidente

Hai un rogo tamén, Sr. Lema.

### Sr. Lema Suárez

Eu doume por satisfeito coa resposta do Sr. Leira e espero que os representantes sindicais tamén, e como recomendación xa a procura do maior consenso posible porque é necesario nesta cuestión tan sensible como a oferta pública de emprego.

O rogo é o seguinte: durante as obras de acondicionamento financiadas por esta Deputación dentro do convenio de acondicionamento do Centro Cultural Santo Domingo e cine Alfonsetti, no concello de Betanzos, un dos lavadoiros situados no

recinto, que ademais é parte do convenio, está completamente inutilizado. O lavadoiro público das Cascas é parte do patrimonio provincial e data do ano 1902. Instamos, por tanto, ao Goberno provincial a que interveña para frear o seu deterioro e se acondicione para recuperar o seu uso por parte de todos os veciños.

Nada máis e moitas grazas.

#### Sr. Leira Piñeiro

Dicía que eu me interesei por este tema, porque nos preocupa. En calquera caso, imos ver, é unha actuación que vén dentro dos distintos POS ao longo dos anos e que o concello de Betanzos estima oportuno investir nel a base de distintos investimentos ao longo destes anos, e xa dende o 2013, a última foi en 2018.

Imos ver, o que é o lavadoiro en si foi restaurado en distintos momentos e foi, incluso, facendo actuacións concretas por algún tipo de deterioro. Pero ben é certo que, ademais as fotografías que recibimos, Sr. Lema, son claro exemplo de que isto foi debido a un aumento da densidade do río, é dicir, o río aumentou e o que fixo foi embarrar ese lavadoiro. Aínda así é unha responsabilidade directa do concello de Betanzos, é certo que foi dentro da actuación do POS, pero, en calquera caso, non hai tal deterioro no lavadoiro. Nese sentido, tamén hai que ser responsables, senón que foi máis debido ás inclemencias e a elevada capacidade que levaba o río nun momento determinado.

#### Sr. Presidente

Grazas, Sr. Lema. Algún rogo máis ou pregunta?

Pois moitísimas grazas a todos, boa fin de semana.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 14:13 horas.